



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

2022-2023

CEIP FILOMENA DATO

ÍNDICE

1. Introducción.

2. Obxectivos xerais.

2.1. Obxectivos metodolóxicos.

2.2. Obxectivos de traballo en equipo.

2.3. Obxectivos sobre os órganos de goberno.

2.4. Obxectivos relacionados coa administración.

3. Obxectivos específicos.

4. Plan de actuación dos órganos colexiados e do equipo directivo.

4.1. Equipos de gobernó.

5. Cadro de organización pedagóxica.

6. Horario escolar do centro.

7. Programación e calendario de reunión dos órganos de goberno e de coord. Docente.

8. Quendas de profesores.

9. Obxectivos de Ciclo.

- **E. Infantil.**

- **E. Primaria.**

1º Nivel E. Primaria.

2º Nivel E. Primaria

3º Nivel E. Primaria.

4º Nivel E. Primaria.

5º Nivel E. Primaria.

6º Nivel E. Primaria.

- **Lingua estranxeira: Inglés.**

- **Sección Bilingüe.**

- **Relixión Católica.**

- **Educación Física.**

- **Segunda Lingua estranxeira: FRANCÉS.**

- **Educación artística : Música e Danza.**
- **10. Plan anual actividades Orientación.**
- **11. Programación xeral da unidade de pedagogía terapéutica.**
- **12. Programación xeral da aula de audición e linguaxe.**
- **13. Equipo de Dinamización da lingua galega.**
- **14. Addenda ao Proxecto lingüístico.**
- **15. Plan de Biblioteca.**
- **17. Plan de dinamización das TIC.**
- **18. Plan de dinamización da Convivencia escolar.**
- **19. Plan do Comedor escolar.**
- **20. Equipo de actividades complementarias e extraescolares.**
- **21. Participación do profesorado en programas ou proxectos de innovación Educativa.**
- **22. Plan de utilización das instalacións do Centro.**
- **23. Plan de Autoprotección do Centro.**
- **24. Plan de actividades propostas pola ANPA.**
- **25. Plan xeral de avaliación do centro.**
- **26. Avaliación individualizada de 3º de E. Primaria.**
- **27. Propostas de accións de mellora dos resultados da avaliación de 3º de primaria.**
- **28. Libros de texto.**
- **29. Anexo: Concreción anual Plan Xeral de Atención á Diversidade.**

1. INTRODUCCIÓN

A presente Programación xeral anual, foi elaborada polo Equipo Directivo en colaboración co profesorado do centro, tendo en conta a lexislación vixente. Plasma e define a organización pedagóxica do centro, o funcionamento dos distintos órganos e elementos e as actividades previstas para o presente curso 2022/23. Partindo dos obxectivos que se propoñen, configura o marco que se considera adecuado para a consecución dos mesmos. Por esto, constitúe o punto de referencia de toda a actividade do colexio, ao tratarse dun documento que recolle as decisións que afectan á organización e funcionamento do centro para o presente curso académico.

Esta programación ten como marco legal toda a normativa vixente en materia educativa e tenta adaptarse ás características propias do C.E.I.P. Filomena Dato e da súa contorna. Cabe destacar a introducción da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE) en toda a Educación Primaria.

Con respecto á situación sanitaria provocada pola Covid-19, teremos en conta as instrucións que poidan xurdir ao longo do curso.

Esta PXA estará suxeita aos cambios necesarios marcados por ditas instrucións..

Dentro dos obxectivos que o Equipo Directivo propón para o presente curso atópanse:

- Impulsar a formación permanente do profesorado e facilitar a constitución de grupos de traballo.
- Desenvolver coordinadamente as actividades do centro.
- Manter e incrementar na medida do posible as relacións con outras institucións.
- Levar a cabo o correcto exercicio das competencias dos distintos órganos de goberno.
- Estimular a participación de todos os sectores da comunidade educativa na vida escolar.
- Poñer en práctica o PAT para favorecer un clima positivo de convivencia e resolución de conflitos pacíficamente.
- Modificar o Proxecto Educativo do Centro e os Proxectos Curriculares segundo a Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), modificada nalgúns puntos pola LOMLOE.
- Realizar un proxecto a nivel de centro favorecendo o traballo cooperativo.
- Promover a participación dos alumnos/as en actividades e concursos variados, propostos por as distintas institucións.
- Conseguir o maior número posible de recursos para o centro.

Unha vez aprobada pola Dirección do centro, esta velará polo cumprimento da PXA. Estará a disposición da comunidade educativa para a súa consulta.

O Equipo Directivo e todos os profesores/as con responsabilidades na coordinación docente, velarán para que se cumpra o programado no ámbito da súa responsabilidade, efectuando unha avaliación continua ao longo do curso e realizando as revisións e modificacións oportunas.

2. OBXECTIVOS XERAIS

Os nosos obxectivos para este curso académico son os seguintes:

- Continuar cos hábitos de hixiene para previr o Coronavirus.
- Potenciar o respecto mútuo entre todos os membros da comunidade educativa:
 - Igualdade de xénero.
 - Resolución pacífica de conflitos.
- Dinamizar o funcionamento da Biblioteca do centro como elemento clave no desenvolvemento docente e cultural do centro.

Potenciarase o uso da Biblioteca escolar facilitando o emprego de todo tipo de soportes de consulta.

- Fomentar e integrar na práctica docente o potencial metodolóxico e didáctico das TIC's.

Tomaremos como referencia o Plan TIC do centro para potenciar o emprego das TIC's como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe.

- Ter en conta o Departamento de Orientación como un órgano dinamizador da vida do Centro.

Facilitarase o traballo do Departamento de Orientación na dispoñibilidade de espazos, tempos ou materiais así como a colaboración coas propostas do mesmo para fomentar a participación do resto do profesorado.

- Potenciar ao máximo a adquisición das competencias clave dos nosos alumnos/as.
- Facilitar o desenvolvemento de programas específicos de aprendizaxe para o alumnado procedente do estranxeiro.
- Iniciar ao centro no deseño universal para a aprendizaxe.

2.1. OBXECTIVOS METODOLÓXICOS

- Crear un clima de tranquilidade, respecto, diálogo, sinceridade e comprensión, establecendo canles de participación democrática na vida escolar.
- Continuar, en torno á afectividade, cun ambiente positivo e de respecto ás normas de convivencia vixentes no Centro.
- Traballar a igualdade de xénero, tanto en Educación Infantil como en Primaria, para previr situacións de discriminación sexista no futuro.
- Crear un entorno escolar limpo, ordenado e saudable que lles sirva de modelo, fomentando o respecto e coidado das instalacións e do material.
- Promover que alumnado e pais/nais valoren a escola como instrumento útil á sociedade.
- Fomentar a participación na escola de toda a comunidade educativa.
- Potenciar o uso de metodoloxías que favorezan a adquisición de aprendizaxes significativos e das competencias clave.
- Traballar por proxectos e desenrolar o traballo cooperativo.
- Fomentar nos nosos alumnos/as o respecto polo medio ambiente e participar en actividades e concursos relacionados co mesmo.

2.2. OBXECTIVOS DE TRABALLO EN EQUIPO

- Potenciar a función das titorías establecendo plans coordinados de acción titorial e canles de comunicación familia-profesorado.
- Crear entre todos/as no Centro un clima que favoreza o traballo en común e o intercambio libre de experiencias e ideas, sendo necesario o cumprimento puntual de reunións de nivel, ciclo e claustro para coordinar o traballo na programación horizontal e vertical.
- Aunar criterios no método de lecto-escritura levado a cabo no centro, fomentando o interese pola lectura e á escritura e incluílo no Proxecto lector.
- Realizar cursos de formación ofertados polo CFR necesarios para a actividade lectiva non presencial: páxina web, aula virtual.

2.3. OBXECTIVOS SOBRE OS ÓRGANOS DE GOBERNO

EN XERAL

- Velar pola efectiva realización dos fins da educación e da mellora da calidade do

ensino, garantindo a igualdade de oportunidades.

- Establecer canles de información e participación para que toda a comunidade se sinta responsable do funcionamento do Centro.

UNIPERSOAIS

- Favorecer unhas boas relacións entre todos os membros da comunidade escolar.
- Recoller as demandas (materiais, burocráticas, persoais...) da comunidade educativa, procurando resolvelas.
- Promover a renovación das instalacións e equipamento do centro e vixiar a súa conservación.
- Realizar unha previsión de orzamentos para cubrir as necesidades e aproveitar ao máximo as posibilidades económicas.
- Establecer contactos con institucións e entidades culturais do contorno que favorezan ao centro.

CLAUSTRO

- Potenciar a función das titorías establecendo plans coordinados de acción tutorial e canles de comunicación familia-profesorado.
- Buscar iniciativas que fagan funcionar mellor o centro en calquera dos seus aspectos.
- Analizar e organizar o tempo dispoñible cara unha maior rendibilidade.
- Coñecer e analizar as funcións de cada un dos membros da comunidade escolar establecidas pola lei vixente.

CONSELLO ESCOLAR

- Establecer canles que permitan unha maior comunicación entre pais/nais e o centro.
- Establecer estreitas relacións co Concello e as Institucións Públicas e Privadas do Municipio, co obxectivo de integrar verdadeiramente á escola na súa contorna e ofrecer a alumnos/as todas as posibilidades que teñen arredor.
- Entender o Consello Escolar como un órgano de decisión, facilitando ao resto dos membros da comunidade escolar a súa comprensión, cunha liña de traballo transparente e aberta.
- Nomear una persoa, dentro da Comisión de Igualdade, para velar pola igualdade no centro.

A.N.P.A.

- Favorecer a comunicación e confluencia de obxectivos centro-ANPA.
- Promover a participación dos pais/nais nas actividades organizadas polo centro de conformidade coa lei.
- Fomentar a colaboración entre todos os membros da comunidade educativa.
- Coñecer, analizar e dar a coñecer os dereitos e deberes de toda a comunidade educativa.

2.4. OBXECTIVOS RELACIONADOS COAS ADMINISTRACIÓNS

EN XERAL

- Continuar mellorando o aspecto físico do colexio, tanto externo como interno.
- Conseguir o compromiso do Concello, de velar polo coidado das instalacións.
- Propoñer ao Concello a realización de actividades, tanto escolares como extraescolares, que resulten motivadoras para o noso alumnado.

OBXECTIVOS ADMINISTRATIVOS

- Colaborar coa administración educativa en toda aquela información, documentos e plans que requiran.
- Manter, preservar e potenciar o galego como lingua de información e comunicación, tanto na expresión escrita como oral.
- Potenciar a informatización do centro.

SOBRE RELACIONES HUMANAS E PERSOAL DE SERVIZOS

- Poñer en coñecemento da comunidade educativa as NOFC como xeito de unificar criterios para as actuacións e organización de toda a comunidade escolar.
- Poñer o centro ao servizo da comunidade con fins educativos, velando pola súa mellora e máximo aproveitamento das instalacións.
- Mellorar a limpeza exterior do centro.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

NECESIDADE	OBXECTIVO	ACTUACIÓN	RESPONSABLE	RECURSOS
PE, PC PLAN DE AUTOPROTECCIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Revisar os proxectos educativos e curriculares do Centro. ▪ Levar a cabo o plande autoprotección 	Reunións de Nivel e Ciclo, recollendo e aplicando a experiencia diaria na posible adecuación.	Comisión de Coordinación Pedagóxica. Equipo Directivo	Material bibliográfico. Proxecto xa elaborado.
Informatizar o Centro	Continuar informatizando.	Solicitar equipos e apoio do responsable Abalar de zona	Equipo directivo e Administración.	Os que considere a Administración e material diverso

4 PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DO EQUIPO DIRECTIVO

Segundo as funcións que os órganos teñen establecidas pola lexislación vixente, a nosa liña de traballo partirá da avaliación das necesidades do centro, da súa contorna e da sociedade. Buscaremos a participación de toda a comunidade educativa: alumnado, pais/nais e mestres/as.

Estableceremos as canles necesarias para recoller as súas suxerencias e aportacións, para colaborar na toma de decisións sobre estas, e na execución das mesmas.

Propomos unha liña de traballo que esixirá de todos/as un espírito aberto e de cooperación activa, así como a superación das diferencias de parecer na procura dun consenso, co fin de avanzar nun proxecto común de escola.

Centraremos o noso esforzo para conquistar unha acción coordinada, traballando dende a

perspectiva dos valores e dunha educación integral.

A nivel de pais/nais e alumnos/as, fomentaremos a relación co centro impulsando as actividades e as canles necesarias para esto.

Farase unha avaliación periódica das deficiencias detectadas para a corrección das mesmas.

4.1. EQUIPOS DE GOBERNO

UNIPERSOAIS

Directora:	Patricia Piñeiro Losada
Xefe de Estudos:	Cristalina Pérez González
Secretaria:	M ^a del Mar Velasco Arias

COLEXIADOS

CONSELLO ESCOLAR

Presidenta:	Patricia Piñeiro Losada
Xefa de Estudos:	Cristalina Pérez González
Secretaria:	M ^a del Mar Velasco Arias
Mestres:	Luz Álvarez Domínguez Laura Pazos Pascual Ángel María Gómez Blanco M ^a Rosa Vázquez Santos
Representante ANPA Pais/nais	Montserrat Sales Rodríguez Eva M ^a Rivera Rodríguez Susana Conde Bóveda Mónica Vázquez Caride Yanet Neira Rodríguez
Concello	Margarita Pérez Fernández
Persoal non docente	Patricia Rodríguez Matanza

COMISIÓN ECONÓMICA

Presidenta:	Patricia Piñeiro Losada
Secretaria:	M ^a del Mar Velasco Arias
Mestre:	Laura Pazos Pascual
Pais/nais:	Eva M ^a Rivera Rodríguez

COMISIÓN DE CONVIVENCIA

Presidenta	Patricia Piñeiro Losada
Xefe de estudos	Cristalina Pérez González
Mestres	Ángel M ^a Gómez Blanco
Orientadora	Celsa Pérez López
Pais/nais	Mónica Vázquez Caride
Persoal non docente	Patricia Rodríguez Matanza
Concello	Margarita Pérez Fernández

COMISIÓN DE IGUALDADE

Directora:	Patricia Piñeiro Losada
Xefe de estudos:	Cristalina Pérez González
Secretaria:	M ^a del Mar Velasco Arias
Mestre:	Laura Pazos Pascual
Pais/nais:	Susana Conde Bóveda
Concello:	Margarita Pérez Fernández

5 CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

PROFESORADO

EQUIPOS

- Infantil: coordinado por : Carmen Martínez López

4º E. Infantil: María Calviño Husillos
Mercedes Ferreiro Salgado

5º E. Infantil: Cristalina Pérez González
Luz Álvarez Domínguez

6º E. Infantil: Francisco Javier Iglesias Pérez
María Belén Rodríguez Zorelle

Apoio E. Infantil: Carmen Martínez López
Mª Rosa Vázquez Santos

1º Nivel de E. Primaria: Lorena Fernández Rodríguez
Ángeles Levón Rodríguez

2º Nivel de E. Primaria: Cristina Fernández Feijoo
Aúrea Caride Crespo

3º Nivel de E. Primaria: Nuria Feijoo Fernández
Emilio González Rodríguez

4º Nivel de E. Primaria: Mª Dolores Rodríguez Bolaño
Carmen Mosquera Lorenzo

5º Nivel de E. Primaria: Celsa Vide Loureiro
Jorge Regal Lamelo

6º Nivel de E. Primaria: Patricia Piñeiro Losada
Mª Gemma Atanes Salgado

- Equipo de Dinamización da lingua galega: Nuria Feijoo Fernández
- Actividades Complementarias e Extraescolares: Laura Pazos Pascual
- Departamento de Orientación: Celsa Pérez López

- Dinamización das TIC : Andrés Ramos Ayora
- Dinamización da Convivencia Escolar : Celsa Pérez López
- Dinamización Biblioteca Escolar : Áurea Caride Crespo

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Coordinadora: Nuria Feijoo Fernández

María Calviño Husillos
 Rosa M^a Losada Rodríguez
 Lorena Fernández Rodríguez
 M^a de Mar Velasco Arias
 Yolanda Llorente Cuesta
 Ana M^a Patao García

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Coordinador: Laura Pazos Pascual

M^a Gemma Atanes Salgado
 Lorena Fernández Rodríguez
 Carmen Martínez López
 M^a Dolores Rodríguez Bolaño

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

Presidenta:	Patricia Piñeiro Losada
Xefe de Estudos:	Cristalina Pérez González
Orientadora:	Celsa Pérez López
Coord. E. Infantil	Carmen Martínez López
Coordinadora 1º Ciclo:	Lorena Fernández Rodríguez
Coordinadora 2º Ciclo:	M ^a Dolores Rodríguez Bolaño
Coordinadora 3º Ciclo:	M ^a Gemma Atanes Salgado
EDNL :	Nuria Feijoo Fernández

Dinamización Biblioteca: Áurea Caride Crespo
Dinamización Convivencia: Celsa Pérez López
Dinamización TIC: Andrés Ramos Ayora
Actividades C. e Extra: Laura Pazos Pascual

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Xefa de departamento: **Celsa Pérez López**

Mestra de PT 1: Ana M^a Patao García

Mestra de PT 2 (afín AL): Yolanda Llorente Cuesta

Mestra de Atención Preferente : Rosa M^a Losada Rodríguez

Mestre de AL: Aarón Bernárdez Pérez

Coordinadora de infantil: Carmen Martínez López

Coordinadora 1º Ciclo: Lorena Fernández Rodríguez

Coordinadora 2º Ciclo: M^a Dolores Rodríguez Bolaño

Coordinadora 3º Ciclo: M^a Gemma Atanes Salgado

DINAMIZACIÓN DAS TIC

Dinamizadora: **Andrés Ramos Ayora**

M^a Gemma Atanes Salgado

Luz Álvarez Domínguez

M^a Rosa Vázquez Santos

Carmen Mosquera Lorenzo

Cristalina Pérez González

Jorge Regal Lamelo

Celsa Vide Loureiro

DINAMIZACIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR

Dinamizador: **Celsa Pérez López**

M^a Ángeles Levon Rodríguez

Ángel María Gómez Blanco

Emilio González Rodríguez

Francisco Javier Iglesias Pérez

M^a Belén Rodríguez Zorelle

Patricia Portela Iglesias

M^a Dolores Rodríguez Bolaño

DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

Dinamizador: **Aurea Caride Crespo**

Aarón Bernárdez Pérez

Cristina Fernández Feijoo

Mercedes Ferreiro Salgado

Héctor Manuel Parga Pedreira

Carmen Martínez López

Laura Pazos Pascual

Patricia Piñeiro Losada

TITORÍAS:

EDUCACIÓN PRIMARIA	
6º A	María Gemma Atanes Salgado
6º B	Patricia Piñeiro Losada
5º A	Celsa Vide Loureiro
5º B	Jorge Regal Lamelo
4º A	M ^a Dolores Rodríguez Bolaño
4º B	Carmen Mosquera Lorenzo
3º A	Nuria Feijoo Fernández
3º B	Emilio González Rodríguez
2º A	Cristina Fernández Feijoo
2º B	Aúrea Caride Crespo
1º A	Lorena Fernández Rodríguez
1º B	M ^a Ángeles Levon Rpdriíguez
EDUCACIÓN INFANTIL	
6º INF A	Francisco Javier Iglesias Pérez
6º INF B	María Belén Rodríguez Zorelle
5º INF A	Cristalina Pérez González
5º INF B	Luz Álvarez Domínguez
4º INF A	María Calviño Husillos
4º INF B	Mercedes Ferreiro Salgado
Apoio Inf.	Carmen Martínez López
Apoio Inf.	María Rosa Vázquez Santos

PROFESORADO ESPECIALISTA

Inglés : Patricia Portela Iglesias e Andrés Ramos Ayora

Francés: Carmen Mosquera Lorenzo

Música e Danza: M^a del Mar Velasco Arias

E. Física: Héctor Manuel Parga Pedreira e Laura Pazos Pascual

Relixión: Ángel M^a Gómez Blanco

Pedagogía Terapéutica: Ana M^a Patao García e Yolanda Llorente Cuesta

Audición e Linguaxe: Aarón Bernárdez Pérez

Orientadora: Celsa Pérez López

PERSOAL NON DOCENTE

- Atenden os servizos dependentes do Concello no C.E.I.P. Filomena Dato ("Bos Días Cole", mudas escolares e conserxería):

Jordi Castaño Piñeiro

M^a Inés Toyos Rodríguez

Susana Requejo Ribao

- Persoal de cociña:

Cociñeira: Patricia Rodríguez Matanza.

Auxiliares de cociña: Isabel Padrón Cid e Esperanza Pastoriza Cordeiro.

- Coidador:

Alberto Dasilva Domínguez.

6 HORARIO ESCOLAR DO CENTRO

O horario do centro de setembro a xuño é de 09:15 horas a 14:15 horas.

Adicación do profesorado os martes pola tarde: 15:30 a 18:30 horas.

XORNADA DE SETEMBRO A XUÑO	
1ª SESIÓN	9:15 – 10:10
2ª SESIÓN	10:10 – 11:05
3ª SESIÓN	11:05 – 12:00
RECREO	12:00 – 12:30
4ª SESIÓN	12:30 – 13:25
5ª SESIÓN	13:25 – 14:15

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

DIRECCIÓN, XEFATURA DE ESTUDOS E SECRETARÍA: De luns a venres dentro do horario lectivo, nas horas estipuladas no cadro de cargos directivos.

7 PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DE REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E DE COORDINACIÓN DOCENTE

DISTRIBUCIÓN HORARIA DOS MARTES POLA TARDE REUNIÓN

HORAS	1º MARTES	2º MARTES	3º MARTES	4º MARTES
15,30 – 16,30	Reunión por ciclos e niveis	C.C.P		Plans dinamizacións (TICS, EDLG, Biblioteca, Convivencia..)
16,30- 17,30 Coordinac. PT/AL e xefa departamento orientación D.ORIENTACIÓN	Claustro e Reunións informativas ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES
17,30 – 18,30	TITORÍAS PAIS/NAIS (titorías presencias, telefónicas ou videoconferencias)			

Realizarase unha reunión de principio de curso cos pais/nais/titores de alumnos/as, en Ed. Infantil e en Ed. Primaria.

8 QUENDAS DE PROFESORES

As quendas están organizadas con grupos de profesores/as, segundo a lexislación vixente, un

profesor/a por 50 alumnos/as en Educación Primaria, e un profesor/a por 25 alumnos/as en Educación infantil.

Hai tres quendas con profesorado fixo en cada unha delas.

9 OBXECTIVOS DE CICLO

EDUCACIÓN INFANTIL

EDUCACIÓN INFANTIL

Este curso o alumnado de Educación Infantil está distribuído en :

- Dúas aulas de tres anos con 11 alumnos/as cada unha.
- Dúas aulas de catro anos con 14 alumnos/as cada unha.
- Dúas aulas de cinco anos con 21 alumnos/as cada unha .

O equipo de Educación Infantil está formado por oito mestre/as: seis titor/as e dúas mestras de apoio. Dado que a xefa de estudos do centro é membro do equipo de infantil, para cubrir as súas horas de cargo directivo, tamén impartirán docencia na Educación Infantil mestres de primaria que contan con dispoñibilidade horaria (dúas horas semanais un mestre de ensino primario en 5º de infantil A, e seis horas semanais a profesora de E.F. de primaria en toda a etapa de infantil impartindo psicomotricidade).

Foi decisión do equipo que durante o período de adaptación as mestras de apoio permanezan nas aulas de tres anos mentres estean os nenos e nenas no colexio, pasando a desenvolver o seu horario normal en canto estes se marchen as súas casas.

Contamos con profesorado especialista en inglés que impartirá unha hora semanal a cada grupo, en dúas sesións de media hora. Tamén contamos con especialista en relixión que impartirá naquelas aulas onde haxa alumnado con dita materia.

Segundo o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, o fin desta etapa é contribuír ao desenvolvemento integral e harmónico do alumnado en todas as súas dimensións: física, emocional, sexual, afectiva, social, cognitiva e artística, potenciando a autonomía persoal e a creación progresiva dunha imaxe positiva e equilibrada de si mesmo, así como á educación en valores cívicos para a convivencia.

Consideramos como obxectivo prioritario a total integración dos nenos e nenas no centro, que os conduza a unha adecuada cohesión do grupo e favorecer as relacións persoais entre tódolos compoñentes, de cara a un desenvolvemento maduro equilibrado, tendo en conta as características persoais.

Para o logro dos obxectivos fixados no Decreto, organizaremos os contidos arredor das áreas de :

a) Comunicación e Representación da Realidade.

b) Crecemento en Harmonía.

c) Descubrimento e Exploración da Contorna.

Iniciaremos o desenvolvemento das competencias básicas para que a súa adquisición se realice de forma progresiva e coherente.

1-Competencia en comunicación lingüística(CCL):.

Contribuiremos á mellora desta competencia fomentando a participación, respectando a diversidade de respostas e ofrecendo un clima no que se anime a ler, conversar e favorecer unha aproximación á lingua escrita.

2- Competencia plurilingüe (CP).

Iniciaremos o contacto con linguas e culturas distintas da familiar, co fin de fomentar nas nenas e nos nenos as actitudes de respecto e aprecio pola diversidade lingüística e cultural, así como o interese polo enriquecemento do seu repertorio lingüístico. Promovendo o diálogo e a convivencia democrática

3- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).

Iniciaremos aos nenos e nenas nas destrezas lóxico-matemáticas e no pensamento científico a través do xogo, da manipulación e da realización de experimentos sinxelos. Estimularemos, desde un enfoque coeducativo, a curiosidade das nenas e dos nenos por entender a súa realidade, incitándoos a observar, clasificar, cuantificar, construír, facerse preguntas, probar e comprobar, para entender e explicar algúns fenómenos da contorna natural próxima e iniciarse no aprecio polo medio ambiente e na adquisición de hábitos saudables. Para o desenvolvemento desta competencia clave, préstaselle unha especial atención á iniciación temperá en habilidades numéricas básicas, á manipulación de obxectos e á comprobación de fenómenos.

4- Competencia dixital (CD).

Propoñemos un uso saudable e responsable das ferramentas dixitais. A integración destas ferramentas nas actividades, experiencias e materiais da aula poden contribuír a aumentar a motivación, a comprensión e o progreso na adquisición de aprendizaxes das nenas e dos nenos.

5- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).

Favoreceremos o recoñecemento, expresión e control progresivo das emocións e sentimentos dos nenos e nenas en si mesmos e nos demais, desenvolvendo actitudes de comprensión e empatía. Así como o descubrimento dunha contorna diferente á familiar e a aprendizaxe en sociedade, mentres comparten experiencias e cooperan de forma construtiva. Para iso, as nenas e os nenos comezan a poñer en marcha recursos persoais e estratexias que lles axudan a desenvolverse na contorna social cunha progresiva autonomía e a resolver os conflitos a través do diálogo nun contexto integrador e de apoio.

6- Competencia cidadá (CC).

Contribuiremos ao desenvolvemento desta competencia ofrecendo modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, igualdade, inclusión e convivencia e que ofrezan pautas para a resolución pacífica e dialogada dos conflitos. Fomentaremos un compromiso activo cos valores e coas prácticas da sustentabilidade e do coidado e a protección dos animais, a través da adquisición de hábitos saudables e sustentables a partir de rutinas que as nenas e os nenos irán integrando nas súas prácticas cotiás. Así crearemos comportamentos respectuosos con eles mesmos, cos demais e co medio, que preveñan condutas discriminatorias de calquera tipo.

7- Competencia emprendedora (CE).

Contribuiremos a mellorar esta competencia permitindo ás nenas e nenos imaxinar, emprender accións, desenvolver proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza e responsabilidade.

8- Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

Procuraremos que o centro estea aberto as diferentes manifestacións culturais e artísticas, converténdose nun espazo no que se aprecie e goce coa arte e coas manifestacións culturais e potenciando o emprego de recursos da expresión artística para realizar creacións propias.

METODOLOXIA

Os principios metodolóxicos que enmarcarán a nosa acción pedagóxica basearanse nun ambiente de aprendizaxe relaxado e de confianza mantendo relacións interpersoais con seguridade e responsabilidade en grupos estables de convivencia.

Adaptaremos os materiais curriculares ás características e necesidades específicas do alumnado.

En canto ao tempo na xornada escolar combinaremos tempos de rutinas con outros de actividades específicas.

Os contidos estarán organizados cun enfoque globalizador en base a pequenos proxectos educativos no que o centro de interese será elixido polos nen@s en base a súa curiosidade con propostas didácticas que partan de situacións globais.

Avanzaremos cara novas competencias respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Ofreceremos situacións de aprendizaxe nas que poidan tomar decisións, facer propostas con estratexias como formular preguntas abertas, expresar as súas opinións... Partiremos das posibilidades de razoamento e aprendizaxe e dos coñecementos previos dos nenos e nenas.

Destacamos o xogo como actividade propia desta etapa e fonte primordial de pracer e desenvolvemento harmónico. Mentres xogan manipulan obxectos, deseñan situacións, expresan a súa emotividade manifestando a través do xogo as súas vivencias.

Levaranse a cabo actividades que sexan adaptadas ao noso alumnado fóra do centro educativo (saídas, visitas, teatro...).

O papel d@s docentes será de animadores/as e estimuladores/as da creatividade dos alumnos e alumnas.

Consideramos esencial, manter un contacto estreito coas familias, xa que son unha parte esencial no proceso de ensino aprendizaxe.

AVALIACIÓN

A avaliación será global (referida aos obxectivos da etapa, adecuándoos ás características do centro e do alumnado). Terá un carácter continuo, posto que os mestres/as, recolleremos de forma continua información sobre o proceso de ensino aprendizaxe; e formativa, xa que nos proporciona información para mellorar os procesos e os resultados ao analizar, detectar e valorar o desenvolvemento do alumnado e as súas aprendizaxes.

Os titores/as recollerán a información proporcionada polos outros profesionais que participan no proceso educativo de cada grupo, e coordinarán o proceso, deixando constancia por escrito, do grao de adquisición das aprendizaxes de cada neno e nena e das observacións oportunas. Recolleranse os progresos de xeito cualitativo, e se é o caso, das medidas de reforzo e adaptacións efectuadas.

Como fontes de información e técnicas avaliativas, utilizaremos a observación directa e sistemática, a información aportada polas familias, a análise das producións das nenas e nenos e a información aportada polos mestres/as que inciden na aula.

Teremos en conta aspectos como o clima escolar, a interacción entre o alumnado, a relación alumnado/profesorado, a coordinación entre o profesorado de ciclo e interciclos, a calidade e cantidade de relacións coas familias, e a adecuación das propostas pedagóxicas e metodolóxicas.

En canto ás sesións de avaliación realizaremos unha inicial e tres mais ao longo do curso, nas que os titores/as se reunirán co resto dos profesionais que atenden ao grupo.

A avaliación será continua ao longo de todo o proceso, e estará baseada na observación, na reflexión, na produción dos traballos e na autoavaliación do proceso, o que permitirá introducir as modificacións oportunas.

Utilizaremos como documentos de avaliación os modelos establecidos nos anexo II do DECRETO 150/2022, do 8 de setembro de 2022, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Do mesmo xeito os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos das áreas da etapa nas avaliacións continua e final das áreas serán os criterios de avaliación que figuran tamén no devandito anexo II.

EDUCACIÓN PRIMARIA

1º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Neste nivel hai matriculados a día de hoxe 27 alumnos/as:

- 1º A: 14 ALUMNOS/AS. Titora: Dona Lorena Fernández Rodríguez
- 1º B: 13 ALUMNOS/AS. Titora: Dona M^a Ángeles Levón Rodríguez

Imparten tamén docencia neste nivel, os seguintes mestres:

- Don Ángel M^a Gómez Blanco, Relixión.

- Dona Laura Pazos Pascual, E.F.
- Dona Patricia Portela Iglesias, Lingua Estranxeira (inglés).
- Dona M^a del Mar Velasco Arias, Música.

En 1º intervén, ademáis, a seguinte mestra especialista:

- Don Aarón Bernárdez especialista en A.L.
- Dona Ana M^a Patao García especialista en P.T.
- Don Jorge Regal Lamelo , titor de 5º
- Rosa Losada Rodríguez, P.T. de atención preferente.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS POR ÁREAS

Matemáticas:

- Coñecer e construír os números do 0 ao 99. Orde, valor e cifra.
- Adquirir o coñecemento de unidades e decenas.
- Coñecer o número anterior e posterior ata o 99.
- Iniciación e resolución sumas con e sen levadas ata o 99.
- Iniciación e resolución de restas sen levadas.
- Resolver problemas sinxelos empregando a suma e/ou a resta.
- Recoñecer e debuxar figuras planas: círculo, cadrado, triángulo e rectángulo.
- Diferenciar e debuxar liñas abertas/pechadas, curvas e rectas.
- Identificar cilindro, cono e esfera.
- Iniciarse no uso de unidades de medida naturais.

L. Galega e L. Castelá:

- Ler con fluidez e pronunciando correctamente palabras, frases e textos breves formados coas letras e grupos consoánticos estudados.
- Responder axeitadamente ás preguntas de comprensión lectora baseadas en textos sinxelos.
- Escribir con corrección as vogais e as consoantes, atendendo a un criterio caligráfico.
- Mellorar a utilización da expresión oral nas actividades e debates da aula.
- Empregar a norma ortográfica que rexe o uso das maiúsculas despois de punto e nos nomes

propios.

- Escoitar e comprender distintos tipos de textos orais e responder axeitadamente ás cuestións que se propoñan.
- Enriquecer o vocabulario progresivamente ao longo do curso.

Ciencias Naturais:

- Recoñecer e nomear as principais partes e articulacións do corpo humano.
- Recoñecer os cinco sentidos.
- Iniciarse no coñecemento dos principais grupos de alimentos.
- Identificar algún atributo que defina aos grupos de animais.
- Nomear as principais partes dunha planta.
- Identificar algúns tipos de materiais.
- Coñecer os hábitos saudables: aseo, descanso, exercicio físico e alimentación sa.

Ciencias Sociais:

- Identificar a diversidade de lugares en que se desenvolve a vida das persoas.
- Recoñecer e describir os distintos transportes e asocialos co medio polo que se desprazan.
- Describir as características principais de aldeas, vilas e cidades.
- Identificar compoñentes do Sistema Solar.
- Identificar as catro estacións e recoñecelas ao longo do ano.
- Identificar e describir diferentes profesións.
- Nomear elementos das distintas paisaxes.
- Toma de conciencia do uso responsable da auga.

Educación artística:

- Coñecer diferentes técnicas básicas para a elaboración de diversas actividades plásticas.

- Escoitar e realizar diferentes producións musicais; a través da voz, o corpo e dos instrumentos, con producións propias e alleas; para desenvolver o gusto e a sensibilidade musical.

Proxecto competencial:

- Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.
- Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.
- Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.

2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Este nivel está composto por dúas aulas con 43 alumnos/as, ata a data de hoxe:

• **2º A:** 22 ALUMNOS/AS. Titora: Dona Cristina Fernández Feijoo

• **2º B:** 21 ALUMNOS/AS. Titora: Dona Aurea Caride Crespo

Tamén imparten docencia neste nivel, os/as seguintes mestres/as especialistas:

- Don Ángel M^a Gómez Blanco, especialista Relixión.
- Dona M^a Mar Velasco Arias, especialista Música.
- Dona Patricia Portela Iglesias, especialista en Lingua Estranxeira (inglés).
- Dona Laura Pazos Pascual, especialista en E.F.
- Don Aarón Bernáñez Pérez, AL.

- Dona Ana M^a Patao García, especialista en PT.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS POR ÁREAS

Matemáticas:

- Coñecer o sistema de numeración decimal ata 999: lectura, escritura, descomposición, ordenación de maior a menor e menor a maior, número anterior e posterior e representación gráfica.
- Números ordinais ata o vixésimo.
- Resolver operacións de suma e resta con levadas.
- Iniciación á resolución de operacións de multiplicar por unha soa cifra nomultiplicador.
- Manexar diferentes unidades de medida do tempo (meses, días, horas, minutos e segundos), as principais unidades do SMD e os múltiplos e divisores do €.
- Dominar as posicións arriba/ abaixo, dereita/esquerda.
- Recoñecer diferentes tipos de liñas, figuras planas e corpos xeométricos.
- Interpretar representacións estatísticas sinxelas: táboas, gráficos de barras, pictogramas...
- Resolver problemas seguindo os pasos e o esquema indicado.
- Desenvolver progresivamente o razoamento lóxico e a creatividade, aprendendo a gozar das creacións propias e alleas.

L. Galega e L. Castelá:

- Producir mensaxes orais e escritas, de complexidade crecente, en función das necesidades e intereses tanto en castelán coma en galego.
- Presentar unha caligrafía lexible, separando correctamente as palabras. Acadar unha lectura expresiva e comprensiva axeitada ao nivel.
- Ampliar o vocabulario progresivamente e incorporalo á vida cotiá para expresarse dun xeito máis preciso.
- Interiorizar e aplicar normas ortográficas relativas ao uso de g/gu/gü, r/tr, mb/mp,c/z/qu, maiúscula.
- Iniciar na educación literaria. Empregar a lectura como fonte de pracer, de aprendizaxe e como ferramenta para reforzar a adquisición dos contidos gramaticais e ortográficos.

Ciencias Naturais:

- Recoñecer, diferenciar e nomear algúns ósos, músculos e articulacións do corpohumano.
 - Recoñecer a respiración e a nutrición como funcións vitais así como a importancia de practicar hábitos saudables.
 - Distinguir comportamentos nocivos para a saúde e a calidade de vida. Diferenciar entre seres vivos e inertes.
 - Identificar as características das plantas e dos distintos grupos de animais. Experimentar coas forzas.
- Observar e manipular obxectos e máquinas sinxelas domésticas e ou escolares e recoñecer a enerxía que empregan.
- Contribuír, na medida das súas posibilidades, á defensa, mellora e conservación do medio natural.

Ciencias Sociais:

- Coñecer os principais tipos de localidade, medios de transporte e comunicación. Apreciar a auga e o aire como elementos imprescindibles para a vida e fomentar actuacións responsables para evitar a contaminación dos mesmos.
 - Iniciar o estudo dos factores que determinan o tempo atmosférico e recoñecer os principais símbolos que os representan.
 - Coñecer distintos tipos de paisaxes (montaña, chaira e costa). Iniciar o estudo do planeta Terra, o sistema solar e a historia.
- Iniciar o coñecemento de exemplos concretos do patrimonio cultural do contorno máis próximo e contribuír a súa conservación.

Educación artística:

- Utilizar coa destreza axeitada diferentes ferramentas e técnicas: recortar, pegar, encher, traballar con pincel...
- Identificar as formas básicas e diferentes tonalidades e texturas.
- escoitar e realizar diferentes producións musicais; a través da voz, o corpo e dos instrumentos, con producións propias e alleas para desenvolver o gusto e a sensibilidade musical.

Valores sociais e cívicos:

- Apreciar e valorar o corpo contribuíndo ao seu desenvolvemento. Fomentar actitudes favorables á resolución amigable de conflitos.

Potenciar as actitudes respectuosas, cooperativas e construtivas rexeitando prexuízos, discriminacións e o emprego da violencia.

- Distinguir e practicar as normas que rexen a convivencia dos grupos sociais máis próximos, adquirindo hábitos para obrar de acordo con elas.
- Destacar a necesidade e importancia das actitudes e valores que as persoas poñen en práctica no seu ámbito cotiá para unha mellor convivencia.

AS COMPETENCIAS CLAVE

Traballaranse en todo o currículo:

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía(CMCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

AVALIACIÓN

- Realizarase unha *avaliación inicial* da que se partirá para a adquisición das competencias clave.
- Ao longo do curso será unha *avaliación continua*, valorándose as dificultades atopadas e os logros acadados, para tomar as medidas necesarias o antes posible.
- Levarase a cabo unha revisión do propio *proceso de ensinanza- aprendizaxe*, para valorar e mellorar aqueles aspectos no que o resultado non fora o esperado.

CALENDARIO DE REUNIÓN

Os membros do nivel reuniranse o primeiro martes de cada mes, de forma ordinaria, e previa convocatoria da representante/encargada. Celebraranse, ademais, as reunións extraordinarias que se consideren precisas.

3º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Neste nivel están escolarizados, a data de hoxe, un total de 37 alumnos/as, repartidos en dous grupos:

- 3ºA: 19 ALUMN@S. Titora: Dona Nuria Feijóo Fernández.
- 3ºB: 18 ALUMN@S. Titor: Don Emilio González Rodríguez.

Tamén imparten docencia neste nivel os seguintes profesores:

- D. Ángel Mª Gómez Blanco, Relixión.
- Dª Mar Velasco Arias, Música
- Dª. Patricia Portela Iglesias, Inglés.
- Don Héctor Parga Pedreira, especialista en E.F.
- Don Aarón Bernández Pérez, AL.
- Dª Yolanda Llorente Cuesta, PT.
- Dª Ana Mª Patao García PT/AL.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS POR ÁREAS

Matemáticas:

- Coñecer o sistema de numeración decimal ata 100.000.
- Calcular coas catro operacións básicas: suma, resta, multiplicación con dous números no multiplicador, como máximo, e iniciara división cun número no divisor.
- Resolver problemas sinxelos de sumar, restar , multiplicar.
- Coñecer o sistema monetario do euro.
- Iniciar o estudo das fraccións.
- Coñecer e empregar as principais unidades de lonxitude, peso e capacidade.
- Dominar o reloxo analóxico e dixital.
- Recoñecer as figuras planas e os corpos xeométricos.

- Introducción á estatística.
- Valorar o papel das matemáticas na vida cotiá, gozar co seu uso e desenvolver actitudes como a conveniencia da precisión, perseveranza na busca de solucións, exploración de distintas alternativas, esforzo pola aprendizaxe, o traballo persoal e en equipo, e ir adquirindo seguridade para afrontar e desenvolverse en diversas situacións cotiás con satisfacción persoal.

L. Galega e L. Castelá:

- Lograr que se expresen oralmente e por escrito de acordo coa súa idade .
- Ampliar vocabulario progresivamente.
- Acadar unha lectura expresiva e comprensiva adecuada ao nivel.
- Introducir a educación literaria.
- Darase atención prioritaria ás actividades de animación á lectura como fonte de aprendizaxe, pracer e enriquecemento persoal, á adquisición dos contidos gramaticais e á ortografía deste 3º nivel.

Ciencias Naturais:

- Recoñecer as partes do corpo humano.
- Coñecer as funcións vitais do mesmo, fomentando hábitos de saúde e hixiene.
- Identificar as características fundamentais dos seres vivos: plantas e animais e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado e respecto.
- Identificar diferentes formas de enerxía.
- Coñecer o ciclo da auga e desenvolver actitudes responsables respecto ao seu uso.
- Iniciarse na tecnoloxía e coñecemento das principais ferramentas e máquinas.
- Potenciar actitudes de respecto cara o contorno, valorando e coidando o Medio Ambiente.

Ciencias Sociais:

- Coñecemento da súa contorna, localidade e autonomía.
- Coñecer o Sistema Solar e o planeta Terra (movementos, capas, tempo atmosférico, clima).
- Recoñecer distintas formas de representación da Terra.

- Identificar os estados da auga e fomentar o uso racional da mesma.
- Recoñecer distintos tipos de paisaxes e nomear algúns elementos das mesmas.
- Iniciarse no coñecemento da Historia dende a Prehistoria ata Idade Media.

Educación artística:

- Iniciar a observación plástica e a interpretación e valoración das imaxes.
- Coñecer diferentes técnicas básicas para a elaboración de diversas actividades plásticas.
- escoitar e realizar diferentes produción musicais; a través da voz, o corpo e dos instrumentos, con producións propias e alleas; para desenvolver o gusto e a sensibilidade musical.

Proxecto competencial:

- Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.
- Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.
- Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estra-texias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emo-cións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.

AS COMPETENCIAS CLAVE

Non se circunscriben a unha área determinada, senón que se traballan en todo o currículo.

- Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- Competencia plurilingüe (CP).
- Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía (STEM).
- Competencia dixital (CD).
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- Competencia cidadá (CC).
- Competencia emprendedora (CE).
- Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)

AVALIACIÓN

Realizarase unha avaliación inicial da que se partirá para a adquisición das competencias clave. Ao longo do curso será unha avaliación continua, valorándose as dificultades atopadas e os logros acadados, para tomar as medidas necesarias o antes posible. Empregaranse os diferentes estándares de aprendizaxe establecidos para cada unha das áreas. Tamén se realizará unha revisión do propio proceso de ensinanza- aprendizaxe, para valorar e mellorar aqueles aspectos no que o resultado non fora o esperado.

CALENDARIO DE REUNIÓN

O profesorado do 3º e 4º nivel de primaria, reuniranse o primeiro martes de cada mes, pola tarde, convocado pola súa coordinadora, e celebraranse ademais as reunións extraordinarias que se consideren precisas.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Celebraranse todas as conmemoracións do calendario escolar e ademais realizaranse todas as actividades propostas polas distintas institucións e dinamizacións que consideremos motivadoras e acaídas para os nosos alumnos/as e adaptadas ao currículo.

4º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Este nivel consta con dúas aulas, A e B , con 19 alumn@s cada unha.

Son titoras das mesmas:

Curso de 4º A----- M^a Dolores Rodríguez Bolaño.

Curso de 4º B ----- Carmen Mosquera Lorenzo

Outros profesores que imparten clase neste nivel son:

Don Andrés Ramos Ayora (Inglés)

Don Héctor Manuel Parga Pedreira (E.F)

Don Ángel M^a Gómez Blanco (Relixión)

D^a Yolanda Llorente Cuesta(PT)

D^a M^a del Mar Velasco Arias (Música)

Don Aarón Bernárdez Pérez (AL)

OBXECTIVOS

O obxectivo prioritario que nos propoñemos para este nivel é que os nenos e nenas se sintan integrados na clase e esperten o seu interese para acadar os obxectivos de cada materia.

En xeral, son alumnos que chegan con aptitudes adecuadas para acadar os devanditos obxectivos. Pretendemos facelo a través das competencias clave que lles permitan a realización adecuada das actividades e a resolución de problemas da súa contorna.

MATEMÁTICAS:

- Numeración ata o millón.
- Cálculo das catro operacións: sumas, restas, multiplicacións con dous números no multiplicador e divisións con dous números no divisor.
- Operacións combinadas, tamén empregando o paréntese.
- Coñecemento de múltiplos e submúltiplos do euro.
- Iniciación ás fraccións e aos números decimais.
- Coñecemento e emprego das principais unidades de lonxitude, peso e capacidade.
- Dominio do reloxo analóxico e dixital.
- Recoñecemento das figuras e corpos xeométricos, da circunferencia e do círculo
- Introducción a estatística.

L.CASTELÁ E L. GALEGA:

- Lograr que se expresen oralmente e por escrito, de acordo coa súa idade.
- Ampliar vocabulario.
- Acadar unha lectura expresiva e comprensiva.
- Introducción a unha formación literaria.

Darase atención prioritaria ás actividades de animación á lectura e á adquisición dos contidos gramaticais deste 4º nivel, especialmente á ortografía.

CIENCIAS NATURAIS:

- O corpo humano e os sentidos.
- Funcións vitais do mesmo, creando hábitos de saúde e hixiene.
- Hábitos de hixiene e protección para previr a Covid-19.
- Coñecemento das características fundamentais da flora e fauna que lles rodea.
- Coñecemento das diferentes formas de enerxía e o ciclo da auga.
- Iniciación na tecnoloxía e coñecemento das principais ferramentas e máquinas.
- Sobre todo, potenciáranse actitudes de respecto cara o entorno, valorando e coidando o Medio Ambiente.

CIENCIAS SOCIAIS:

- Coñecemento do seu entorno, localidade, comunidade, autonomía.
- Coñecemento do planeta Terra: relevo, auga, tempo.
- Inicio ao coñecemento dos primeiros poboadores e o tempo dos romanos.

EDUCACIÓN PLÁSTICA:

- Inicio a observación plástica e a interpretación e valoración das imaxes.
- Coñecemento de diferentes técnicas básicas para a elaboración de diferentes actividades plásticas.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS:

- A identidade e dignidade das persoas.
- A autoestima e a autonomía persoal.
- O compromiso e a responsabilidade.
- A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais.
- Coñecemento dos dereitos e deberes dos nenos e nenas.
- A educación viaria.

LIBRE DISPOSICIÓN:

Neste curso impartirase unha hora semanal de Reforzo Lingüístico polas titoras.

En todas as áreas, traballaranse os temas transversais de xeito prioritario.

AS COMPETENCIAS CLAVE

Non se circunscriben a unha área determinada, senón que impregnan todo o currículo. Estas son:

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

AVALIACIÓN

Realizarase unha avaliación inicial da que se partirá para a adquisición das competencias clave.

Ao longo do curso farase unha avaliación continua, e recollerase na memoria final, valorándose as dificultades atopadas e os logros acadados, para que no seguinte curso se poidan traballar e mellorar.

Tamén se realizará unha revisión do propio proceso de ensinanza- aprendizaxe, para valorar e mellorar aqueles aspectos no que o resultado non fora o esperado. Empregaranse os diferentes estándares de aprendizaxe establecidos para cada unha das áreas.

CALENDARIO DE REUNIÓN

O profesorado do 4º nivel de primaria, reunirse o primeiro martes de cada mes, pola tarde, e celebraranse ademais as reunións de ciclo c@s titor@s de 3º nivel .

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Celebraranse tódalas conmemoracións do calendario escolar e ademais realizaranse tódalas actividades propostas polas distintas institucións que consideremos motivadoras paraos nosos alumnos/as e adaptadas ao currículo.

5º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Este nivel conta con dúas aulas:

- 5ºA, con 18 alumnos/as
- 5ºB, con 18 alumnos/as

Sendo os seus titores dona M^a Celsa Vide Loureiro e don Jorge Regal Lamelo, respectivamente. Tamén imparten clases os seguintes mestres: don Andrés Ramos Ayora (inglés), don Héctor Parga Pedreira (E.F.), dona M^a del Mar Velasco Arias (música), don Ángel María Gómez Blanco (Relixión), don Aarón Bernárdez Pérez (AL) , dona Yolanda Llorente Cuesta (PT) e dona Rosa M.^a Losada Rodríguez (PT preferente, 5º A)

OBXECTIVOS

O obxectivo prioritario que nos propoñemos para este nivel é que os nenos e nenas se sintan integrados na clase e espertar o seu interese para acadar os obxectivos de cada materia.

En xeral, son alumnos/as que chegan con aptitudes adecuadas para acadar os devanditos obxectivos. Pretendemos que todos eles se logren a través das competencias clave que lles permitirán a realización adecuada das actividades e a resolución de problemas da súa contorna.

MATEMÁTICAS

- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na realización de problemas que requiran de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións; así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- Números e operacións.
- A división, a divisibilidade.
- Operacións con números decimais.
- As fraccións e operacións con fraccións.
- As medidas de lonxitude, capacidade, peso e superficie.
- Medidas do sistema sexagesimal.
- O plano e espazo. As figuras planas. Áreas.
- Representación de datos e probabilidade.

LINGUA CASTELÁ E GALEGA

- Coñecer e utilizar de xeito apropiado a L. Galega e L. Castelá e desenvolver hábitos de lectura en ámbalas dúas linguas.
- A comunicación.
- A linguaxe e as linguas.
- O substantivo.
- Os determinantes.
- O adxectivo.
- O grupo nominal.
- O pronome persoal.
- O verbo. Aspectos e tempos verbais.
- O adverbio.
- Outras clases de palabras.
- A oración. O texto.

CIENCIAS NATURAIS

- Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas respectando as diferenzas.
- Coñecer e valorar aos animais máis próximos e ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- As plantas.
- Os ecosistemas.
- O corpo humano e a relación.
- A materia e os materiais.

- A enerxía.
- Estruturas e máquinas.

CIENCIAS SOCIAIS

- Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias sociais, a xeografía, a historia, e a cultura; con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo en relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.
- O Universo e o Sistema Solar.
- A representación da Terra.
- Clima e vexetación.
- A poboación de España e de Europa.
- España e a U.E.
- A historia de España.

EDUCACIÓN PLÁSTICA

- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse no debuxo artístico e de figuras xeométricas.
- Utilización e combinación de cores(pinturas,ceras,rotuladores...)

PROXECTO COMPETENCIAL

- Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da concreción duns obxectivos e das accións para acadalos, tendo sempre en conta a nosa contorna.
- Desenvolver o proxecto segundo o previsto e utilizando as competencias transversais que se precisen.
- Presentar os resultados do proxecto competencial empregando estratexias e ferramentas de xeito

respectuoso e cunha linguaxe verbal positiva, e de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.

COMPETENCIAS CLAVE

Non se circunscriben a unha área determinada, senón que impregnan todo o currículo.

Son:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia plurilingüe.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia, tecnoloxía e ingeniería.
- Competencia dixital (CD).
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CAA).
- Competencia cidadá.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

AVALIACIÓN

Realizarase unha avaliación inicial da que se partirá para a adquisición das competencias clave. Ao longo do curso farase unha avaliación continua e recollerase na memoria final, valorándose as dificultades atopadas e os logros acadados, para que no seguinte curso se poidan traballar e mellorar. Tamén se realizará unha valoración do propio proceso de ensinanza- aprendizaxe, para valorar e mellorar aqueles aspectos nos que o resultado non foi o esperado.

Empregaranse os diferentes estándares de aprendizaxe establecidos para cada unha das áreas.

CALENDARIO DE REUNIÓN

Os membros do nivel reuniranse o primeiro martes de cada mes, pola tarde, e celebraranse ademais as reunións extraordinarias que se consideren precisas.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Faranse tanto dentro como fóra do horario lectivo se as circunstancias (climatolóxicas,pandémicas...) o permiten.

Se é unha actividade non programada polos titores/as requírese, previa á realización, información sobre a mesma.

6º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Este nivel conta con dúas aulas:

6º A con 14 alumnos/as

6º B con 13 alumnos/as

Sendo as súas titoras dona M^a Gemma Atanes e dona Patricia Piñeiro Losada, respectivamente.

O resto de profesores que imparten alguna materia son:

Don Andrés Ramos Ayora (inglés), dona Laura Pazos Pascual (E.F.), dona M^a del Mar Velasco Arias (música), don Ángel María Gómez Blanco (relixión), dona Patricia Portela Iglesias e Patricia Piñeiro Losada, (Plástica en inglés), dona Carmen Mosquera Lorenzo (francés), e dona Yolanda Llorente Cuesta (PT).

OBXECTIVOS

O obxectivo prioritario que nos propoñemos para este nivel é que os nenos e nenas se sintan integrados na clase e espertar o seu interese para acadar os obxectivos de cada materia.

En xeral, son alumnos/as que chegan a este nivel con aptitudes adecuadas para conseguir os devanditos obxectivos. Pretendemos que se acaden a través das competencias clave que lle permitirán a realización adecuada das actividades e resolución de problemas da súa contorna.

MATEMÁTICAS

Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na realización de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións; así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

- Números naturais.
- Múltiplos e divisores.
- Potencias e raíces.
- Fraccións.
- Números decimais.
- Porcentaxes e proporcionalidade.
- Números enteiros.
- Estadística e probabilidade.
- Medición de lonxitudes, masas e capacidades.
- Medir superficies e volumes.
- Figuras planas. Áreas.
- Corpos xeométricos. Volumes.

LINGUA CASTELÁ E GALEGA

Coñecer e utilizar de xeito apropiado a L. Galega e L. Castelá e desenvolver hábitos de lectura en ámbalas dúas.

- Sustantivo e clases. Xénero e número.
- Os determinantes.
- adxectivo.
- pronome: persoal, posesivo, demostrativo.
- verbo. Verbos regulares e irregulares. Conxugacións. Voz activa e pasiva.
- adverbio.
- Preposicións e conxuncións.
- suxeito e o predicado.
- Complementos do verbo: C.D., C.I. e C.C.
- Clases de oracións.
- As interxeccións.
- As linguas de España. O español de América.

CIENCIAS NATURAIS

Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas respectando as diferenzas.

Coñecer e valorar aos animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

- Os seres vivos.
- A nutrición.
- A reprodución.
- A saúde, un ben común.
- A materia e a enerxía.
- Electricidade e magnetismo.

CIENCIAS SOCIAIS

Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias sociais, a xeografía, a historia, e a cultura; con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo en relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

- medio físico de Europa.
- medio físico de España.
- A intervención do ser humano no medio.
- As actividades económicas.
- A empresa e o traballo.
- A industrialización.
- A historia de España.

EDUCACIÓN PLÁSTICA

A materia será impartida en inglés.

Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

Cofiecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos; así como o pluralismo dunha sociedade democrática.

Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos.

LIBRE DISPOSICIÓN

Neste curso impartirase unha hora semanal de francés.

COMPETENCIAS CLAVE

Non se circunscriben a unha área determinada, senón que impregnan todo o currículo. Son:

- ✓ Comunicación lingüística (CCL).
- ✓ Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- ✓ Competencia dixital (CD).
- ✓ Aprender a aprender (CAA).
- ✓ Competencias sociais e cívicas (CSC).
- ✓ Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- ✓ Conciencia e expresións culturais (CCEC).

AVALIACIÓN

Realizarase unha avaliación inicial da que se partirá para a adquisición das competencias clave. Ao longo do curso farase unha avaliación continua e recollerase na memoria final, valorándose as dificultades atopadas e os logros acadados. Tamén realizarase unha valoración do propio proceso de ensinanza- aprendizaxe, para valorar e mellorar aqueles aspectos nos que o resultado non foi o esperado.

Empregaranse os diferentes estándares de aprendizaxe establecidos para cada unha das áreas.

CALENDARIO DE REUNIÓN

Os membros do nivel reuniranse o primeiro martes de cada mes, preferentemente pola tarde, e celebraranse ademais as reunións extraordinarias que se consideren precisas.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Faranse tanto dentro como fóra do horario lectivo.

Se é unha actividade non programada polos titores requírese, previa á realización, información sobre a mesma.

LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

As clases de inglés impártense dende o 4º nivel de Educación Infantil ata 6º de Primaria. Somos dous mestres/as especialistas: Andrés Ramos Ayora que impartirá inglés en 4º de Educación Infantil, e 4º, 5º e 6º de Primaria e Patricia Portela Iglesias que impartirá en 5º e 6º de Educación Infantil, 1º, 2º e 3º de Primaria e unha sección bilingüe. Será a coordinadora da sección bilingüe e tamén será a coordinadora da auxiliar de conversa. Patricia Piñeiro Losada impartirá sección bilingüe (6º B de primaria). Seguimos traballando en Infantil sen libro de texto e tentaremos empregar os medios informáticos dispoñibles. O noso obxectivo prioritario é despertar nos nenos/as interese polo inglés e gusto por utilizalo.

Os obxectivos para a área en Primaria son: conquistar un bo nivel de comprensión oral e escrito, así como ir elaborando mensaxes orais cada vez máis complexas. Asimesmo iremos introducindo a escrita para conquistar que elaboren pequenos textos relacionados con situacións que lle sexan familiares. Outro dos nosos obxectivos é que descubran outras culturas e xeitos de vidas diferentes aos seus. Por iso continuaremos celebrando festividades típicas dos países de fala inglesa como Halloween, Christmas ou Easter. Tamén intentaremos o intercambio de correspondencia cun centro do Estados Unidos de America.

Tentaremos continuar coa experiencia iniciada con Noruega de intercambiar correspondencia e información dado que os resultados da experiencia foron moi positivos cando se fixo.

O Proxecto lector do Centro terá continuidade na aula de inglés coa lectura de pequenas historias, contos populares ou revistas e xornais editados nesta lingua.

Prestaremos especial atención ás novas tecnoloxías facendo uso do libro dixital do que dispomos así como do material informático da aula de inglés, aínda que intentarase conquistar material novo e actualizar os das distintas aula dado que están moi obsoletos.

Tendo en conta os/as alumnos con necesidades especiais, adaptaránse as actividades ás necesidades destes alumnos/as.

SECCIÓN BILINGÜE

Neste curso seguen a funcionar as seccións bilingües que se están impartindo en sexto de Primaria na materia de Educación Artística, Plástica, en lingua inglesa. A participación será do cen por cen do alumnado deses niveis. Este ano contaremos coa presenza dunha auxiliar de conversa a tempo parcial compartido co IES 12 de Outubro, polo que esperamos que máis alumnos/as do centro se poidan beneficiar do seu traballo. Centraremos o seu traballo ademáis de na sección bilingüe nas clases dos cursos superiores para que teñan a oportunidade de escoitar falar a un nativo aínda que tentaremos que os máis pequenos poidan estar con el nalgún momento. A hora de Plástica seguirá tentando acadar nos nenos/as interese polas distintas producións artísticas ao longo da historia así como o gusto por producir as súas propias obras.

Seguiremos intentando estimular a produción oral en lingua inglesa, así como o coñecemento de novo vocabulario nesta lingua relacionado coa arte.

RELIXIÓN CATÓLICA

Conforme á Resolución do 21 de xuño de 2022, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se publican os currículos das ensinanzas da relixión católica correspondentes a Educación Infantil, Educación Primaria a programación desta materia tería estes obxectivos principais para este curso:

INFANTIL

Coñecementos básicos

A. O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.

- Progresiva autorregulación, responsabilidade, autocoidado, nos hábitos básicos de relación.
- Coidado e respecto polo corpo e a natureza na visión cristiá.
- O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus.

- A igualdade e a dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo.
- Actitude de respecto cara á exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, esperanzas e medos dos demais.
- Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados.
- Calidades e talentos persoais propostos en figuras bíblicas e outras biografías significativas.
- Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura circundante que resalten o valor da interioridade e da experiencia relixiosa.
- Valoración da beleza e a súa capacidade para transmitir o sentimento de pertenza e valores.
- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimentan e admiran.
- Valoración do silencio e da calma como ferramentas para identificar emocións e sentimentos.

B. Coñecer e coidar dos demais: medrar en comunión.

- Formas e medios de comunicar as propias emocións nas relacións interpersoais.
- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.
- Valoración dun clima de convivencia harmónica, inclusiva e pacífica construído entre todos: diálogo e empatía.
- Actitudes de bondade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais.
- Habilidades para a mediación e resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e perdón.
- Valoración das relacións sociais, especialmente de amizade.
- Admiración e coidado pola natureza como creación e fogar común de Deus.
- Irmandade humana: fillos e irmáns dun só Deus.
- Presentación de diversos relatos bíblicos que reflicten as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados.
- Narracións bíblicas que propoñen o perdón, a misericordia e a solidariedade como características do Reino de Deus.

- Vida cristiá en comunidade.
- Actitudes solidarias e de cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva.

C. Identidade cristiá e contorno social.

- Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá.
- Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas.
- As oracións e prácticas cristiás máis habituais no ámbito social.
- A Biblia como comunicación entre Deus e as persoas.
- Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura fundamental do cristianismo.
- A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos.
- A figura da Virxe María.
- A oración de Xesús.
- A relación da persoa con Deus e as súas expresións comunitarias: a Igrexa.
- Calendario litúrxico e celebracións cristiás.
- A riqueza da interculturalidade como oportunidade de desenvolvemento persoal e social.

PRIMARIA

Coñecementos básicos. Primeiro Ciclo

A. Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.

- Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano.
- Experiencias e sentimentos de experiencia interior e corporalidade.
- Valor intrínseco de cada persoa, para o cristianismo como criatura de Deus.
- Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade.

- Grupos de pertenza: diferenzas e relación con Xesús de Nazaret.
- A familia e a incorporación á vida social na visión cristiá.
- Potenciar a propia creatividade mediante expresións artísticas que reflictan a mensaxe de diversos relatos bíblicos.
- Valoración dos momentos de silencio, interiorización e contemplación.
- Expresión, utilizando diferentes linguaxes, das propias crenzas, emocións e afectos.
- Recoñecemento da oración como medio privilexiado de comunicación con Deus. O noso pai.

B. Cosmovisións, tradición e cultura cristiá.

- Valoración do valor relixioso e da riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade.
- Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, nas artes e outras manifestacións culturais e tradicións do contorno.
- Valoración da importancia das celebracións relixiosas para os crentes.
- Recoñecemento da Biblia, a Palabra de Deus na vida da Igrexa, como libro sagrado do cristianismo.
- A alianza de Deus co pobo de Israel e o seu proxecto de humanidade.
- Xesucristo, centro da mensaxe cristiá.
- María, a Nai de Xesús.
- A Igrexa como familia que vive e celebra a Boa Nova anunciada por Xesús de Nazaret.
- A Biblia como fonte de inspiración artística ao longo da historia.
- A beleza como expresión da Creación e da experiencia relixiosa.

C. Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.

- O compromiso e a responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e dos seres vivos desde unha perspectiva cristiá.
- Gratitude cara ás persoas que coidan de nós e cara a Deus Creador.
- Obras e palabras que amosen o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas.

- O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo.
- Actitudes e accións que fomenten a fraternidade.
- Hábitos e valores de respecto pola natureza creada por Deus.
- Relatos evangélicos de compaixón, misericordia e perdón.
- Biografías significativas que favoreceron a resolución pacífica de conflitos.
- Actitudes cotiás que favorezan a convivencia pacífica.
- Respectar e valorar as emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.

Coñecementos básicos. Segundo Ciclo

A. Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.

- A centralidade da persoa na mensaxe cristiá.
- A dignidade do ser humano.
- Relatos bíblicos de vocación e misión.
- A importancia da familia e da comunidade como fonte de felicidade.
- Técnicas de mediación para a resolución pacífica de conflitos á luz do Evanxeo.
- As relacións cos demais como oportunidade de autocoñecemento e crecemento persoal.
- Toma de conciencia da experiencia persoal e da forma de relacionarnos cos demais e con Deus.

B. Cosmovisións, tradición e cultura cristiá.

– Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, arredor do calendario litúrxico e dos sacramentos.

- Transmisión do sentimento relixioso a través da música e das artes.

Antigo e Novo Testamento.

- A importancia da alianza de Deus co pobo de Israel.
- A relación de Xesús coa xente do seu tempo.
- Xesús anuncia o Reino de Deus: fraternidade e misericordia.

- Relatos bíblicos que describen a vida de Xesús de Nazaret cos Apóstolos e as primeiras comunidades cristiás.
- María, Nai da Igrexa.
- A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía.
- Valoración da importancia de vivir a fe en comunidade para o crente.
- A importancia do perdón para a construción de relacións sociais sólidas, solidarias e fraternas. O sacramento da reconciliación.
- Tipos de oracións: características e diferenzas.
- Obras artísticas que representen momentos da tradición bíblica e que sexan configuradoras da súa identidade cultural.
- Valor cultural e artístico do patrimonio da diocese.

C. Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.

- Coidar o medio natural e social como fogar común.
- A proposta moral cristiá para a vida en sociedade.
- Hábitos e actividades para acadar os obxectivos do desenvolvemento sostible á luz da ética cristiá.
- Ética do coidado: responsabilidade, compaixón, perdón e amor.
- Unha mirada cristiá á realidade: conciencia de situacións sociais inxustas.
- Proxectos de servizo e solidariedade promovidos pola Igrexa.
- Actitudes de respecto e inclusión para crear ambientes de convivencia intercultural.

Coñecementos básicos. Terceiro Ciclo

A. Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.

- Dignidade humana, igualdade e diferenza entre as persoas.
- Os dereitos humanos en diálogo coa visión cristiá.
- Responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián.
- Situacións vitais que suscitan cuestións existenciais ou morais para a persoa.

- A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá.
- Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais.
- Expresión, en diferentes linguas, da propia experiencia persoal, arredor de festas, tradicións e celebracións relixiosas.

B. Cosmovisións, tradición e cultura cristiá.

- Ritos, tradicións e festas de diversas relixións arredor do nacemento, o matrimonio e a morte, explicando a contribución do cristianismo.
- Obras de arte, composicións musicais e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, en comparación coas doutras culturas e relixións.
- A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Deus Trindade.
- A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinaadas.
- A paixón, morte e resurrección de Xesús e a celebración da Pascua na Igrexa.
- O Credo da Igrexa Católica.
- A vida cristiá e a celebración dos sacramentos.
- María, crente modelo.
- Recoñecemento do papel da muller na Biblia e na historia da Igrexa.
- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.

C. Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.

- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e do compromiso co ben común.
- Valores evangélicos: as Benaventuranzas e o Reino de Deus.
- A visión cristiá da interdependencia, a ecodependencia e a interrelación.
- Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiá.
- Compromiso e transformación social na acción da Igrexa.
- Responsabilidade e respecto no uso dos medios de comunicación e das redes sociais.

- Espírito crítico e ético para a convivencia democrática.
- Establecemento dun primeiro diálogo entre fe e ciencia, baseado no respecto, a curiosidade e a escoita.
- Valoración do diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática.

METODOLOXÍA

Os enfoques metodolóxicos desta área baséanse, globalmente, na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, recursos e outros métodos didácticos; no coidado do desenvolvemento emocional e cognitivo do alumnado respectando o seu ritmo evolutivo; na aprendizaxe individualizada e cooperativa; na relación da aprendizaxe co medio, nun enfoque competencial da acción, do emprendemento e da aplicación do coñecemento. Haberá que ter en conta as condicións persoais, sociais e culturais de todos os nenos e nenas, detectar necesidades específicas e propor accións de reforzo ou ampliación, flexibilizando os procesos e garantindo a inclusión de todo o alumnado.

A didáctica da área de Relixión Católica planteada en termos dun currículo competencial promoverá o papel do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe. Algúns dos pasos a seguir nas secuencias de aprendizaxe son:

- Partindo da experiencia concreta do alumno e da alumna, e da súa realidade persoal, familiar, social e cultural;
- Identificar e formular con pensamento autónomo as preguntas e cuestións que suscitan estas situacións;
- Busca, analiza e contrasta experiencias e preguntas con fontes bíblicas, patrimonio artístico e outras referencias eclesiais;
- Elaborar respostas persoais e sociais baseadas na liberdade individual con pleno respecto ás ideas dos demais, contrastadas cos principios éticos do cristianismo;
- Diálogo con outras visións do mundo, para a construción da convivencia e do ben común;
- Comunicar con asertividade e empatía as propias ideas e crenzas utilizando as diferentes linguaxes de forma creativa;
- Aplicar este proceso formativo na construción da identidade persoal como preparación para a formación permanente.

AVALIACIÓN

A avaliación da área de Relixión Católica realizarase nos mesmos termos e cos mesmos efectos que as demais áreas da etapa. Teranse en conta todos os procesos da actividade pedagóxica que se desenvolven na aula e empregaranse as ferramentas e instrumentos necesarios para observar o nivel de adquisición de competencias específicas.

Para facilitar a avaliación, os enfoques didácticos inclúen elementos claramente relacionados cos criterios de avaliación, as competencias específicas, e a súa vinculación cos descritores operativos, que permitan evidenciar e valorar a aprendizaxe proposta nos produtos finais que o alumnado deberá crear.

As técnicas e estratexias de avaliación serán diversas, accesibles e adecuadas á diversidade do alumnado.

Nunha avaliación competencial é fundamental avaliar tanto o proceso como os resultados.

EDUCACIÓN FÍSICA

Os mestres/as responsables da materia neste curso son Laura Pazos Pascual e Héctor Manuel Parga Pedreira.

Hai que ter presente as competencias clave e a relación coa materia así coma os bloques temáticos:

- 1º. Contidos comúns
- 2º. O corpo: Imaxe e percepción 3º. Habilidades motrices
- 4º. Actividades artísticas físico-expresivas
- 5º. Actividade física e saúde
- 6º. Os xogos e as actividades deportivas

Obxectivos

1. Coñecer, aceptar e valorar o propio corpo e a actividade física como medio de exploración e de gozo das propias posibilidades motrices, de relación coas demais persoas e como recurso para organizar o tempo de lecer.
2. Utilizar as propias capacidades motrices, habilidades e destrezas e o coñecemento que o alumnado posúe da estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación.
3. Utilizar os recursos expresivos do corpo e do movemento de xeito estético e creativo, comunicando sensacións, emocións, ideas e estados de ánimo.
4. Regular e dosificar o esforzo, asumindo un nivel de auto exixencia acorde coas posibilidades de cadaquén e coa natureza da tarefa que se está a realizar.
5. Apreciar a actividade física para o benestar, manifestando unha aditude responsable cara a si e cara o resto das persoas e recoñecendo os efectos da actividade física, da hixiene corporal, da alimentación e dos hábitos posturais sobre a saúde e a calidade de vida.
6. Participar en actividades físico-deportivas compartindo proxectos, establecendo relacións de cooperación para acadar obxectivos comúns, resolvendo por medio do diálogo os conflitos que poidan e evitando discriminacións por características persoais, de xénero, sociais e culturais.
7. Coñecer e valorar a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas como elementos culturais, amosando unha actitude crítica, tanto desde a óptica de participante como desde a de público.
8. Adquirir, elixir e aplicar principios e regras para resolver problemas motores e actuar de xeito eficaz e autónomo na práctica de actividades físicas, deportivas e artístico-expresivas.
9. Coñecer e practicar xogos, deportes e danzas ou bailes tradicionais propios da cultura galega, amosando interese pola indagación neste eido e pola súa difusión e valorando as repercusións que teñen na nosa sociedade e posibilitando as relación interxeracionais.
10. Coñecer xogos e bailes doutras culturas, interpretando e elaborando coreografías.
11. Empregar as novas tecnoloxías para a adquisición de coñecementos aplicados á educación física.

Metodoloxía da Área de Educación Física:

Ao longo do curso empregaremos distintos modelos de ensinanza que pasarán desde “A aprendizaxe instructiva” ata “O descubrimento guiado ou aprendizaxe por descubrimentos”. A selección do estilo de

ensinanza dependerá en todo momento das características da actividade, dos alumnos/as e do obxectivo perseguido durante a aprendizaxe ou sesión de traballo.

O xogo será o medio fundamental dado o carácter lúdico e globalizado desta etapa educativa.

Seguiremo-los principios psicopedagóxicos de individualización, socialización, constructivismo, actividade e significatividade. En canto á organización estableceranse os agrupamentos que se requiran en función de cada unha das actividades.

Contaremos coas visitas daqueles clubs ou institucións que se acheguen ao centro, como en anos anteriores, para facer demostracións e ensinarnos algunha modalidade deportiva ou outros aspectos da ed. Física (xogos tradicionais, deportes alternativos,...).

As actividades realizaranse en espazos axeitados tanto para a consecución dos obxectivos como para a práctica de dita actividade, en todo caso serán as instalacións do centro e a contorna próxima, moi idónea para actividades e xogos coa natureza.

No que respecta á avaliación, o alumnado será avaliado en función dos criterios establecidos na Programación de aula.

Todo isto sen perxucio daqueles alumnos/as que polas súas características individuais estean sometidos a adaptacións curriculares (A.C.I.). Casos nos que se tomarán as medidas oportunas.

En canto a un posible período de actividade lectiva non presencial, a metodoloxía será a seguinte:

O ensino será impartido preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. Realizaremos o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos disponibles ben achegados por nós (profesores/as) ou ben os que poña a disposición a Consellería. Poñeremos tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

Intentaremos dotar de contidos á aula virtual do centro para poder continuar coa formación a distancia.

Realizaremos videoconferencias co alumnado a través da plataforma Cisco Webex, de xeito que non se perda o contacto habitual cos docentes, para poder facer explicacións de xeito virtual, e para poder solucionar as dúbidas que puidesen xurdir.

En conclusión, a metodoloxía estará suxeita as modificacións que as condicións sanitarias esixan.

Criterios de avaliación.

Os propios de cada unidade didáctica. Suporá o acadalos o 60% da nota. Criterios de cualificación:

-Actitude positiva ante o exercizo físico.

-Amosar respecto pola mestra e os compañeir@s.

-Esfórzase nas actividades.

-Participa e ten interese polas actividades presentadas. Representa o 40% da nota.

SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: FRANCÉS

- Neste curso 22 -23 impártense clases de francés ao alumnado de 6º de Educación Primaria . As sesións desenvólvense habitualmente nas dúas aulas de clase ordinaria.
 - 14 alumnos/as en 6º A
 - 13 alumnos/as en 6º B

A mestra especialista é Carmen Mosquera Lorenzo. Este curso, acompañarannos dúas mestra en prácticas, durante o período que duren as mesmas.

- Como guía de traballo, empregarei fundamentalmente o manual de CLE INTERNATIONAL *ZigZag + 1* (nivel A1.1). Os alumnos/as non utilizan libro de texto. Ocasionalmente, tamén empregarei o libro *Défis 1* da Editorial Santillana.
- Ordenador e PDI servirán de apoio fundamental para facer uso da *version numérique*, dos materiais específicos, así como dos recursos dispoñibles na internet; as revistas, BD, xornais, libros en francés e fragmentos adaptados servirán para favorecer a motivación, contribuír á inmersión lingüística e dar continuidade -na medida das limitadas posibilidades- ao Proxecto Lector.

Os **obxectivos** para a área en Primaria son:

- Prioritariamente, dar a coñecer o idioma francés e espertar nos alumnos/as o interese por coñecelo e o gusto por empregalo progresivamente, sentíndose cómodos ao facelo.
- Manifestar unha actitude receptiva, interesada e de autoconfianza ante a aprendizaxe e uso da lingua estranxeira.
- Iniciarse na comprensión e produción oral e escrita: elaborar mensaxes orais cada vez máis complexas e, paralelamente, introducir a escrita para conquistar que elaboren algún pequeno texto, relacionado con situacións que lles sexan familiares.
- Descubrir a *civilisation française* e a *francophonie* (outras culturas e xeitos de vida diferentes ao noso; a tal fin, farase especial atención nas *découvertes culturelles* celebrando festividades típicas como: Toussaint, Noël, la Chandeleur, Poisson d'avril, Pâques...) e utilizar o FLE como fonte de información.
- As **competencias** afectan a todo o currículo. Notablemente, en francés traballaranse: CCL, CD, AA, CSC, SIEE e CEC. Tanto os aspectos referidos a estas como á **metodoloxía** explícanse con detalle na programación da área. Baste mencionar aquí que se trata dunha metodoloxía inclusiva e participativa, coa finalidade de lograr os obxectivos e as competencias clave.

Tendo en conta os/as alumnos con necesidades especiais, adaptaranse as actividades ás necesidades destes alumnos/as.

Procurarei que trimestralmente, os alumnos/as de ambas clases reciban unha sesión a cargo dunha profesora nativa.

- Farase unha **avaliación** inicial para valorar a actitude do alumnado e axustar o proceso de aprendizaxe.
- Ao longo do curso farase unha avaliación continua, e finalmente unha avaliación sumativa. O resultado recollerase na memoria final, valorando as dificultades atopadas e os logros acadados.

Tamén se avaliará o propio proceso de ensino- aprendizaxe, para valorar e mellorar, se fora o caso, algún aspecto no que o resultado non se correspondera co esperado.

- En todo momento informarei (e solicitaréi información) aos titores e ao DO daquelas situacións relevantes que considere de interese, a fin de dar continuidade e fomentar a coordinación necesaria no proceso de ensino- aprendizaxe, dado que as reunións de coordinación de nivel se celebran o mesmo día, á mesma hora (segundo consta no organigrama facilitado polo centro) e eu pertenzo a dous equipos distintos.

MÚSICA E DANZA

Tal como establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, a área desenvolverá as capacidades básicas relacionadas coa percepción e interpretación das representacións musicais e dancísticas/plásticas e coa expresión do pensamento, sentimentos e emocións; é dicir, desenvolverá a dimensión comunicativa dos procesos artísticos.

A mestra especialista en Educación Musical: M^a del Mar Velasco Arias impartirá música en todos os niveis de primaria.

Para a concreción dos obxectivos teremos en conta os seguintes principios:

- Adecuación ao desenvolvemento evolutivo do alumnado de cada un dos niveis.
- Consideración dos obxectivos da etapa e das áreas e a súa relación coas competencias básicas.
- Aprendizaxes previas que ten o alumnado como consecuencia da súa historia educativa.
- Selección de contidos de acordo cos bloques do currículo oficial.
- Equilibrio entre os contidos específicos e tratamento dos máis significativos.
- Enfoque global parcial.
- Relevancia e consideración das competencias básicas e os contidos transversais en función das características das áreas en que se integran.

OBXECTIVOS XERAIS

1. Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.
2. Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.
3. Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.
4. Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.
5. Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.
6. Coñecer as posibilidades dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación en que interveñen a imaxe e o son, e empregalas como recursos para a observación, a busca de información e a elaboración de producións propias, xa sexa de forma autónoma ou en combinación con outros medios e materiais.
7. Desenvolver mecanismos de sensibilidade estética para promover a percepción e a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.
8. Manter unha actitude de busca persoal e colectiva, articulando a percepción, a imaxinación, a indagación e a sensibilidade e reflexionando á hora de realizar e gozar de diferentes producións musicais.
9. Valorar e compartir manifestacións artísticas do patrimonio cultural galego apreciando a súa riqueza e diversidade e comprometéndose na súa defensa, conservación e difusión.
10. Coñecer e valorar diferentes manifestacións artísticas do patrimonio cultural doutros pobos, colaborando na súa conservación.

METODOLOXÍA

A metodoloxía partirá sempre do neno/a e da súa realidade, do seu modo de ver e de interiorizar o mundo, das súas vivencias e experiencias previas. A partir de todo isto e, por medio de xogos e

actividades, irá investigando e descubriendo individualmente e coa axuda dos compañeiros/as o mundo dos sons e da danza, que o axudarán a entender e comunicarse co mundo que o rodea.

A intervención educativa na área de Música e Danza/Música; desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da área e, en combinación co resto das áreas, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa. O uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena.

Traballaremos a través de técnicas como a improvisación, a pregunta-resposta, o eco, a fononimia, as sílabas rítmicas, a canción, a percusión corporal, a instrumentación de cancións, a audición, o movemento, xogos e danzas populares, contos musicais ou infantís ou os musicogramas, diferentes aspectos da música.

O material empregado para as clases de música será moi diverso, posto que debemos experimentar co maior número de obxectos e sons, intentando alimentar deste xeito a súa imaxinación e a súa creatividade: libros de textos, cancioneros, soportes audiovisuais, internet, fruta doce, instrumentos: de PAI e de PAD, do noso folclore, de fabricación propia... xogos e programas de música, encerado pautado, liso...

O emprego de didácticas específicas da ensinanza da música e do movemento (Orff-Schulwerk, Curwen, Ward, Dalcroze, Kodály, Chevais, Willems...) que axuden a potenciar no alumnado as diferentes habilidades de percepción, análise, creación e expresión musicais e do movemento.

As situacións de aprendizaxe estarán vinculadas a contextos próximos ao alumnado que favorezan a aprendizaxe significativa e esperten a súa curiosidade e interese pola música, a danza e as artes performativas. As actividades requirirán diferentes tipos de agrupación, nalgúns momentos traballaremos individualmente, por parella, en pequeno grupo, e noutros casos no grupo clase ou incluso gran grupo.

A programación das unidades didácticas farase tendo en conta as programacións anuais das outras áreas do nivel para coordinar tempos e intereses. Ao longo do proceso de ensinanza aprendizaxe tomaremos unha serie de medidas encamiñadas a garantir a atención e o respecto a individualidade, garantindo así a atención a diversidade, respectando os ritmos de aprendizaxe de cada neno, prestando moita atención non só a aqueles que mostren dificultades, senón tamén aos sobre dotados, planificando actividades de reforzo para os primeiros e de ampliación para os segundos.

AVALIACIÓN

1. Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, época e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.
2. Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais e escénicas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e empregando vocabulario específico destas.
3. Recoñecemento visual e auditivo e clasificación e descrición de elementos fundamentais da música/danza e da linguaxe musical.
4. Desenvolver e aplicar a capacidade de procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas, de forma individual e colaborativa.
5. Identificar o significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas, que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.
6. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais e escénicas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.
7. Producir obras propias de maneira guiada, utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe, a linguaxe musical e os medios dixitais, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.
8. Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.
9. Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais e escénicas, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.
10. Compartir as experiencias creativas musicais e dancísticas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.

10 PLAN DE ORIENTACIÓN

1 INTRODUCCIÓN: BASES LEGAIS

A lexislación educativa máis recente outórgalle á función orientadora un papel relevante, considerándoa un pilar esencial e básico do sistema educativo con decisiva incidencia na calidade dos procesos que nel se desenvolven. Así, no articulado da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, (BOE, 04/05/2006), coas modificacións introducidas pola normativa posterior, sinálase:

A orientación educativa e profesional dos estudantes é un dos principios que inspira o noso sistema educativo, considerándose un medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores. (Art. 1º).

A orientación educativa e profesional é un dos factores que favorecen a calidade da ensinanza, aos que os poderes públicos prestarán unha atención prioritaria. (Art. 2º).

A orientación educativa, académica e profesional do alumnado como función do profesorado, en colaboración, no seu caso, cos servizos ou departamentos especializados. (Art. 91º.d).

O dereito básico do alumnado de recibir orientación educativa e profesional e o dos pais a ser oídos naquelas decisións que afecten á orientación académica e profesional dos seus fillos e fillas (Disposición derradeira primeira da LOE. Modificación da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación).

Nesta liña, a orientación contribúe activamente á mellora da calidade educativa, incidindo sobre a comunidade educativa no seu conxunto (alumnos, profesores e familias). prestando apoio e asesoramento á escola para atender a diversidade de retos que planea unha educación excelente en base a potenciar as capacidades de cada un/unha dos/as alumnos/as procurando o seu máximo desenvolvemento, colaborando na resposta eficaz fronte aos retos da educación dos ANEAE, animando e impulsando á innovación, o avance e a mellora que se sustentan no traballo colaborativo do profesorado, en estreita relación coas familias e facendo uso dos recursos da contorna.

A orientación é un deber compartido por todos os mestres que traballamos no centro coas responsabilidades propias das diferentes tarefas que desempeñamos e debe estar coidadosamente planificada, marcándose uns obxectivos a partir da análise da realidade, programándose actuacións concretas, deseñándose estratexias específicas e organizándose os espazos e os tempos nos que se desenvolverá o planificado. Unha previsión que, ademais, debe contemplar a avaliación e seguimento necesarios para constatar o grao de consecución dos obxectivos e, no seu caso, as propostas de mellora.

O Plan de Orientación é o instrumento que articula, a medio e longo prazo, as actuacións relacionadas coa orientación e a acción tutorial. Pero esta planificación non pode facerse de maneira illada; como parte da organización pedagóxica - educativa do centro debe incardinarse coa actividade e estrutura xeral deste. O Plan de Orientación conforma pois, un epígrafe propio do PEC como documento que planifica e estrutura a acción orientadora dos equipos docentes e do centro educativo no seu conxunto, con especial incidencia na atención á diversidade, ao ANEAE, na orientación persoal e na acción tutorial, sendo o Departamento de Orientación o responsable de elaborar a proposta do mesmo de acordo cos criterios fixados polo claustro de profesores e as directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.

O Departamento de Orientación xurde da publicación, por parte da Consellería de Educación, do Decreto 120/1998, do 23 de abril e a posterior Orden de desenrolo do mesmo de 24 de xullo de 1998 (DOG 31 xullo 1998), recollendo por vez primeira no Estado a creación dos Departamentos de Orientación nos Centros de Educación Infantil e Primaria que contén con 12 ou mais unidades. A presente Programación ten en conta, para a súa realización, a Circular 18/2007 da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa e da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional do ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para o Curso 2007/2008, e Resolución do 22 de Decembro de 2004 (D.O.G. de 4 de xaneiro de 2005). Nesta Circular faise referencia explícita á creación dos Departamentos de Orientación, nos Centros educativos que abranguen entre 6 e 11 unidades, tal e como ocorre no C.E.I.P. Filomena Dato.

As funcións e os ámbitos de actuación do Departamento de Orientación e da súa xefatura, que se regulan no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 27/04/98). Corrección de erros, (DOG 14/05/98) e a Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (DOG 31/07/98) e que se matizan ou desenvolven en normativa posterior, a destacar: Circular10/2010, Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 21/12/11), Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 26/10/21).

Con estas bases legais, ó longo deste curso académico, 2022/23 tentarase dar continuidade a este Departamento, dando así senso ó Dereito dos alumnos á Orientación Escolar como contido esencial do Dereito á Educación e *"superando a concepción da Orientación unicamente como axuda externa puntual, tendéndose ó concepto de Orientación como actuacións desenvolvidas nunha actividade educativa do centro e integradas no contexto económico e sociocultural no que se desenvolve a comunidade educativa"*

2 MEMBROS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DO C.E.I.P. FILOMENA DATO:

- Coordinadora de E. Infantil: Carmen Martínez López
- Coordinadora de 1º ciclo de EP: Lorena Fernández Rodríguez
- Coordinadora de 2º ciclo de EP: María Dolores Rodríguez Bolaño
- Coordinadora de 3º ciclo de EP: María Gemma Atanes Salgado
- Mestra especialista de PT: Ana María Patao García
- Mestra especialista de PT afín AL: Yolanda Llorente Cuesta
- Mestre definitivo de AL: Aarón Bernárdez Pérez
- Mestre PT de atención preferente: Rosa Mª Losada Rodríguez
- Xefatura do Departamento: Celsa Pérez López

3 PRINCIPIOS DA ORIENTACIÓN EDUCATIVA

"A Orientación educativa, desenrolarase no marco do currículo establecido, mediante o propio Proxecto do Centro, dende esa concepción, orientación, apoio educativo e intervención psicopedagóxica especializada forman parte do currículo, entendido este como oferta educativa integral, dirixida a tódolos aspectos do aprendizaxe e maduración da personalidade do alumnado, A Orientación refírese así ó carácter personalizado da educación, è dicir, a individualización, integración e a capacitación para o aprendizaxe. Enfocándose a orientar para a vida, o asesoramento sobre camiños diferentes e a orientación psicopedagóxica na educación no seo do proceso educativo.

4 OBXECTIVOS

A intervención educativa e psicopedagóxica da Orientación, concretarase fundamentalmente nos seguintes **obxectivos que teñen como orixe as actuacións prioritarias** especificadas na citada Circular nº 18/2007.

- *Atender a diversidade nunha sociedade multicultural:*

- Detectar precozmente e prever as dificultades ou problemas educativos, de desenvolvemento do aprendizaxe que teñan os alumnos ou alumnas.
- Participar no deseño e colaborar no desenvolvemento de programas específicos de aprendizaxe para o alumnado procedente do estranxeiro.
- Asesorar no deseño, desenvolvemento e actualización de medidas de atención á diversidade: Adaptación Curricular, Diversificación Curricular e Reforzo Educativo.
- Incrementar a taxa de escolarización en educación infantil.
- *Mellorar o clima convivencial no centro educativo:*
 - Participación e actualización na elaboración do Proxecto Educativo e Curricular do Centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ó alumnado con necesidades educativas especiais.
 - Facilitarlle ás familias apoio e asesoramento implicándoas no proceso educativo e relacións co Centro.
- *Potenciar as materias instrumentais do currículo e fomentar a valoración do esforzo pola aprendizaxe:*
 - Proponer métodos específicos e especializados para a adquisición de determinados aprendizaxes por parte de algúns alumnos con problemas bastante comúns na escola, como a dislalia ou a dislexia, a lentitude no aprendizaxe ou a dificultade para acadar o nivel das operacións Lóxico - formais.
- *Promover, con carácter preferente, profesorado que preste labores de apoio ós alumnos con N.E.E. dentro do seu horario a disposición do Centro, ó amparo da Orden de Primaria e Circular nº 17/03.*
- Considérase de especial importancia o contacto reiterado co I.E.S. Ferro Couselo

Se ben o Plan de Orientación é un documento aberto que se transforma e evoluciona ao tempo que o fai a escola e a comunidade educativa, nace coa pretensión de ofrecer un marco estable que guíe a acción orientadora do centro. De aí que os obxectivos formulados enmarcarán unha proposta de traballo a medio - longo prazo que se irá enriquecendo anualmente con distintas achegas, pero sen perder esa función de eixo vertebrado sólido que a labor orientadora precisa. Para a determinación destes **obxectivos**, é necesaria unha reflexión previa que leve á toma de decisións coherente e axustada. Terase en conta:

- O papel relevante e a importancia que da á función orientadora no sistema educativo a LOE
- As funcións e os ámbitos de actuación do Departamento de Orientación e da súa xefatura, que se regulan no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 27/04/98). Corrección de erros, (DOG 14/05/98) e a Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (DOG 31/07/98) e que se matizan ou desenvolven en normativa posterior, a destacar: Circular10/2010, Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 21/12/11), Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 26/10/21).
- A análise das necesidades, características e recursos da realidade deste centro e o seu contorno.
- Os valores, fins e prioridades de actuación e, en xeral, as decisións e opcións da comunidade educativa que se recollen no PEC e enmarcan e son referente do traballo da escola.
- Os criterios fixados polo Claustro de profesores e as directrices da CCP.
- En función do referido os obxectivos que deben guiar a acción deste Departamento de Orientación son:
- 4.1. Xerais
- 4.1.1. Participar na elaboración, seguimento e avaliación do PEC e demais documentos do centro, incidindo nos criterios organizativos, metodolóxicos e curriculares de carácter inclusivo para a atención á diversidade do conxunto do alumnado e asesorando nas decisións relativas á potenciación das áreas instrumentais, avaliación, recuperación, criterios de promoción,

- 4.1.2. Participar no deseño e desenvolvemento de actuacións e medidas de atención á diversidade que optimicen a atención educativa proporcionada ao alumnado.
- 4.1.3. Contribuír á identificación e detección temperá das dificultades ou problemas de desenvolvemento e aprendizaxe e potenciar a posta en marcha de medidas e accións de carácter preventivo.
- 4.1.4. Apoiar a convivencia no centro coa implicación de toda a comunidade educativa.
- 4.1.5. Promover a comunicación, colaboración e coordinación coas familias, potenciando a súa implicación no proceso educativo dos seus fillos e na vida do centro.
- 4.1.6. Establecer canles de comunicación e coordinar actuacións cos diferentes servizos e institucións.
- 4.1.7. Facilitarlle á comunidade educativa apoio e asesoramento para favorecer o desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e axudarlles a afrontar adecuadamente os momentos escolares decisivos ou de maior dificultade.
- 4.1.8. Asesorar e apoiar ao conxunto da comunidade educativa e aos órganos de goberno do centro en particular, para impulsar o desenvolvemento do centro educativo en todos os ámbitos.

- **4.2. Específicos**

- **A) Con relación aos alumnos/as:**

- Desenvolvemento persoal e social
- 4.2.1. Favorecer a integración satisfactoria do/a alumno/a no grupo clase.
- 4.2.2. Axudar a tomar conciencia dos propios sentimentos e emocións, desenrolando habilidades de control e autorregulación dos mesmos e logrando un desenvolvemento emocional axeitado.
- 4.2.3. Potenciar o desenvolvemento da autonomía.
- 4.2.4. Axudar ao alumnado a coñecerse adecuadamente, valorando o seu potencial na adquisición de novos logros e tomando conciencia da importancia da perseveranza e o esforzo para a superación de dificultades e o crecemento persoal.
- Atención á diversidade e apoio aos procesos de ensinanza e aprendizaxe

- 4.2.5 .Contribuír ao coñecemento das características persoais, familiares, sociais e escolares dos alumnos.
- 4.2.6.Contribuír á calidade da resposta educativa xeral, con incidencia especial no alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- 4.2.7.Potenciar a adquisición de aprendizaxes instrumentais, incidindo sobre as dificultades que se presentan.
- 4.2.8.Asesorar e colaborar na posta en marcha, seguimento e avaliación de medidas de atención á diversidade.
- 4.2.9.Impulsar a eliminación dos obstáculos de todo tipo que dificulten a acollida, a adaptación escolar e o desenvolvemento educativo do alumnado.
- Orientación académica
- 4.2.10.Favorecer o auto coñecemento do alumno que fundamente futuras decisións.
- 4.2.11.Potenciar a adquisición de competencias persoais relevantes para o progreso do alumno tales como a responsabilidade, esforzo, planificación, perseveranza, traballo colaborativo e creatividade.
- 4.2.12.Facilitar o coñecemento aos alumnos de 6º da etapa educativa que van a iniciar.
- Convivencia
- 4.2.13.Reforzar a formación en valores comprometida con principios universais propios da sociedade democrática: cooperación, convivencia, respecto e solidariedade, ..., concibindo o diálogo como ferramenta fundamental para a resolución pacífica de conflitos.
- 4.2.14.Impulsar actividades que incidan na mellora da competencia social.
- 4.2.15.Potenciar a posta en marcha de actuacións para mellorar a convivencia.
- 4.2.15 Colaborar na coordinación entre etapas educativas
- 4.2.16.Orientar adecuadamente o proceso de acollida ao alumnado de novo ingreso no centro.
- 3.2.17.Apoiar o proceso de transición entre etapas educativas, poñendo en marcha as medidas necesarias para facilitalo.

- **B) Con relación ás familias:**

- 4.2.18. Asesorar ás familias para afrontar adecuadamente os retos e as demandas que planea a educación dos seus fillos.
- 4.2.19. Orientar ás familias acerca dos servizos que lles proporcionan a asistencia e apoio que poidan precisar por estar en situación de desvantaxe socio educativa, pola súa condición de emigrante, por pertencer a minorías étnicas ou por estar a vivir situacións complexas ou problemáticas.
- 4.2.20. Asesorar e colaborar na procura de axudas e asistencia para alumnado con necesidades educativas de apoio educativo.

- **C) Con relación ao profesorado:**

- 4.2.21. Asesorar e colaborar na elaboración dos documentos do centro.
- 4.2.22. Proporcionar información acerca da normativa de desenrolo da LOE-LOMLOE e, en xeral, de toda aquela relacionada co seu ámbito de traballo.
- 4.2.23. Apoiar e asesorar no desenvolvemento da acción educativa e das actuacións que forman parte do desempeño da función docente: programación, avaliación,
- 4.2.24. Buscar a colaboración do profesorado nos procesos de avaliación psicopedagóxica e na organización da atención á diversidade do alumnado.
- 3.2.25. Asesorar no deseño, implementación e avaliación dos distintos plans e/ou programas que incidan na calidade educativa.
- 4.2.26. Asesorar e colaborar na elaboración, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade.

- **E) Con relación a outras institucións e órganos externos:**

- 4.2.27. Colaborar cos servizos de orientación: Equipo de Orientación Específico, Departamento de Orientación do IES ao que estamos adscritos e Departamentos de Orientación doutros centros educativos.
- 4.2.28. Coordinar actuacións relativas ao noso alumnado cos servizos externos dependentes das distintas Administracións: Saúde, Servizos Sociais, Concello, ...
- 4.2.29. Potenciar a utilización dos recursos que outras Administracións ou Entidades nos faciliten.

5. PROPOSTA DO PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO:

- Colaborar na elaboración do proxecto curricular de etapa, especialmente nos aspectos de concreción individualizada que precisen alumnos con necesidades educativas especiais.
- Asesorar e apoiar no deseño dos métodos e procesos de avaliación, tanto do alumnado canto dos procesos de ensinanza.
- Asistir e asesorar tecnicamente ós profesores para o desempeño da súa función titorial, facilitándolles técnicas e instrumentos para o exercicio desta, así como outros elementos de soporte para actividades docentes de reforzo, recuperación e de adaptación curricular.
- Asesorar no tratamento flexible e diferenciado da diversidade de aptitudes, intereses e motivacións dos alumnos.
- Colaborar na prevención e na pronta detección de dificultades ou problemas educativos, de desenrolo persoal ou de aprendizaxe, que presenten os alumnos, e a apropiada intervención para tratar de remedialos.
- Analizar as necesidades de orientación escolar.
- Colaborar na orientación escolar individualizada ós alumnos, favorecendo neles a mellora dos procesos de decisión e madurez vocacional.
- Cooperar nas adaptacións curriculares, na programación de actividades de recuperación e reforzo, en programas de ensinar a pensar e a aprender, e na mellora da interacción social no centro.
- Promover a cooperación entre escola e familia para unha mellor educación dos/as alumnos/as.
- Participar na Comisión de Coordinación Pedagóxica do Centro.
- Participar no desenvolvemento da avaliación diagnóstica do alumnado dos C.E.I.P. Filomena Dato. (Orde do 16 de febreiro de 2009 pola que se regula o desenvolvemento da avaliación diagnóstica na Comunidade Autónoma de Galicia).
- Participar co profesorado de apoio do Centro, nas reunións que convoque a Xefatura do Departamento.
- Participar na reunión preceptiva trimestral cos membros do Departamento e naquelas que se consideren necesarias.

- Participar en reunións semanais durante o horario de permanencia no Centro, con mestres - titores, especialistas, coordinadores, coidador...
- Colaborar en reunións conxuntas entre titores e profesorado de apoio para estudar modalidade de apoio individual contextual para cada alumno/a que presenta necesidades educativas especiais.
- Analizar a orixe do fracaso escolar (se existise)
- Establecer pautas comúns de actuación entre niveis e entre etapas, para a educación do alumnado.
- Colaborar no proceso de acollida para o alumnado de nova matriculación.
- Realizar programas de técnicas de estudo, para os alumnos que cursan 6º nivel de E. Primaria.
- Colaborar na realización de programas de conduta, co alumnado que o precise.
- Colaborar na actualización do R.R.I. do Centro.
- Participar na revisión e coñecemento do P.A.T. do Centro.

DA XEFATURA DO DEPARTAMENTO:

- Atende-las demandas de avaliación individual do alumnado e definir as oportunas modalidades de escolarización.
- Participar na avaliación psicopedagóxica conforme a normativa ó respecto e participar no deseño e desenrolo de medidas de atención á diversidade.
- Realizar a avaliación Psicopedagóxica e Logopédica do alumnado que presenta necesidades educativas especiais ó comezo de cada nova etapa educativa.
- Aportar unha competencia especializada na orientación escolar à acción educativa do Centro.
- Transmitir información ó profesorado, sobre as características persoais e colectivas dos alumnos.

- Elaborar, adaptar, distribuír e/ou divulgar materiais e instrumentos de apoio útiles ó profesorado (hábitos de traballo, técnicas de estudio, programas de ensinar a pensar, ...)
- Participar e asesorar nas sesións de avaliación trimestrais dos distintos niveis.
- Analizar e asesorar as programacións de aula de todo o profesorado do Centro.
- Facilitar o acceso dos alumnos à Educación Infantil, así como o paso posterior á Educación Primaria e a Secundaria Obrigatoria.
- Realizar a despistaxe dos alumnos que se incorporan ó Centro que o precisen.
- Actualizar tódolos informes do alumnado que recibe apoio.
- Convocar e levantar acta das reunións do Departamento.
- Colaborar co servizo de Inspección Técnica de Zona, CEFORES e outras institucións na formación permanente e no asesoramento dos profesores.
- Participar na recollida e actualización de datos referidos a orientación que sirvan de base para a realización de estudos e a planificación de programas ou intervencións.
- Participar nas reunións as que sexan convocadas, polo Departamento de Orientación do I.E.S. ó que está adscrito este Departamento.

6. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

A determinación de liñas prioritarias de actuación é un paso necesario nunha planificación de accións realista e efectiva.

En coherencia coas finalidades da orientación reguladas pola normativa e tras a análise das necesidades da comunidade educativa, fíxanse os obxectivos xerais e específicos que van guiar a acción orientadora do centro.

Compre agora a análise da Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, que define as liñas prioritarias de actuación que deben ser tamén referente da nosa acción orientadora. Non obstante, para establecer ámbitos de actuación preferente dentro das

accións que o centro ten determinadas, debemos ter tamén en conta as demandas derivadas da evolución da realidade desde o ano 2010.

Estes ámbitos preferentes e as características e necesidades do centro, son os criterios que guían o establecemento das accións prioritarias.

O desenvolvemento dalgunha delas precisará da continuidade do seu tratamento ao longo de varios anos e, ao ter que responder de xeito prioritario fundamentalmente ás demandas de atención ás necesidades específicas de apoio educativo que puideran presentarse ao longo do curso, é posible tamén que haxa que pospoñer o desenrolo de outras a vindeiros cursos.

Moitas desas accións prioritarias aparecen recollidas nos programas que conforman este Plan de Orientación. De todos xeitos, pódense destacar as seguintes:

Asesorar e colaborar na elaboración e revisión dos documentos que integran o Proxecto Educativo do Centro.

Asesorar e colaborar nos procesos de elaboración e desenvolvemento das programacións, especialmente no relativo á promoción da convivencia e atención á diversidade e ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Asesorar e colaborar no desenvolvemento das actuacións titoriais e das medidas contempladas no PAT.

Deseñar e colaborar en actuacións que teñan como obxecto a promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.

Planear propostas para mellorar os canles de coordinación co centro de secundaria ao que estamos adscritos e facilitar o tránsito do alumnado entre estas etapas educativas.

Asesorar á Comunidade Educativa en relación as actuacións relacionadas co axuste, mellora e desenvolvemento xeral dos diferentes aspectos do proceso educativo.

Asesorar e informar acerca das normas de desenvolvemento da LOE-LOMLOE e procesos e accións educativas que derivan destas.

Promover a reflexión e a coordinación entre os distintos servizos que interveñen cun mesmo alumno/a.

Manter actualizado o Plan de Orientación concretando no PAADO e concreción do PXAD as actuacións previstas para o curso.

7. ATENCIÓN À DIVERSIDADE

Durante o presente curso académico 2022 / 2023, este Centro, desenrolará basicamente o principio social de normalización e igualdade a través do apoio técnico, persoal e grupal ó alumnado e ás familias con necesidades educativas especiais que se poidan producir, ocasional ou reiteradamente.

De acordo coas premisas socio - educativas establécense de forma puntual e prioritaria os seguintes obxectivos:

- Favorecer a interacción social.
- Desenrolar á comunicación oral e escrita: lecto - escritura.
- Adaptar o currículo ós alumnos.
- Introducir obxectivos e contidos non contemplados no currículo ordinario.
- Colaborar cos/coas titores/as na elaboración das A.C.I. e R.E. correspondentes.

A metodoloxía seguida potenciará en todo momento as aprendizaxes máis significativas, priorizando para elo uns obxectivos e contidos, realizando cambios na temporalización, reforzando obxectivos, realizando grupos de aprendizaxe partindo de experiencias coñecidas e favorecendo en todo momento a integración social do alumnado.

Co fin de acadar estes logros educativos, o profesorado deberá apoiar en todo momento (tempo ordinario e horas de dedicación ó Centro), a estes alumnos; organizando para iso materiais, tempo e espazos de forma flexible e adecuada ás necesidades do momento.

De forma sistemática e continuada realizarase a AVALIACIÓN FORMATIVA E SUMATIVA de todo o proceso seguido e do alumnado, analizando os logros e a consecución dos obxectivos propostos polo Centro, co fin de orientar o proceso de axuste continuo do currículo e a programación do Centro.

8. CRITERIOS E FORMAS DE AVALIACIÓN

A avaliación constitúe un elemento fundamental para a mellora de calquera actividade. Só desde unha reflexión crítica sobre o desenvolvemento das actuacións emprendidas, poden poñerse en marcha procesos de mellora fundamentados no ámbito educativo. Esta reflexión debe ser compartida

polos distintos axentes da comunidade educativa, permitindo así enriquecer as propostas de melloras coas súas achegas..

En relación ao Plan de Orientación, é preciso avaliar o seu desenvolvemento xunto co do plan anual de actividades do Departamento de Orientación (PAADO). Deben fixarse pois, uns criterios xerais de avaliación e establecer procedementos e instrumentos para valorar a idoneidade das súas propostas e o grao de cumprimento das actuacións que recolle.

8.1. Criterios de avaliación

Os criterios que van permitir facer un seguimento e/ou avaliación do Plan de Orientación relaciónanse directamente cos obxectivos programados nel e veñen determinados por:

A realización das actuacións previstas nos diferentes programas.

A resposta ás demandas da comunidade educativa.

A satisfacción das necesidades de orientación do centro.

O grao de axuste á realidade do centro.

A resposta á diversidade.

O apoio á comunidade educativa no desenvolvemento das accións de mellora da intervención educativa.

O asesoramento e apoio en relación a todo o relacionado coas accións de desenvolvemento da LOE-LOMLOE.

A promoción das relacións dos distintos sectores da comunidade educativa e a participación na vida do centro.

A relación cos axentes externos.

O apoio ao alumnado para favorecer o seu desenvolvemento integral.

A promoción e apoio á convivencia.

8.2. Procedementos e instrumentos de avaliación do plan

Para a avaliación deste plan de orientación utilizaranse os seguintes procedementos e/ou instrumentos:

As reunións de coordinación.

Cuestionarios.

Análise dos resultados escolares e das probas de diagnóstico.

Entrevistas.

Análise do clima de convivencia no centro.

Memorias finais.

Análise de documentos.

Análise de tarefas.que nos darán información acerca de:

Desenvolvemento das accións prioritarias.

As accións previstas e non realizadas.

As modificacións e/ou actuacións introducidas.

Reunións celebradas.

A participación nas reunións do Departamento.

O número de demandas recibidas.

O número de demandas atendidas.

Instrumentos e/ou documentos elaborados.

O desenvolvemento do propio PAADO.

E outras que poidan ser de interese.

11 PROGRAMACIÓN XERAL DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Durante o curso 2022/2023 a especialidade de Pedagogía Terapéutica no centro estará impartida polas mestras de PT: Ana María Patao García, Yolanda Llorente Cuesta (afín AL) e Rosa M^a Losada Rodríguez (atención preferente).

Atenderemos aos ACNEAE que a LOMLOE define como aquel alumnado que require unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar: Necesidades Educativas Especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por encontrarse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

OBXECTIVOS:

Obxectivos xerais:

- Desenvolver ao máximo posible as potencialidades do alumnado, no que se refire a valores, habilidades e coñecementos.
- Favorecer o desenvolvemento das capacidades persoais de cada alumno/a.
- Facilitar o acceso e desenvolvemento do currículo á totalidade do alumnado con ACNEAE.
- Favorecer a integración do alumnado inmigrante.
- Fomentar actitudes de respecto e non discriminación cara aos alumnos/as con ACNEAE e aos alumnos/as procedentes do estranxeiro.

Obxectivos específicos:

- Posibilitar o acceso ao currículo de todo o alumnado aproveitando os recursos existentes no centro.
- Individualizar os procesos de ensino-aprendizaxe, adaptándose aos requirimentos e características de cada alumno/a.
- Adaptar os procesos de ensino ao estilo de aprendizaxe de cada alumno/a.
- Partir do seu ritmo de traballo.
- Adaptar os procesos de ensino ás capacidades cognitivas.
- Promover no alumno/a a motivación e a reflexión sobre o propio proceso de aprendizaxe.

- Contemplan outras diferenzas individuais que poidan afectar á aprendizaxe : biolóxicas, psicolóxicas e/ou sociais.
- Diseñar procesos de atención á diversidade que axuden aos alumnos/as a conseguir os obxectivos mínimos establecidos para cada nivel.
- Facilitar e proporcionar ao alumno/a con ACNEAE unha resposta axeitada e de calidade que lle permita alcanzar o maior desenvolvemento persoal e social.
- Coordinar e colaborar en todos os ámbitos, entre os profesores/as que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos/as con ACNEAE.
- Coordinar e facer un seguimento das directrices e criterios pedagóxicos da orientadora do centro e do propio departamento de orientación, na adopción de decisións respecto dos alumnos/as con ACNEAE.
- Fomentar a participación dos pais e nais implicándoos no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Favorecer a adaptación progresiva ao centro do alumnado que procede do estranxeiro ou que se incorpore ao longo do curso.
- Fomentar a convivencia no grupo clase e desenvolver actitudes de cooperación e aceptación de cara á diversidade de alumnado.
- Favorecer o coñecemento das dúas linguas do centro por parte do alumnado procedente do estranxeiro, así como que coñezan e participe da nova cultura.

COMPETENCIAS CLAVE:

1. Comunicación lingüística.
2. Competencia plurilingüe.
3. Competencia matemática e ciencia e tecnoloxía.
4. Competencia dixital.
5. Competencia persoal, social e aprender a aprender.
6. Competencia cidadá.
7. Competencia emprendedora.
8. Competencia en conciencia e expresións culturais.

ACTIVIDADES:

As actividades irán encamiñadas a desenvolver os obxectivos propostos e farán énfase nas necesidades educativas especiais traballando a lectoescritura, a lectura comprensiva, o razoamento, o cálculo, a atención, a autonomía, a autoestima...

ALUMNOS/AS, DIFICULTADES E ASPECTOS QUE SE TRABALLAN.

❖ Alumnado con Necesidade Específica De Apoio Educativo:

- Atendido pola mestra de PT
 - Unha alumna de 6º de Educación Infantil con dificultades motoras e de socialización.
 - Un alumnos de 1º de Educación Primaria con atraso madurativo.
 - Unha alumna de 2º de Educación Primaria con dificultades de aprendizaxe: dislexia.
 - Un alumno de 2º de Educación Primaria con dificultades de aprendizaxe: lectura e escritura.
 - Un alumno de 2º de Educación Primaria con atraso madurativo.
 - Un alumno de 3º de Educación Primaria con condición persoais ou de historia escolar.
 - Un alumno de 4º de Educación Primaria con TDAH, dificultades socioemocionais e risco alto de dislexia.
 - Un alumno de 4º de Educación Primaria con TDAH predominante inatento e dislexia.
 - Un alumno de 6º de Educación Primaria con dificultades específicas de aprendizaxe.
- Atendidos pola mestra de PT afín AL:
 - Un alumno de 4º de Educación Primaria por incorporación tardía ao sistema educativo español e desfase curricular.
 - Dous alumnos de 4º de Educación Primaria con dificultades específicas de aprendizaxe e dislexia.
 - Un alumno de 4º de Educación Primaria con dificultades específicas de aprendizaxe
 - Alumno de 5º de Educación Primaria por incorporación tardía ao sistema educativo español e desfase curricular.
 - Alumno de 5º de Educación Primaria con dificultades de aprendizaxe e dislexia.
- Atendido pola mestra de PT atención preferente
 - Un alumno de 6º de Educación Infantil con trastorno do neurodesenvolvemento, 5 horas semanas.
 - Un alumnode 1º de Educación Primaria con trastorno do neurodesenvolvemento, 7 horas semanas.
 - Un alumnode 5º de Educación Primariacon TEA, 10 horas semanais.

❖ Contidos e aspectos a traballar:

- Completar o proceso de adquisición da lectoescritura. Comprensión lectora. Regras ortográficas. Composición escrita. Vocabulario básico.
- Atención. Memoria visual e auditiva.
- Percepción auditiva. Memoria auditiva. Hábitos de autonomía e conduta.

- Coordinación óculo-manual. Motricidade fina e grossa.
- Cálculo. Razoamento verbal e numérico. Lóxica matemática. Resolución de problemas. Medida de lonxitude, capacidade, masa, superficie, tempo, moedas e billetes. Conceptos básicos (relacionados co espazo, cantidade e tempo). Xeometría do plano e do espazo. (Nenos/as con dificultades na área de matemáticas). Método ABN.
- Capacidade de relación e interacción social. Capacidade de referencia conxunta. Funcións comunicativas. (Nenos/as con transtorno Xeneralizado do Desenvolvemento)
- Desenvolvemento psicomotor, perceptivo e da linguaxe oral.
- Desenvolvemento socio-afectivo en tempo escolar.
- Dificultades na lectoescritura e aprendizaxes matemáticas.
- Reforzo nos hábitos e técnicas de estudo.
- Técnicas de traballo intelectual, técnicas lectoescritoras (velocidade, composición, lectura crítica); reforzo das capacidades básicas.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS E MODALIDADES DE APOIO:

A **metodoloxía** didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.

As liñas metodolóxicas a seguir son as seguintes:

- *Métodos individualizados*: atención ás condicións e características peculiares de cada alumno/a.
- *Métodos socializados*: Adquirirá patróns de comportamento óptimos, ademais de ir tomando conciencia da súa persoa e madurando unha correcta autoestima.
- *Métodos globalizados*, funcionais e significativos.
- *Métodos intuitivos*: Debemos partir sempre da realidade vivida polo neno/a.
- *Métodos polisensoriais*: a realidade inmediata debe ser percibida no neno/a polo maior número de sentidos posible (vista, oído, olfacto, gusto, tacto), para chegar á intuitividade e aumentar a calidade e fixación das aprendizaxes.
- *Métodos activos*: aprender Facendo.- Este principio cobra maior relevancia no alumno/a con NEE que necesita dispoñer dun amplo repertorio de actividades variadas e motivantes, para poder cambiar de tarefa con certa frecuencia debido ós problemas de atención que manifesta.
- *Métodos ou enfoques construtivistas*.
- *Métodos que potencien as Competencias Básicas no Currículo*: para acadar a integración das aprendizaxes de todo tipo resumidas en: saber - saber facer - saber ser.

Modalidades de apoio.

Como norma xeral as modalidades de apoio estableceranse, en cada caso concreto, nunha reunión conxunta entre a Xefa do departamento do centro, as mestras de PT e o profesor/a titor/a correspondente, procurando sempre unha optimización dos recursos dispoñibles.

➤ Metodoloxía en situación de ensino non presencial:

No caso de que volvese a darse unha situación de ensino non presencial, co ACNEAE empregáranse, sempre tendo en conta os recursos dos que dispoña o alumnado, os seguintes medios:

- Videochamada individual ou en pequeno grupo a través de Cisco Webex, para facer a clase online.
- Creación dun curso na Aula Virtual do centro ao que só poida acceder o alumnado apoiado pola mestra de PT.
- Creación dun menú na Páxina web do centro destinado a Pedagogía Terapéutica.

O ACNEAE, polas súas dificultades, é o alumnado que posiblemente precisaría unha maior implicación das familias nunha situación de ensino non presencial, polo que a coordinación entre o profesorado e as familias ten que ser constante; procurando non sobrecargar ao alumnado na realización de tarefas.

RECURSOS: MATERIAIS, PERSONAIS E ORGANIZATIVOS:

Empregaranse MATERIAIS variados , algúns adaptados e outros específicos propios de cada necesidade, para facilitar o acceso do alumno/a as distintas aprendizaxes.

Para o alumnado estranxeiro sen ningún coñecemento das nosas linguas, traballarase fundamentalmente con pictogramas e con imaxes, para que vaia adquirindo competencia nas linguas progresivamente.

Os recursos PERSOAIS estarán constituídos basicamente por:

- Profesor/a titor/a.
- Profesores/as de áreas ou materias.
- Mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición E Linguaxe.
- Departamento de Orientación: Orientadora.

As MEDIDAS ORGANIZATIVAS: están condicionadas polas necesidades educativas dos alumnos/as. O criterio xeral que se vai adoptar é proporcionar ós alumnos/as unha resposta educativa adaptada a diversidade das súas capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe, isto é unha intervención individualizada.

TEMPORALIZACIÓN:

Durante o mes de setembro:

- Identificación das necesidades educativas especiais dos alumnos/as do centro.
- Revisión da documentación existente (informes psicopedagóxicos, tutoriais...) nos expedientes académicos, no caso de alumnos/as xa escolarizados anteriormente.
- Asistencia a reunións programadas no centro polo Departamento de Orientación.
- Realización das avaliacións iniciais dos alumnos/as xa reforzados no curso anterior para establecer os niveis de competencia curricular que posúen: para a partir de aí, decidir o tipo de intervención a levar a cabo ao longo do presente curso.
- Realización das avaliacións iniciais dos alumnos/as que chegaron no curso actual, no caso de que os titores/as detecten algunha dificultade, ou no caso de alumnos/as procedentes do estranxeiro, e non coñecen ningunha das nosas linguas.
- Definición en colaboración coa Orientadora, titores/as os programas de traballo individuais.
- Selección das bandas horarias máis axeitadas para cada neno/a en función dos horarios das aulas ordinarias, respectando as sesións de Religión, Educación Física, Inglés e Educación Artística.
- Definir os aspectos metodolóxicos que se van a empregar.
- Selección, preparación e confección de materiais didácticos, así coma instrumentos de rexistro a cumprimentar polos mestres/as co fin de controlar o proceso de ensino - aprendizaxe dos alumnos/as.

Ao longo do curso:

- Asistencia a reunións programadas no centro polo Departamento de Orientación.
- Colaborar cos titores/as nas tarefas de: orientación e información ás familias, avaliación e decisión sobre promoción.
- Solicitar, de acordo cos titores/as, valoracións psicopedagóxicas cando se considere pertinente.
- Cos alumnos/as realizaranse intervencións individualizadas e de pequeno grupo, empregando plans e programas de traballo específicos para cada alumno/a, segundo as súas necesidades educativas.
- Coordinación entre todos/as os/as profesionais do centro implicados na educación dos alumnos/as que presentan dificultades, e co Departamento de Orientación ademais de coa propia familia a fin de favorecer o intercambio de información.

AVALIACIÓN:

A avaliación, sempre inicial, formativa, continua e global dando lugar a avaliación final, abarcando dúas vertentes:

- **Avaliación do alumno/a:** en función dos criterios elaborados polo centro nas programacións e programas de intervención. Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do Alumnado Con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (T. III, cap. II, art. 20.1 LOMCE)
- **Avaliación do proceso:** incluíndo metodoloxía, estilos de ensinanza- aprendizaxe, actitudes do profesorado, e reflexión-autoavaliación da práctica docente.

Terá lugar na propia aula, ao longo de cada sesión de traballo, e nas sesións de avaliación coordinación co resto do profesorado implicado, a través dunha reflexión profunda na actuación educativa.

As incidencias observadas permitirán introducir as modificacións oportunas dentro do proceso.

12 PROGRAMACIÓN XERAL DE INTERVENCIÓN DE AUDICIÓN E LINGUAXE

1. INTRODUCCIÓN

É evidente a importancia da comunicación na sociedade actual, sendo cada vez máis necesaria unha boa competencia comunicativa, unha boa expresión e un dominio da linguaxe que permita afrontar diferentes situacións. Esta necesidade social conflúe coa preocupación existente no contexto escolar pola inclusión total de todos os nenos e mulleres nas súas características e co obxectivo de conseguir o maior desenvolvemento individual.

Deste xeito, e tendo en conta que a linguaxe é unha aprendizaxe natural que aparece grazas a unhas aptitudes específicas (auditivas e bucoarticulatorias) e desenvólvese por mor da interacción social, o período, e o contexto, escolar convértese en fundamentais (Tough (1987) di que “ a escola contribúe de xeito decisivo a evolución da comunicación e a linguaxe, tanto oral coma escrito”) .

Esta habilidade social, vese modificada por moitos factores: persoais (audición alterada, psicomotricidade bucofacial defectuosa, motricidade deficiente...), sociais (baixo nivel sociocultural, ambiente pouco estimulante, familias desestruturadas...), ou outro tipo de causas que provocan, ou poden provocar alteracións en calquera dos ámbitos ou compoñentes da linguaxe. Devanditas alteracións poder ter coma consecuencia un defectuoso proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O Noso Centro está situado nun contexto urbano e periférico á gran cidade de Ourense. Os veciños de Barbadás traballan fundamentalmente na construción, o comercio, os servizos e a industria. Atopámonos con que a maior parte dos pais e nais do alumnado só posúen os estudos elementais ou medios, sendo unha minoría os que realizaron estudos universitarios.

Con todo isto podemos concluír que o nivel socioeconómico e cultural das familias é, en xeral, medio. E que hai moito alumnado que provén de América latina, que descoñecen o segundo idioma ou teñen incorporación tardía ao sistema educativo. Debemos compensar. Segundo Bernstein (1971) cando nun medio familiar a contextualización está orientada cara significados relativamente independentes do contexto, adquire un código lingüístico elaborado, propio de clases medias que, serve de soporte a toda instrución posterior, a reforza e fai un vehículo fácil e natural de transmisión de coñecementos. En cambio cando se da en contexto de privación cultural, oriéntase cara significados relativamente dependentes do contexto, dun universo restrinxido, moi pouco estruturado. ¿Por qué? Porque a principal preocupación destas familias é a supervivencia, o cotiá, e como superar as dificultades diarias, polo que na súa vida queda pouco espazo para separarse do seu espazo físico e/o intelectual.

Ademais do labor diario e fundamental dos titores, o perfil de Audición e linguaxe encargarase, Ademais daquelas outras funcións recollidas no Decreto 374/1996 e na Orde do 24 de xullo de 1998, da prevención e estimulación específica da linguaxe dos nosos alumnos e da modificación de malos hábitos lingüísticos existentes en grande medida nos nenos. A orientadora será a principal xefa do departamento e a mestra de Pedagogía Terapéutica, a outra PT con afín AL e mais eu estaremos implicadas coas NEE.

Así pois a labor dos mestres de AL (ademais das recollidas na Orde 8 de setembro do 2021, perseguiremos unhas finalidades básicas:

- Avaliación da linguaxe: detección do problema, avaliación inicial e recomendacións.
- Modificación ou cambio da conduta lingüística alterada.
- Estimulación do desenvolvemento lingüístico en nenos/as con retardo e/ou con deficiencias físicas, psíquicas ou sensoriais.
- Estimulación do desenvolvemento da linguaxe na poboación escolar normalizada (escasa

estimulación, privación (socio-cultural).

- Coordinarse cos outros mestres na labor docente.
- Informar aos proxenitores e axudar na labor de reeducación.
- Prevención de posibles alteracións lingüísticas (Se dá tempo por mor das intervencións)

2. ALUMNADO

Aos especialistas que lles compre a atención a alumnado de Audición e Linguaxe deste Centro temos previsto, durante o curso escolar 2022-2023, a atención do alumnado que a 1 de setembro de 2021 presenta NEE (permanecendo o horario aberto a alumnos/as pendentes de valoración e ás novas incorporacións ao centro de alumnado que o puidera precisar). Con esta data contamos con:

- TEA
- Dificultades psicolingüísticas
- Trastornos que afectan e alteran tanto a aprendizaxe coma o desenvolvemento da lecto-escritura.
- Retrasos de madurez
- Atrasos na aprendizaxe
- Descoñecemento das linguas por incorporación ao noso sistema educativo (alumnado inmigrante)
- Dislalias (non prioritarias)

No momento actual comprendería a atención do alumnado afectado polas dificultades derivadas do que se especifica aquí, ademais das necesidades que poidan xurdir ao longo do curso escolar.

DIAGNÓSTICO DE NECESIDADES

Para o diagnóstico de necesidades, en primeiro lugar, faremos unha avaliación inicial dos casos que foron atendidos o curso anterior. Logo proseguiremos cos alumnos de nova incorporación que traen algún tipo de informe que sinala que foi obxecto de apoio de audición e linguaxe, e posteriormente, cos casos nos que sexamos avisados polos titores (e despois de seren valorados). En función disto iníciáanse as intervencións. Establécense as canles de comunicación coas persoas titoras de xeito que terase información dos casos actuais e o modelo de actuación diante de posibles casos que poidan ir xurdindo. As profesoras de PT, AL, e a Orientadora, establecen o horario e a pertenza a cada plan do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Establecemos os criterios de adscrición para que sexan coñecidos por toda a Comunidade Educativa, e deste xeito a nosa actividade poida ser planificada, estruturada e xustificada ó máximo posible, que serán os que seguen:

- Atenderase o alumnado que así o aconselle a Avaliación psicopedagóxica.
- Atenderase ao alumnado que non teña comunicación ou esta sexa moi elemental.
- Atenderase ó alumnado obxecto dunha ACI, que de momento non hai.
- Continuaranse os apoios do curso anterior.
- Buscarase sempre un apoio de calidade fronte a un de cantidade.

A proposta de atención presentarase ao profesorado afectado para o seu coñecemento e consideración. Enviaráselle aos rapaces un papel para que firmen a avaliación e actuación, e de aquí sae a proposta definitiva, que a Orientadora facilita á Xefa de Estudos.

O resto das necesidades educativas serán atendidas tendo en conta as posibilidades horarias e os recursos persoais. De calquera forma, o número de horas de apoio ou reforzo educativo fóra da aula ordinaria nunca excederán non poderá exceder a terceira parte dos períodos lectivos semanais (Orde 8 de setembro do 2021). Para a detección das necesidades do alumnado no ámbito da comunicación, o Departamento de Orientación realizará as valoracións pertinentes, contando ca información aportada polos titores/as e as familias.

En 4º de infantil atenderemos a un neno con labio leporino

En 5º de infantil atenderemos a un mutismo selectivo e un neno de procedencia afgana

En 6º de infantil atenderemos: un con TEA, dous con retraso madurativo e problemas de fala, e unha nena con moitos problemas e contexto familiar malo. Doutro grupo unha nena de procedencia afgana.

En 1º de primaria atenderemos a dos nenos: un con TEA e outro con retraso nadurativo e noutra aula a un con múltiples dislalias e problemas de fala.

En 2º de primaria serán atendidos una nena de procedencia afgana, un neno posible TEA, tres con problemas lingüísticos e algunha dislalia,

En 3º de Primaria un neno con problemas de fala e lectura escritura, unha incorporación de Cuba, un con múltiples dislalias e un problema de fala.

En 4º de Primaria atenderemos un neno con microcefalia e varios problemas engadidos, un TDAH con dislexia e problema na lectoescritura, e tres con problemas de lectura e escritura doutro grupo. A

maiores un neno que repite por ser de incorporación estranxeira e levar anos sen escolarizar, cos problemas que ten.

En 5º atenderemos a un alumno TEA con problemas de diversa índole, que continúa coa mestra de atención preferente, e doutro grupo unha nena que repite e incorporouse de latinoamérica o curso pasado. Neste último incorporouse unha nena nun curso inferior de latinoamérica que non parece estar escolarizada.

En 6º será atendido un neno con DEA.

Este alumnado fai un total de 29 alumnos/as en Audición e Linguaxe.

3. COMPETENCIAS CLAVE

Co labor das mestras de Audición e Linguaxe preténdese contribuír á adquisición de todas as competencias clave que representamos fusionadas pola confluencia das dúas leis educativas que estamos a vivir este curso.

- Competencia en comunicación lingüística ((LOMCE) / En comunicación lingüística e competencia multilingüe (LOMLOE)

-Adquirir vocabulario.

-Expresar pensamentos e emocións.

-Usar a lingua para obter e comprender información.

-Fomentar o interese polos xogos lingüísticos.

-Comprender e expresar de forma oral e escrita o sentido global dun texto.

-Fomentar o uso das regras ortográficas.

-Fomentar o gusto pola lectura e escritura de contos.

- Competencia matemática e competencias en ciencia e tecnoloxía (LOMCE) / Competencia matemática en ciencia e tecnoloxía STEM (LOMLOE)

- Usar a linguaxe para por en práctica procesos de razoamento.

- Usar táboas de clasificación.

- Opinar e sacar conclusións sobre avances científicos e tecnolóxicos.

- Razoamento verbal e lóxico.

➤ Competencia dixital (en ambas leis o mesmo nome)

-Usar o ordenador con programas sinxelos, facilitando deste modo a expresión, a comunicación, a creatividade, o acceso e xestión de información e o reforzo de contidos.

- Participando en actividades da Code Week: CODE, Scratch...

➤ Competencias social e cívica (LOMCE) / Competencia cidadá (LOMLOE)

-Contribuír a través da linguaxe ao coidado persoal, escolar e ambiental.

-Obter e interpretar información do entorno.

-Empregar a linguaxe para mostrar actitudes de respecto.

-Comprender códigos de conduta.

-Comunicarse de maneira construtiva e tolerante.

-Coñecer emocións e sentimentos en relación aos demais.

-Aprender a comunicarse cos outros e comprender o que os outros nos transmiten.

-Usar a lingua para desenvolver hábitos de comportamento responsables.

-Empregar o diálogo e a negociación para resolver conflitos.

➤ Aprender a aprender (LOMCE) / Competencia Persoal, Social e de aprender a aprender (LOMLOE)

-Desenvolver un proceso reflexivo que permite pensar antes de actuar.

-Comprender, analizar e dar coa solución a un problema. Saber autoavaliarse

-Usar a lingua para analizar problemas da vida cotiá, elaborar plans e tomar decisión.

➤ Iniciativa e espírito emprendedor (LOMCE) / Competencia Emprendedora (LOMLOE)

-Usar a lingua para expresar afectos, emocións, gustos e preferencias.

- Actuar de forma creativa. Ter capacidade de análise e planificación.
- Xogos de roles.
- Usar a linguaxe para defender con criterio propio a elección entre dúas ou máis opcións.

➤ Conciencia e expresión cultural

- Fomentar o gusto pola lectura en todo tipo de formatos.
- Valorar a liberdade de expresión.
- Respectar o dereito á diversidade cultural.
- Os ritmos e os sons serán un bo apoio.

4. OBXECTIVOS

Obxectivos xerais

1. Identificar as necesidades educativas específicas dos/das alumnos/as do Centro, na área de Audición e Linguaxe, en coordinación co Departamento de Orientación, os/as titores/as e a través da avaliación inicial.
2. Desenvolver os prerequisites e habilidades necesarias para a adquisición e mellora da linguaxe oral e escrita.
3. Diseñar e aplicar programas específicos de atención ás necesidades educativas no eido da Audición e Linguaxe para os/as alumnos/as do Centro que os precisen.

Obxectivos prioritarios

1. Favorecer ou crear unha comunicación nos casos nos que esta non exista ou sexa mala: ou ben aproveitar e potenciar todo intento comunicativo.
2. Desenvolver o ámbito **Fonolóxico- Fonético**, segmentario e non segmentario, a través de actividades de percepción, discriminación e recoñecemento auditivo dos sons e da linguaxe (incluíndo as *cualidades sonoras* – frecuencia, intensidade, duración, tempo e timbre - e a *análise auditiva* en diversas situacións), de actividades de memorización e evocación, de emisión bucofonatoria (lingua, beizos, mandíbula).

3. Aumentar o ámbito **Léxico-Semántico** a través do vocabulario, estruturación e relación interconzeptual, sistemas de evocación, clasificación por criterios, relacións causa-efecto, esquema de construción temporal, separación contido- forma ...
4. Desenvolver o ámbito **Morfolóxico** a través dos marcadores (xénero, número e tempo), interiorización e aplicación de regras, concordancias, composición- derivación ...
5. Desenvolver o ámbito **Sintáctico** a través da estruturación da frase, concordancias, secuencias verbais lóxicas e lonxitude do enunciado.
6. Desenvolver o ámbito **Pragmático** a través da prosodia, linguaxe corporal, coherencia-cohesión da frase, a interacción, a contextualización de enunciados, saúdos, preguntas e a complexidade irónico- metafórica.
7. Integración das TACS para que o traballo do alumno sexa particular e diferente.
8. Coordinarse co resto da comunidade educativa (mestres, pais...) para que o alumno saia beneficiado.
9. Perseguir a consecución de emitir os fonemas afectados de maneira espontánea.
10. Interviremos tamén no caso de que haxa que reforzar habilidades básicas, tales como atención, lateralidade, coordinación, funcións executivas, memoria, percepción...

5. INTERVENCIÓN

En función dos resultados da avaliación elabórase o programa de intervención personalizado; programa que non supón o fin da avaliación, que será continua durante a intervención, constituíndo o punto básico para a toma de decisións, exercendo de mecanismo de control da súa eficacia e indicando a necesidade de cambio de obxectivos cando os resultados sexan desfavorables.

Unha vez detectada a alteración e valorada a mesma, establecerase o programa. A atención realizarase nas aulas habilitadas de AL do centro, e na aula ordinaria. Faranse de xeito individual ou en agrupamento con outros nenos que precisen un traballo similar, que dada a situación actual xa podemos mesturar de varios grupos. Sempre respectaremos calidade fronte cantidade, e tendo sempre en conta que haxa unha boa interacción entre os membros, e que o traballo conxunto sirva de motivación para un mellor desenvolvemento. As sesións este ano pola situación actual serán de 25 minutos nas dislalias dos pequenos e dunha hora os/as maiores.

Cada neno terá un cartafol individualizado onde anotarase o traballo diario xunto cas observacións que se estimen oportunas, asistencia, informes, avaliacións, e demais. Esta información será almacenada, tamén, na medida que se xulgue oportuna, nunha carpeta individualizada no ordenador da aula.

Dada a especialización do mestre de AL de formador DUA (Deseño Universal para a Aprendizaxe) realizaremos sesións traballando las tres redes, 9 pautas e 29 puntos de verificación.

HABILIDADES PREVIAS BÁSICAS E CAPACIDADES FAVORECEDORAS

ATENCIÓN- CONCENTRACIÓN

OBXECTIVO: Adquirir un nivel adecuado de atención e concentración necesarios para a realización de tarefas facilitadoras das aprendizaxes escolares. Tamén a conceptualización.

ESQUEMA CORPORAL E LATERALIDADE

OBXECTIVO: Lograr o coñecemento do propio corpo e do corpo dos demais en situacións estáticas e dinámicas.

Reforzar a estrutura do esquema corporal e afianzar a lateralidade.

DESENVOLVEMENTO VISO-ESPACIAL

OBXECTIVO: Adestrar e/ou afianzar ao alumno/a nas nocións espaciais, de suma importancia no desenvolvemento da intelixencia imaxinativa e creativa e necesaria para as aprendizaxes escolares.

Ao mesmo tempo, afianzar a coordinación viso-motora e o sentido de secuencia ordenada nun espazo gráfico.

COORDINACIÓN VISO-MOTORA

OBXECTIVO: Adquirir unha maior destreza motriz fina, maior desenvolvemento tónico-muscular e máis coordinación óculo-manual, así coma unha maior e mellor percepción e discriminación visuais.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Lograr unha progresiva inhibición dos movementos manuais circunscibíndoos a unha amplitude cada vez máis limitada, actuando sobre a atención e a conduta; mellorar a prensión e a flexión adecuada do pulso.
- Desenvolvemento das habilidades de análise-síntese que, combinadas coa destreza motora e cos procesos perceptivo-visuais, faciliten a aprendizaxe e/ou a mellora da escritura e da lectura evitando e/ou corrixindo as posibles alteracións.

MEMORIZACIÓN

OBXECTIVOS:

- Mellorar a memoria de traballo.
- Dominar a reversibilidade na representación mental.
- Aumentar a capacidade de procesamento de información lingüística.
- Favorecer a comprensión lingüística.

PERCEPCIÓN E DISCRIMINACIÓN AUDITIVAS

OBXECTIVO: Identificar, interpretar e organizar a información auditivo-sensorial, transformala en representacións auditivas correctas, coherentes e con significado.

RESPIRACIÓN, SOPRO E MOTRICIDADE OROFACIAL

OBXECTIVOS:

- Mellorar a capacidade respiratoria e de sopro (intensidade de sopro, duración e control)
- Acadar unha adecuada coordinación fono-respiratoria
- Mellorar a mobilidade dos órganos fono-articulatorios

INTERVENCIÓN NAS DISTINTAS COMPOÑENTES DA LINGUAXE

NIVEL FONÉTICO- FONOLÓXICO

OBXECTIVO:

- Reducir o número de erros estruturais, sistémicos e asimilatorios, para lograr unha boa intelixibilidade da fala.
- Espertar e mellorar a conciencia fonolóxica (silábica, fonémica e rimas) a través de tarefas de identificación, adición, omisión e substitución.

NIVEL MORFOSINTÁCTICO

OBXECTIVO XERAL: Adquirir estruturas morfosintácticas en comprensión e expresión de acordo co nivel normativo e coa súa idade, que lle permita unha mellora na comunicación funcional e nas aprendizaxes escolares (incrementar a LME e diminuír o nº de erros).

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Aumentar o número de complementos nas estruturas simples.
- Ampliar a frecuencia no uso de estruturas múltiples así coma a variedade nos nexos.
- Respetar a orde temporal na que se presentan as secuencias dos feitos e dos acontecementos.
- Desenvolver a reflexión e a conciencia sintáctica que proporciona unha mellora na calidade e precisión das producións.
- Consolidar as formas verbais empregadas e aumentar a súa variabilidade e complexidade.
- Superar os erros de concordancia, omisións, adicións de elementos nas oracións, así coma os derivados da alteración na estrutura lóxica das mesmas.

NIVEL LÉXICO-SEMÁNTICO

OBXECTIVO XERAL: Desenvolver un nivel léxico en comprensión e expresión adecuado á súa idade e que sexa funcional para a súa comunicación.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Incrementar o número de palabras de contido en expresión e comprensión.
- Adquirir a relación semántica de sinonimia e antonimia.

- Aumentar a velocidade e precisión de acceso ao léxico e consecuentemente mellorar a fluidez verbal.

NIVEL SEMÁNTICO- SINTÁCTICO

OBXECTIVO: Aumentar a adquisición de vocabulario, a asignación de significados, a organización e clasificar por categorías para mellorar a capacidade de empregar a linguaxe como medio para explicar, razoar, describir e interpretar feitos e acontecementos que suceden ao seu arredor.

NIVEL FUNCIONAL

O traballo oriéntase fundamentalmente a tres grandes áreas: intencionalidade, discurso e narración.

OBXECTIVOS:

- Aumentar o uso de funcións comunicativas de petición, rexeitamento e expresión de sentimentos na súa modalidade oral.
- Mellorar as habilidades descritivas denominando compoñentes da escena, detalles, feitos e a súa relación.
- Narrar feitos sinxelos e experiencias de forma coherente e secuencial.

LECTO-ESCRITURA

OBXECTIVOS:

- Desenvolver una boa conciencia fonolóxica, silábica e léxica.
- Adquirir, automatizar e xeneralizar o uso das regras de conversión fonema-grafema e viceversa.
- Favorecer una boa mecánica lectora (precisión, ritmo e velocidade) facilitando a superación das dificultades e dos erros que se presenten (inversión, substitucións, omisións...)
- Desenvolver a comprensión lectora de palabras, de frases e textos.
- Gozar co que se expresa e se comunica.
- Facer inferencias e reflexionar sobre os textos.
- Potenciar e mellorar a escritura de ditados, a copia e a escritura creativa.
- Espertar o interese pola claridade e limpeza na escritura.

¡Ollo! Non traballaremos grafomotricidade con papel.

6. ACTIVIDADES

As actividades variarán de maneira constante, dende a utilización de láminas, fotografías, lotos fonéticos, debuxos para conseguir linguaxe de repetición; contos sobre un fonema determinado, cómic para falar, vídeos, audios... irán encamiñadas a desenvolver os obxectivos propostos e farán énfase nas necesidades educativas especiais no eido da comunicación e linguaxe (oral e escrita), estarán en función de cada caso en particular e adaptadas en canto a intereses, ritmo e nivel de competencia persoal do alumno/a

O uso do ordenador ou tablet como medio de autoavaliación, divertimento e apoio de fala terá un bo papel; escenificación de situacións da vida real; gravacións. É difícil dado que no centro non hai moitos recursos tecnolóxicos.

Se podemos, realizaremos un Proxecto eTwinning no centro coa finalidade de europeizar o centro e beneficiaren o alumnado. Este apartado dubido que se realice este ano por mor de que non dan posto a funcionar a nova plataforma europea.

7. METODOLOXÍA

Os principios que rexerán nosa actuación son:

- Favorecer o tratamento globalizado ou interdisciplinar dos contidos de aprendizaxe . Nun ambiente lúdico, relaxado e cooperativo.
- Prestarase especial atención ao ton de voz, entoación, pausas e silencios.
- Partir sempre dos coñecementos previos dos alumnos e relacionar as novas aprendizaxes coas que xa se posúen.
- Establecer actividades con diferentes grados de consecución e varias posibilidades de execución, que teñan aplicación na vida cotiá.
- Seleccionar técnicas e estratexias individualizadas que lle favorezan de xeito a aprendizaxe por descubrimento.
- Flexibilidade na xestión de espazos , tempos e agrupamentos do alumnado.

- Terase en conta os eventos puntuais para ensino (ecolóxico-contextual de Feuerstein) como o día da auga, da paz, do medio ambiente...
- A nosa metodoloxía é funcional, globalizada, activa e lúdica, seleccionando as técnicas en función do déficit; baseándose nos intereses, intentando que a aprendizaxe sexa significativo e funcional. Actividade, significatividade, descubrimento, traballo por centros de interese, obradoiros, contratos.... todos os principios desenvolvidos tentarán ter en conta a filosofía construtivista a que todos os alumnos se adaptan, teñan ou non necesidades de apoio educativo.

Utilizaremos os Métodos Cooperativos (aprendizaxe por interacción). O grupo incrementa a socialización, a aprendizaxe do alumnado con necesidades de apoio educativo o tempo do mestre para atender as diferenzas individuais), a imitación e modelado (expoñemos o alumno o modelo, reforzando o modelo e a imitación), manipulación de antecedentes (manipular acontecementos para producir unha interacción), manipulación de consecuencias (ofrece-la consecuencia en virtude da conduta social).

Dentro das nosas estratexias metodolóxicas, teremos en conta unha coordinación total coa Orientadora, titoras e coa P.T. e AL. Esa coordinación tomará corpo nas reunións planificadas nos nosos horarios, facendo destas un recurso educativo mais.

8. TEMPORALIZACIÓN

- Programación para o curso escolar 2022-2023 (tendo en conta que segundo a problemática haberá casos nos que a duración do programa será inferior ao curso escolar).
- Atención individualizada ou en pequenos grupos nas aulas de Audición e Linguaxe e dentro da aula ordinaria.

9. AVALIACIÓN

A avaliación entendese como actividade valorativa e investigadora, que afecta ó proceso de aprendizaxe e de ensinanza. Para isto utilizamos unha metodoloxía de avaliación flexible, procesual e continua, que teña en conta a simplicidade de cada neno, en función do seu propio proceso de aprendizaxe, as súas características e necesidades.

Comprenderá, pois, comprenderá tres intres diferentes pero relacionados entre si: unha avaliación inicial, unha procesual e unha avaliación final.

A **Inicial** ten coma finalidade diagnosticar as dificultades que poidan presentar os alumnos e establecer a resposta educativa mais axeitada .

A **Procesual** desenrolase o longo da intervención para seguir un control do desenvolvemento do tratamento e introducir os trocos oportunos ou seguir co mesmo plan de traballo. Para iso, ao longo do proceso de intervención iranse anotando os detalles de cada sesión para obter (durante e o final) unha visión o mais real posible do desenvolvemento do programa, e poder realizar durante o mesmo se fose preciso os axustes necesarios.

A **Final** ó rematar obteremos mediante unha nova proba a diferenza co punto de partida, aínda que no noso caso. Esa proba final incluírá as mesmas probas efectuadas o principio para ter unha visión nítida do camiño percorrido e avaliar o total do programa levado a cabo. Nós perseguimos a avaliación formativa fronte a sumativa. Recolleremos resultados (non transformados en números) que nos axuden a tomar decisións para que o alumnado mellore.

Na avaliación teremos en conta os datos aportados por toda a Comunidade Educativa que ten contacto co neno, de xeito que as melloras non se produzan en ámbitos determinados ou restrinxidos, e que nos dean información real do proceso de xeneralización efectuado polo alumno.

Así, o contacto frecuente con titores, especialistas e tamén cos pais, indicaranos si os logros conseguidos na aula de AL se producen en distintas circunstancias e na linguaxe repetida, dirixida e espontánea; tamén faremos un seguimento dos nenos en situacións de xogo e interacción cos compañeiros fóra da aula (recreo, informática).

Estableceremos unhas grellas que avalíen tanto o proceso de ensino como o de aprendizaxe, con ítems tales como “o alumno/a abúrrese”, “ten conciencia de melloría”, “é acorde o recurso utilizado co alumno/a” ou incluso, unha diana de avaliación.

Entregaremos os informes fin de curso á xefa do Departamento de Orientación.

10. RECURSOS

ESCOLARES: papeis, lapis, pinturas, follas, tesoiras, contos, dicionarios, encaixes.

CONCRETOS DE AL : espello, pallas, depresores.

CONCRETOS DA LINGUAXE:

- Fonética e fonoloxía: lotos fonéticos de Marc Monfort, lotos de oficios, de accións... programa CICERÓN, Memory, Fonodil 1 e 2.

- Semántica: vocabulario en imaxes, familias semánticas, memory, lotos...
- Morfosintaxe: tren de palabras de Marc Monfort, “Enséñame a hablar” de Grupo Editorial Universitario, lotos de accións, historias para ordenar, láminas,...
- Pragmática: cancións, refráns, xogos,...
- Atención: LINCE, quebracabezas, Tangram, policubos,
- Lectoescritura: LECTOFOTO, FONOIDENTIC

PROBAS: BLOC, RFI, BENHALE, BOHEM...

ORDENADOR: con programas como CODE,

TABLET: con ARABOARD para taboleiros de pictogramas, TEMPUS, DYTECTIVE

AUDIOVISUAIS: canón, televisión, DVD, taboleiro dixital, ordenador, robots, pantalla luminosa.

PERSOAIS: Mestres de PT e AL, orientadora, titoras...

OUTROS: metrónomo, xilófono, tambor...

11 POSIBILIDADE DE MODIFICACIÓNS POLA COVID-19

Como a aula virtual por experiencia neste centro non é moi posible para moito alumnado de AL, pero poderemos colgar xogos e actividades de reforzo na aula virtual. Será providencial o contacto coas familias para indicarlles que hai tarefas colgadas, xa que non van levar o nome do destinatario. Tales tarefas serán como [Scratch](#), [Learningapps](#), [liveworksheets](#), [quizizz](#), etc sobre todo no caso dos máis pequenos. Teremos en conta que non se pode sobrecargar ao alumnado con clase ordinaria, tarefas de PT e de AL, debe estar todo concretado, programado e consensuado.

13 EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Ao abeiro do decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísmo, constitúese neste centro o equipo de dinamización da lingua galega (EDLG) para potenciar o uso do noso idioma no **CEIP FILOMENA DATO**. O equipo está formado polo seguinte profesorado:

- Maria Calviño Husillos (4º de E. Infantil)
- Nuria Feijóo Fernández (2º curso de E. Primaria e coordinadora)
- Lorena Fernández Rodríguez (1º curso de E. Primaria)
- Rosa Mª Losada Rodríguez (Especialista P.T.)
- Yolanda Llorente Cuesta (Especialista A.L.)
- Ana María Patao García (Especialista de PT)
- Maria del Mar Velasco Arias (Especialista de Música)

O **CEIP FILOMENA DATO** presenta unha Programación Xeral Anual na que a innovación ficará no compromiso de involucrar a toda a comunidade educativa e máis ao entorno sociocultural na consecución de mellorar **a competencia comunicativa** oral e escrita dun xeito lúdico e interdisciplinar e coa utilización das ferramentas que nos brindan as TIC e os recursos do noso entorno.

A situación actual da nosa lingua fai que resulte imprescindible poñer todos os medios dos que dispoñemos para contribuír a presenza diaria e cotiá por parte do alumnado, profesorado e resto de membros da comunidade educativa, tanto dentro como fóra das aulas. Todos os sectores mencionados están intimamente relacionados e exercen a súa influencia reciprocamente, o que repercute en que sexa moi superior a competencia lingüística en castelán en comparación coa lingua galega.

[DESCRIPCIÓN DOS OBXECTIVOS.

XUSTIFICACIÓN LEGAL	
Constitución española 1978	Artigo 3: “ As outras linguas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades autónomas” Artigo 20: “... respectando o pluralismo da sociedade e das diversas linguas de España”.
Estatuto de Autonomía, 1981	Artigo 5: “ A lingua propia de Galicia é o galego”, etc.
Lei de Normalización Lingüística, 3 /1983 Galicia.	Todo o Título III Artigo 2: “Ámbito de aplicación” Artigo 3: “A lingua na Administración educativa”
Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no	Artigo 5: “Educación Infantil” Artigo 6: “Educación Primaria”

Obxectivo xeral: Obxectivo xeral: incrementar a competencia lingüística e escrita da lingua, así como fomentar e valorar a lingua e cultura galega.

Atendendo ao contorno sociolingüístico do centro:

- Establecer co concello, ANPA, organizacións culturais e pedagóxicas relacionadas co centro, colaboración e participación en distintas actividades, promovidas polas mesmas.
- Promover a interacción entre a escola e o seu contorno para facer máis rendible os recursos e os esforzos de ambos para a normalización e potenciar a nosa lingua e cultura.
- Colaborar con outros centros de ensino, establecendo canles de comunicación con eles en galego.

Atendendo a situación do profesorado:

- Estender e optimizar o uso do galego no centro.
- Manter a excelente implicación amosada o curso anterior por todos os axentes escolares.
- Participar en cursos de formación e traballar en colaboración coas demais dinamizacións

Atendendo a situación do alumnado:

- Favorecer o emprego do galego por parte dos alumnos e alumnas, potenciando unha actitude máis positiva cara ao galego que implique un incremento do seu uso en situacións cotiás.
- Favorecer a lectura de libros en lingua galega.
- Favorecer a asistencia a actividades que se realicen en lingua galega.
- Involucrar o alumnado na participación en concursos en galego organizados polo centro ou outras entidades.
- Mellorar a competencia dixital empregando a nosa lingua.

Atendendo a situación lingüística do centro:

- Colaborar cos titores/ titoras no desenvolvemento do Plan Lector en Lingua Galega.
- Dar a coñecer á Comunidade Educativa información e propostas de actividades para a celebración das distintas festas ligadas a nosa cultura, especialmente a das Letras Galegas, e o seu autor homenaxeado, o intelectual e fundador da Editorial Galaxia Francisco Fernández del Riego..
- Darlle un protagonismo central a expresión oral mediante contextos comunicativos lúdico – didácticos.
- Utilizar o galego como lingua vehicular tanto nas celebracións como nas diversas actividades que se leven a cabo no centro.

[DESCRIPCIÓN DETALLADA DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Atendendo ao contorno sociolingüístico do centro:	
OBXECTIVOS: Os establecidos no punto anterior.	Saídas culturais , organizadas desde o propio centro ou por entidades distintas ao mesmo (asociacións culturais, ANPA, concello...)
TEMPORALIZACIÓN: ao longo do curso.	Colaborar e participar con entidades e asociacións culturais que promovan a cultura galega.
IMPACTO: En toda a comunidade educativa e con vocación externa	Colaborar con outros colexios na realización de actividades conxuntas.
PARTICIPANTES: Alumnado, profesorado, entidades culturais e pedagóxicas e axentes colaboradores.	Aqueloutras que vaian xurdindo ao longo do ano e que teñan como finalidade promover o coñecemento da nosa cultura e xeografía.

Atendendo a situación do profesorado:	
OBXECTIVOS: Os establecidos no punto anterior	Elaboración da Programación Xeral Anual. Elaboración da addenda ao Proxecto Lingüístico. Elaboración do plan de fomento do uso do galego. Elaborar unha memoria final do EDLG.
TEMPORALIZACIÓN: Ao longo do curso.	Manter actualizado o taboleiro da lingua, a páxina web do centro e o blogue do EDLG.
IMPACTO: En toda a comunidade educativa e con vocación externa.	Elaboración dos distintos comunicados enviados ás familias por parte do EDLG. Lectura, análise e discriminación das propostas que chegan

<p>PARTICIPANTES: Profesorado do centro, EDLG, coordinadores varios e representantes de institucións externas.</p>	<p>por diversas canles. Coordinación do EDLG e elaboración das actas. Reunións cos coordinadores das outras dinamizacións.</p>
	<p>Elaboración da revista dixital “ A Lavandeira” coas achegas, en galego, dos alumnos e alumnas. Entrevistas con distintas institucións, centros de ensino e personalidades para coordinar e suxerir actividades.</p>
	<p>Aqueloutras que se consideren necesarias e vaian xurdindo ao longo do curso.</p>

Atendendo a situación do alumnado:

<p>OBXECTIVOS: Os establecidos no punto anterior</p>	<p>Festas tradicionais: Samaín, Magosto, Nadal Entroido, Maíos...</p>
	<p>Conmemoracións: Día da Paz, Día da Candeloria e S. Valentín, Día de Rosalía de Castro, Día da Muller Traballadora, Día do libro, Letras Galegas.</p>
	<p>Exposicións varias: fotográficas, artesanía, traballos...</p>
	<p>Xogos tradicionais: Coñecer diversos xogos populares e acompañalos de retahílas, pareados e memorizar textos de rifar en cada xogo.</p>
	<p>Creación de audiovisuais .</p>
<p>TEMPORALIZACIÓN: ao longo do curso.</p>	<p>Participar en concursos e certames: A tarxeta de Nadal, “Cartas de namorados”...</p>
<p>IMPACTO: En toda a comunidade educativa e con vocación externa.</p>	<p>Aqueloutras que vaian xurdindo ao longo do curso.</p>
<p>PARTICIPANTES: Alumnado, profesorado, familias</p>	

Atendendo a situación lingüística do centro:

OBXECTIVOS: Os establecidos no punto anterior	Traballar de forma coordinada coas demais dinamizacións do centro.
TEMPORALIZACIÓN: Ao longo do curso.	Promover a recuperación do Festival das “Letras Galegas”
IMPACTO: En toda a comunidade educativa e con vocación externa	Participar en actividades relacionadas coa nosa lingua e cultura: Samaín, Magostos, Nadal, Entroido...
PARTICIPANTES: EDLG Alumnado, profesorado, ANPA, Concello, entidades culturais e pedagóxicas e axentes colaboradores.	Solicitar do concello e da ANPA e de asociacións veciñais e culturais a implicación en actividades programadas para o fomento do uso do galego.
	Aquelas que vaian xurdindo ao longo do curso.

[REUNIÓN

As reunións ordinarias do E.D.L.G terán lugar un martes de cada mes, de xeito presencial. Celebraranse ademais todas as reunións extraordinarias que sexan necesarias.

[CRITERIOS PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

Ao longo do curso escolar, ao rematar cada actividade, farase unha avaliación da mesma, así mesmo, farase un seguimento do Proxecto lingüístico para comprobar as deficiencias detectadas e promover as melloras que procedan.

No mes de xuño, na memoria anual, recollerase a avaliación do proxecto.

14. ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

[INTRODUCCIÓN

Tal e como se indica no punto 4 do artigo 14º do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, elabórase esta addenda na que se fan constar os seguintes datos.

[INFORMACIÓN SOBRE OS CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN CANTO Á IMPARTICIÓN DE MATERIAS EN LINGUA ESTRANXEIRA.

Ao igual que nos últimos anos, segue en marcha a sección bilingüe (inglés) que se imparte na área de Plástica (1h semanal) en 6º de E. Primaria. Durante este curso escolar 2022/2023, tamén estará presente o francés no nivel de 6º de E. Primaria (1h semanal) como materia de libre configuración.

[LINGUA MATERNA PREDOMINANTE NA EDUCACIÓN INFANTIL E REPARTO DA L. GALEGA E L. CASTELÁ NAS ÁREAS DE PRIMARIA.

Lingua materna predominante na Educación Infantil.

Para o coñecemento da lingua materna predominante entre o alumnado, seguíronse as indicacións da administración para o cumprimento do indicado no decreto 79/2010. Neste senso, levouse a cabo unha reunión coas familias do alumnado que se incorporaba por primeira vez ao centro (3 anos), na que se explicou a función da enquisa cumprimentada durante o proceso de matrícula (modelo oficial) para a determinación da lingua materna do alumnado.

Asemade, e seguindo as indicacións da administración ao respecto, para os restantes niveis (2º e 3º nivel do segundo ciclo de E.I.) tívose en conta a situación lingüística existente no curso anterior, no que xa fora recompilada esta información nas entrevistas iniciais coas familias.

Neste senso tamén temos en conta que, tal como se indicaba no proxecto lingüístico do centro, a lingua habitual do contorno é o galego.

O resultado das enquisas determinou que a lingua materna indicada polas familias do alumnado de 3 anos (4º E.I.) no curso 2022-2023, é a seguinte:

- 5 alumnxs (galego)
- 10 alumnxs (castelán)
- 6 alumnxs (galego/castelán)
- Un alumno/a fala ademais lingua de signos

- Unha familia non contestou a enquisa.

Por outra banda a lingua materna predominante nos restantes niveis, empregada en cursos anteriores, é o galego.

Ante estes resultados, establécese que o galego será empregado como lingua vehicular do noso centro, sen prexuízo das indicacións feitas tanto no Proxecto Educativo, Programación Xeral Anual e Programacións didácticas, para a adquisición de ámbalas linguas cooficiais, e especialmente para o tratamento e uso da segunda lingua na aula.

No tocante á aproximación á lecto-escritura, empregarase a lingua materna de cada alumno/a, agás nos casos nos que se trata de traballos de carácter grupal onde primará a lingua vehicular anteriormente indicada.

Reparto das áreas de Lingua Galega (en azul) e Lingua Castelá (branco) en Educación Primaria.

ÁREAS	Cursos											
	1ºA	1ºB	2ºA	2ºB	3ºA	3ºB	4ºA	4ºB	5ºA	5ºB	6ºA	6ºB
Lingua galega e literatura	4	4	4	4	4	4	4	4	4	4	3	3
Lingua castelá e literatura	4	4	4	4	4	4	4	4	4	4	3	3
Matemáticas	5	5	5	5	5	5	4	4	5	5	5	5
Ciencias sociais	3	3	2	2	2	2	2	2	2	2	3	3
Ciencias da natureza	2	2	2	2	2	2	2	2	2	2	2	2
Lingua estranxeira												
Educación artística Plástica	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1
Educación Música artística	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1
Educación física	2	2	2	2	2	2	2	2	2	2	2	2
Relixión	1	1	2	2	1	1	1	1	1	1	1	1
Valores sociais e cívicos	1	1	2	2	1	1	1	1	1	1	1	1
Libre configuración (Reforzo lingüístico)							1	1				
Libre configuración (francés)												

- No nivel de 6º de Educación Primaria a área de educación artística (plástica), impártese a metade en galego e a metade en inglés.

[INFORMACIÓN E VALORACIÓN DO PROGRAMA DE FOMENTO DA LINGUA GALEGA ELABORADO POLO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Dos oito obxectivos establecidos para o **centro** cómpre seguir traballando o obxectivo A e H do proxecto de fomento do uso do galego por non estar acadados na súa totalidade, principalmente o referido a eliminación dos prexuízos lingüísticos.

Os obxectivos referidos á situación **do profesorado** están acadados na súa totalidade, polo que sería recomendable mantelos en vindeiros cursos.

Os referidos ao **alumnado**, serían dous os obxectivos que non se acadaron dos once establecidos. Sería o obxectivo A e C do proxecto de fomento do uso do galego. Ambos estreitamente vinculados cos dous obxectivos anteriormente sinalados no primeiro apartado. O resto foron acadados e sería recomendable seguilos mantendo en próximos cursos.

Os referidos a situación lingüística do **contorno** estarían todos acadados, agás o último (relacionado cos sinalados nos anteriores apartados) polo que cómpre telo en conta, para seguir traballando nel e acadar un cambio de imaxe da lingua galega de xeito que lle permita acadar cotas máis altas no seu prestixio social.

Nas conclusións ás que chegamos percibimos unha **moi boa implicación** nas actividades de toda a comunidade educativa (alumnos/as, profesorado, dinamizacións, equipo directivo, familias, persoal laboral...) e tamén unha moi boa disposición por parte do concello de Barbadás, asociacións culturais e demais organismos coas que tivemos contacto. Sen embargo, e como sinalamos o comezo deste apartado non se perciben avances en canto a fixación de neofalantes galegos.

Os alumnos/as deben dar o paso de: **saber falar, ler e escribir en galego ao de SON FALANTE GALEGO**. Un falante activo que vai transmitir a lingua e cultura que lle é propia. A día de hoxe, observamos que a oralidade é escasa, a valoración é pouca, o que determina a difícil existencia actual do noso idioma e o seu incerto futuro.

4. PROPOSTAS DE MELLORA.

As liñas de traballo para mellorar a situación sociolingüística do galego deben considerar:

- Manter todos aqueles obxectivos e liñas de actuación que están funcionando e sendo efectivas.
- Manter, e de ser posible, incrementar, a boa implicación de toda a comunidade educativa e a colaboración con outros organismos e institucións que traballan en prol de dinamizar e normalizar a lingua e cultura galega.
- Manter a coordinación co resto das dinamizacións sumando esforzos, recursos e ilusións que revertan na calidade do ensino e que lle devolvan á lingua o prestixio social que lle corresponde.
- Concretar actividades coa ANPA do centro.
- Solicitar ao equipo directivo, ou organismo competente, polo menos unha hora dentro do horario lectivo para que os/as integrantes do EDLG poidan traballar na dinamización, sempre e cando o horario e a lexislación vixente o permita.
- A solicitude de axudas para desenvolver o proxecto e actividades destinadas a promover a **dinamización e normalización do galego** están moi por debaixo do importe solicitado, polo que, dende o EDLG convidamos ao organismo competente a revisar a alza estas axudas.

Esta addenda será incluída no proxecto lingüístico do centro, sendo informada a Comunidade Educativa do seu contido e remitida aos servizos de inspección nos prazos legalmente establecidos.

15 PLAN DE BIBLIOTECA

1) ANÁLISE DA SITUACIÓN

É difícil discutir a necesidade da lectura como medio para formación dun individuo ao longo da súa vida. Dende os centros debemos de facer o posible por seguir as leis ALFIN/AMI e mostrar que a información é importante dende calquera medio. Tamén que cada un debe desenvolverse e comunicarse. Outro punto é que comprendan a discriminar a formación verdadeira. Este proceso é lento e evolutivo, pero vivo e dinámico. Presento, a continuación, unha Análise DAFO do estado actual da biblioteca neste curso 2022/23.




Este curso escolar a biblioteca abrirá para préstamo, experimentos, actividades de dinamización, lecturas individuais e lecturas grupais

O curso pasado solicitamos o PLAMBE pero foi denegado sen sabermos a causa.

2) ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

A coordinación será efectuada por Aurea Caride Crespo, con dúas horas dedicadas á mesma. Para elo contará ao comezos de curso co equipo de mestras/es: Carmen Martínez López; Mercedes Ferreiro Salgado; Héctor Manuel Parga Pereira; Laura Pazos Pascual; Patricia Piñeiro e Cristina Fernández Feijoo. Catro persoas deste equipo, dispoñen dunha garda de biblioteca .

Non esqueceremos os obxectivos de desenvolvemento sostible (que xa comezamos o curso pasado) no noso traballo, presentes na axenda da ONU. Os **ODS**, fixados polas **Nacións Unidas** dentro da **Axenda 2030**, son obxectivos que buscan erradicar a pobreza, a fame, as desigualdades e a destrución do planeta, e se expoñen tanto como unha meta na acción global e internacional como obxectivos no contexto máis próximo e local, a todos os niveis.



Como recursos tecnolóxicos na biblioteca neste intre hai unha tablet, dous portátiles e un ordenador de sobremesa con impresora. Cumpriría invertir un pouco neste eido. Solicitaremos mercar ebooks ou tablets a maiores.

Este curso traballaremos de forma coordinada todas as dinamizacións: Normalización Lingüística, TICS e extraescolares. O tema central que levarán as nosas actividades será reforzar o coñecemento de Filomena Dato, nome do noso centro educativo, e propor esta escritora como opción para a celebración do Día das Letras Galegas. Paralelamente preténdese realizar actividades que promovan a utilización da lingua galega e o coñecemento de escritores e escritoras ourensáns aos que se lle adicaron as Letras

Galegas.

3) OBXECTIVOS DO PLAN

- **Obxectivo principal:**

- Conseguir que a biblioteca sexa un gran centro de recursos e actividades para toda a comunidade educativa.

- **Obxectivos específicos:**

- Formar aos usuarios e usuarias da biblioteca para acceder á información.

- Dar visibilidade á mascota da biblioteca.

- Recolocación dos fondos da biblioteca. Información da idade dos lectores a través de cores.

- Fomentar a implicación do alumnado nos labores de xestión da biblioteca creando un equipo de auxiliares con alumnos e alumnas de 5º-6º de primaria.

- Formar aos alumnos e alumnas que, de forma voluntaria, queiran formar parte do equipo de auxiliares.

- Facilitar a toda a comunidade educativa información sobre quen forma parte do equipo da biblioteca, que funcións desempeña e explicar todo o referente a este espazo (CDU, novidades, actividades, Proxecto Lector, Hora de Ler...)

- Dinamizar e promocionar os recursos da biblioteca.

- Colaborar co EDLG, TICS e EXTRAESCOLARES na realización de actividades culturais e efemérides no deseño, edición e distribución de materiais.

- Colaborar na realización da revista escolar “A lavandeira” co EDLG e TICS.

- Revisar o Proxecto Lector do Centro e contribuir no seu desenvolvemento.

- Abrir a biblioteca en horario extraescolar.

- Ampliar o fondo de recursos audiovisuais, electrónicos e tecnolóxicos.

- Crear un espazo Maker.

- Participar en grupos de traballo, seminarios, PFPP e aquelas outras actividades que sexan necesarias.

- Colaborar con entidades externas ao centro, principalmente coa biblioteca do municipio.

- Facilitar a implicación e acceso das familias á biblioteca

4. INTERVENCIÓN E DINAMIZACIÓN

a) Informar ao profesorado de todo o material que chega ao centro e a súa relación co currículo. Faise a través do correo electrónico, reunións de claustro e blog [DONLIBRO DE PASEO](#).

b) escoitar as suxestións do profesorado para a compra de material que contribúan ao traballo do

currículo.

- c) Charlas puntuais para explicacións sobre temas puntuais: presentacións de propostas, exposición da compra de material, organización de actividades,...
- d) Charlas co alumnado sobre: uso de Internet, recursos do blog, ...
- e) Orientar ao profesorado sobre os diferentes materiais curriculares que pode utilizar na Hora de ler.
- f) Continuar coa actualización do blog: DONLIBRO DE PASEO, cuxo enlace envíaese coas actualizacións ao profesorado.
- g) Exposicións de material sobre temáticas diversas (prensa, tradicións, ...)
- h) A biblioteca é un lugar que proporcionará espazo e recursos para desenvolver as competencias clave.

5. FORMACIÓN DE USUARIOS E ACCESO Á INFORMACIÓN

- a) Charlas formativas e informativas por titoría sobre un correcto uso de Internet.
- b) Durante as horas de biblioteca poden recibir asesoramento sobre as páxinas máis idóneas para consultar ou xogar (sempre con finalidade educativa). Tamén nas horas de ler ou recreos.
- c) Formación sobre todos os recursos que poden atopar a través do blog da biblioteca DONLIBRO DE PASEO: enciclopedias, dicionarios, atlas, xogos educativos,...
- d) Formar alumnado voluntario para recreos.
- e) En setembro e/ou outubro realizar a formación de usuarios para profesorado e alumnado

6. FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR

- 1) Propostas de actividades por centros de interese e en función de datas significativas.
- 2) Xogos nos que o alumnado teña como referencia os libros e a lectura.
- 3) Contar con visitas de contacontos, escritores, ilustradores...
- 4) Participar nas tarefas propostas polas administracións, concello, BNE, Bibliotecas escolares...
- 5) Continuar coas subscricións ás revistas infantís: Caracola, LeoLeo, Wakou, Papagaio e ReporteroDoc.
- 6) Poder realizar exposicións de traballos realizados.
- 7) Mochilas viaxeiras e as bolsas.

7. ACTIVIDADES DE LECTURA

7.1. NA AULA

Debe reinar un clima lector, polo que hai que establecer os tempos e espazos axeitados.

Deben de ler tódolos días, e falaren de lecturas. O noso labor de aconsellos sobre os intereses e necesidades tamén será oportuna.

Despois de pasar unha primeira enquisa ao profesorado para sabermos como van sen as lecturas nas aulas nos atopamos con diversas opcións de lectura: libro dirixido, contacontos, traballa un libro en común, lectura por pracer... Preséntanse a continuación unha serie de actividades para desenvolver na aula:

Educación Infantil:

- Formar a Biblioteca de Aula con libros da biblioteca.
- Realizar as bolsas viaxeiras.
- Sesións de "contacontos".

Educación Primaria:

- Dedicar un tempo diario á lectura dentro da aula: En todas as clases haberá unha biblioteca de aula (que estará formada por unha selección de libros da Biblioteca do e que se pode renovar con frecuencia). Os alumnos poderán elixir o libro que lles guste e poderán lelo.
- Lectura colectiva dun mesmo libro: Nalgúns momentos do curso podemos empregar o tempo de lectura para realizar outras actividades de animación á lectura como as propostas para o Día do Libro ou para preparar a visita dun autor. As fases do desenvolvemento desta actividade poden ser:
 - ➔ Ler o libro en voz alta, aclarando o significado das palabras e expresións que presenten dúbidas.
 - ➔ Comentario oral e resume de cada capítulo.
 - ➔ Ao remate da lectura do libro farase un comentario oral entre todos da historia lida, tendo en conta: argumento, personaxes, lugares onde transcorre a acción, época, costumes, etc.
 - ➔ Cubrir unha ficha técnica do libro en que apareza: título, autor, ilustrador, editorial, argumento e comentario persoal.
 - ➔ Proporcionar ao alumnado un cadro apaisado, dividido en varias viñetas; nelas debuxarán e explicarán as principais escenas do libro lido.
 - ➔ Tamén se pode facer ilustracións sobre libros ou incluso booktubers.
 - ➔ Selección dos traballos e elaborar un mural (físico ou virtual) de exposición cos traballos seleccionados que recollerá: portada, datos do libro, argumento, cómic e debuxos sobre el.
 - ➔ Animalos a que comenten os libros no MEIGA ou no blog.
 - ➔ Se hai posibilidades poremos en marcha as mochilas viaxeiras.

7.2. NA BIBLIOTECA

O alumnado de terceiro a sexto terá o seu recreo para vir a ler, e facer actividades. O alumnado de primeiro e segundo de primaria e infantil poderán ir en horas do equipo da biblioteca ou coa titora. Infantil terá bolsas para levar libros a casa e en primaria miraremos o das mochilas. Haberá un horario no que cada titor/a terá asignada unha hora para poder estar cos seus alumnos e alumnas na biblioteca.

O profesorado indicará os libros que queira levar para a aula e rexistrarémolos no MEIGA. Nos recreos sempre estará algún/ha integrante do equipo da biblioteca.

A Biblioteca participará no desenvolvemento do currículo como un recurso en si mesmo, ofrecendo materiais de forma imprimida e dixital, e recursos a través da súa páxina web “Donlibro de paseo”.

Coidaremos que o alumnado acceda a diversos tipos de textos: blogues, folletos, receitas, entrevistas, normas de xogos...

Este ano mercaremos uns dispositivos de lectura electrónicos.

7.3. NO CENTRO

Tamén é importante crear un clima lector no centro de modo que se perciba a presenza da lectura en torno á Biblioteca Escolar.

As actividades para a promoción da lectura que se desenvolven no Centro son as seguintes:

- Proposta, por parte do Equipo da Biblioteca en colaboración cos outros equipos de dinamización de diversas actividades ao longo do curso relacionadas con distintos centro de interese e conmemoracións.
- HORA DE LER: 15-20 minutos despois do recreo.
- Elaboración das actividades nas distintas aulas.
- Encontro con escritores e ilustradores se a situación sanitaria o permite.
- Proxección de curtas didácticas baseadas en libros de Literatura Infantil e Xuvenil.
- Proxecto a nivel de centro: LETRAS GALEGAS 2023: FILOMENA DATO.
- Dar a coñecer as novidades en zonas de Exposicións.
- Contacontos (membros do equipo de biblioteca relatarán e dramatizarán contos no salón de actos o una biblioteca).
- Celebración de datas significativas en base ao Calendario do Libro e da Lectura.
- Procuraremos involucrar ás familias nestes procesos lectores, e aconsellaremos lecturas.
- Abrir a biblioteca en horario extraescolar para o préstamo ou algunha consulta, para toda a comunidade educativa: luns e xoves de 15:30-17:30; mércores de 15:30-16:30h

Efemérides:

- 19 de outubro: Día das escritoras.
- 24 de outubro: Día da biblioteca
- 20 de novembro: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 07 de decembro: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro: Día da educación
- 30 de xaneiro: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 24 de febreiro: Día de Rosalía de Castro
- 28 de Febreiro ao 3 de marzo: Entroido
- 8 de marzo: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- 21 de marzo: Día da Poesía
- 27 de marzo Día do Teatro
- Do 07 ao 11 de marzo: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 18 e o 22 de abril: Semana do libro.
- 2 de maio: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio: Día de Europa.
- Do 16 ao 20: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño: Día Mundial do Medio Ambiente.

Serán as que realicemos, e son un compendio das sinaladas por bibliotecas escolares, polo calendario escolar e outras.

Terá un mantemento o blog do centro como medio de comunicación e traballo: [DON LIBRO DE](#)

PASEO.

A posta en marcha de todas estas actividades serán, normalmente, previas ao suceso, xa que ás veces non é operativo o mesmo día. Algunhas consistirán en actividades de máis magnitude e outras unhas mencións no blog.

8. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

a) **Criterios:** Ó longo do curso, o Equipo de Dinamización da Biblioteca Escolar, a CCP, e outros órganos, deberán facer un seguimento e avaliación das actuacións que se desenvolven na biblioteca, en relación coa competencia lectora e o fomento do hábito lector.

Valerémonos das seguintes criterios de información:

- A utilización da Biblioteca.
- A Hora de ler.
- O grao de utilización do servizo de préstamo. (Estatística do Meiga)
- A idoneidade das actividades realizadas e dos recursos empregados.
- A colaboración e participación nas actividades organizadas.
- As suxestións dos usuarios, na caixa do correo que hai para tal fin instalado na biblioteca ou por e-mail.
- A temporalización das diferentes actuacións.
- A coordinación que teñamos co profesorado do centro
- A metodoloxía empregada, que busque o fomento da investigación, alfabetización...
- A integración dun tempo dedicado á promoción e comprensión lectora no traballo diario de aula.
- O grao de consecución dos obxectivos propostos.
- O profesorado deberán facer un seguimento do avance nas prácticas lectoras ó longo de todo o curso.

b) Instrumentos:

Comezaremos realizando unha análise DAFO sobre a situación da biblioteca. Realizaremos un novo expurgo. A biblioteca está organizada segundo a CDU, agora haberá que colocar por orde alfabético e por cores.

Realizaremos a primeira reunión do equipo para saber onde están as cousas e facer este plan e ideas.

A realización de enquisas para a comunidade educativa será outro punto para irmos informando de todo.

Toda a información, tanto de carácter cuantitativo como cualitativo ten que ser rexistrada, ao

igual que os préstamos realizados que serán informatizados.

Tamén será necesario coñecer a opinión de todos os sectores implicados, polo que se farán enquisas cando sexa necesario e se valorarán os resultados. Elaboración da memoria final.

9. APOIO AO ALUMNADO CON DIFICULTADES LECTORAS

O apoio aos alumnos xira en torno a dous eixes: a identificación das dificultades lectoras e a intervención temperá que inclúa os apoios e os reforzos. En principio estes alumnxs participarán nas mesmas actividades que os seus compañeirxs, e recibirán a axuda que necesiten en cada caso.

Organízanse clases de apoio para os que presentan algún tipo de problemática que impida o seguimento normal das clases.

Dende a biblioteca promóvese a compra de material adaptado, e xa hai algún libro de BATA, tactos, etc.

O principal obxectivo é converter a biblioteca (e pouco a pouco o centro) nun lugar DUA, coas súas tres redes, nove pautas e vinte e nove puntos de verificación, xa que queda demostrado pola neurociencia que o DUA é máis potente que a inclusión. Apoiaremos a oralidade tamén como expresión, e a canle auditiva.

10. ESPAZO E ATENCIÓN DA BIBLIOTECA

- A nosa biblioteca ten uns 91 m2.
- Ofertaremos a posibilidade de lecturas dixitais das plataformas [Ebiblio](#), [Galiciae](#), [Cervantes](#)
- Dependendo do tempo e as clases, poderemos facer miniclubes de lectura utilizando plataformas dixitais como EDMODO, Aulavirtual, etc.

Hora	Luns	martes	Mércores	xoves	venres
1ª				EI 3A	
2ª	2ºB		5ºB	4ºA	
3ª	6ºA	6ºB		4ºB	5ºA
Recreo					
4ª	1ºA-1ºB	EI 3B			3ºA
5ª		EI 5A	EI 5B	EI 4A-B	2ºB
Tarde					
15:30/17:30					

: 15-20 minutos despois do recreo.

17 PLAN DE DINAMIZACIÓN DAS TIC

CONSTITUCIÓN DO EQUIPO

Os profesores que integran este equipo son:

- Andrés Ramos Ayora-----Dinamizador
- M^a Gemma Atanes Salgado
- M^a Rosa Vázquez Santos
- Luz Álvarez Domínguez
- Jorge Regal Lamelo
- Carmen Mosquera Lorenzo
- Cristalina Pérez González
- Celsa Vide Loureiro

OBXECTIVOS NO CENTRO EDUCATIVO

- Fomentar o uso dos medios informáticos como forma de romper con desigualdades sociais.
- Potenciar o emprego das Tic como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Favorecer o perfeccionamento do profesorado e a súa utilización nas tarefas habituais do Centro.
- Facilitar o acceso a estas ferramentas por parte dos alumnos/as con necesidades educativas especiais e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxe.
- Tratar de conseguir que o alumnado acceda o mundo de Internet con capacidade de procura de información e de tratamento crítico da mesma.
- Potenciar actividades de participación de toda a Comunidade Educativa nas diferentes actividades do Centro: páxina Web, actividades culturais,...
- Achegar a escola á realidade social.

OBXECTIVOS DO PROFESORADO

- Adquirir coñecementos informáticos para poder usar as Tic nas distintas áreas pedagóxicas.
- Crear materiais didácticos en formato dixital.
- Saber consultar e sacar información a través das TIC.
- Publicar na páxina web do centro os traballos realizados, proxectos educativos, ...
- Fomentar a participación en cursos que teñan como obxectivo unha mellora das competencias nas TIC.
- Revisar o Plan TIC do Centro.

OBXECTIVOS DO ALUMNADO

- Coñecer e utilizar as distintas ferramentas informáticas básicas que lles permitirán o uso das Tic no proceso de aprendizaxe.
- Fomentar o traballo cooperativo entre o alumnado.
- Analizar criticamente a información que reciben.
- Adquirir autonomía na aprendizaxe.
- Saber manexar a Aula Virtual do centro nunha situación de ensino non presencial.

OBXECTIVOS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

- Lograr a integración das TIC como un medio dinámico de comunicación, sendo un elemento común de información e contacto entre a Comunidade Educativa.
- Poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica.

18 PLAN DE DINAMIZACIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR

CONSTITUCIÓN DO EQUIPO:

- Celsa Pérez López – Dinamizadora
- Ángel María Gómez Blanco
- Emilio González Rodríguez
- Francisco Javi Iglesias Pérez
- María Belén Rodríguez Zorelle
- María Ángeles Levón Rodríguez
- María Dolores Rodríguez Bolaño
- Patricia Portela Iglesias

OBXECTIVOS

- Lograr unha convivencia positiva entre todos os membros da comunidade educativa:

profesorado, alumnos/as, pais.....

- Concienciar ás familias da importancia da educación en valores.
- Facilitar o coñecemento das normas de convivencia do centro a todos os membros da comunidade educativa.
- Poñer en práctica o Plan de Igualdade.

ACCIÓNS A DESENVOLVER

- Difundir o Plan de Convivencia entre toda a comunidade educativa do centro.
- Acollida ao alumnado e profesorado novo.
- Implicar ás familias na educación en valores.

ACTUACIÓNS

Seguiranse as marcadas no Plan de Convivencia do centro no que se refire a actividades:

- A nivel de centro.
- Destinadas ao profesorado
- Aos/as pais/nais.
- Ao alumnado
- As orixinadas por problemas que afectan gravemente á convivencia no centro.
- Tamén se terá en conta a avaliación trimestral por parte do Observatorio de Convivencia do centro.

COMISIÓN DE CONVIVENCIA

Os seus integrantes son:

- Directora : Patricia Piñeiro Losada
- Xefe de estudos: Cristalina Pérez González
- Orientadora : Celsa Pérez López

Representantes do profesorado:

- Ángel María Gómez Blanco

Representante pais/nais

- Mónica Vázquez Caride

Representantes persoal non docente:

- Patricia Rodríguez Matanza

Representante do concello:

- Margarita Pérez Fernández

OBXECTIVOS

- Buscar propostas de implicación e participación por parte de toda a comunidade educativa no desenvolvemento do plan de convivencia.
- Desenvolver diferentes actividades para a prevención e/ou solución de posibles conflitos, de forma pacífica e conciliadora, que poidan xurdir no ámbito educativo.

19. PLAN DO COMEDOR ESCOLAR

A idade infantil é o período de crecemento e desenvolvemento das persoas. O neon/a ten o protagonismo debido a súa longa expectativa de vida e ademais pola súa capacidade de aprender e transmitir a información a outros nenos e a súa familia. Polo tanto, e como consecuencia, dende a escola temos que divulgar, ensinar a afianzar hábitos e estilos de vida saudables.

Tendo en conta a lexislación vixente :

*DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da

consellería con competencias en materia de educación, que regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

*Instrución 2/2022 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 16 de xuño, sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso 2022-2023.

Os **obxectivos** xerais propostos para o curso 2022/23 son:

1. Desenvolver e fomentar hábitos de alimentación saudable dende a escola, así como as normas básicas de comportamento na mesa.
2. Ensinar un comportamento social e un desenvolvemento de habilidades de convivencia nun comedor escolar.
3. Proporcionar unha alimentación variada para garantir a inxestión suficiente e adecuada de nutrientes e enriquecela capacidade de adaptación do neno ós diferentes alimentos, sabores e texturas.
4. Educar á familia a través dos hábitos dietéticos adecuados dos nenos.
5. Dar a importancia educativa dunha alimentación sana e variada, incluíndo o peixe e as verduras maioritariamente.
6. Empregar a páxina web do centro como canle de comunicación inmediato deste servizo.

En canto á elaboración dos menús escolares os obxectivos xerais que se espera acadar son:

- Continuar cos menús escolares de acordo ás recomendacións nutricionais e dietéticas para a idade preescolar, escolar e adolescente.
- Ter en conta as tradicións culinarias da nosa comunidade pero tamén elaborar novos pratos que permitan mellorar o perfil nutricional dos nenos/as e sempre seguindo as últimas recomendacións científicas.
- Consumir alimentos frescos, de temporada e de proximidade , evitando as graxas saturadas e utilizando aceite de oliva. Non se servirán pratos precociñados.
- Fomentar o consumo de hortalizas, verduras e froitas, peixe e legumes e, cando se consuma carne, será magra.

- Presentar os alimentos condimentados de xeito atractivo e sinxelo, moderando o consumo de azucre, sal, fritos e salsas.
- Seguir as guías alimentarias recomendadas en termos de porcións e frecuencias, para cada grupo de idade.
- Adecuar os menús á época do ano. Outono e inverno con potaxes, caldos, cremas,... Primavera e verán con ensaladas variadas e cremas frías.
- Elaborar, se fose necesario, menús dirixidos ó alumnado con necesidade nutricionais específicas (celíacos, alérxicos,...) que requiren de restricción dietética.

Concluindo, podemos sinalar que o obxectivo nutricional máis importante na idade infantil e xuvenil, é acadar un crecemento, desenvolvemento e estado de saúde e benestar óptimo, e aí é onde a escola poderá incidir para conseguir unha mellora dos hábitos nutricionais do noso alumnado.

Durante o presente curso establecerase unha quenda de comedor, cun total de 10 filas de mesas onde se mezclará a certo alumnado para unha mellor convivencia e organización no comedor. Manteranse os grupos por cursos, especialmente o alumnado de educación infantil, aínda que se mezclará con alumnado de 5º e 6º de educación primaria. O resto de alumnado estará maioritariamente co seu grupo e nivel, aínda que sempre mezclaremos a nenas e nenos do grupo A e B e algún outro neno, con fin dunha mellor convivencia.

Durante esta quenda @s alumn@s estarán asistid@s por oito colaborador@s de comedor, seguindo as indicacións da encargada de comedor (Laura Pazos Pascual).

20 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares estará formado por: a coordinadora do equipo (Laura Pazos Pascual) e os coordinadores dos equipos docentes: Carmen Martínez Lopez, María Dolores Rodríguez Bolaño, Lorena Fernández Rodríguez, Gemma Atanes Salgado.

Os **obxectivos propostos** son:

1. Favorecer a educación integral do alumnado a través da súa participación nas distintas actividades propostas.
2. Educar na globalidade, favorecendo unha aprendizaxe competencial e integral, a través das distintas actividades propostas.
3. Favorecer as aprendizaxes significativas, coa variedade de actividades propostas: culturais, educativas, lúdicas, deportivas...
4. Fomentar o coñecemento das tradicións e festas populares do noso contorno e motivar ao alumnado na participación das mesmas.
5. Concienciar ao alumnado sobre diferentes temas a través da celebración das distintas conmemoracións.
6. Colaborar cos distintos equipos do centro na realización de actividades propostas polos mesmos: Magosto, Nadal, Entroido,...

Celebraranse as fixadas no calendario escolar e todas aquelas que se acorden das propostas polos distintos equipos do centro ou profesores/as.

1. Faranse tanto dentro coma fóra do horario lectivo, previo consentimento por escrito, dos titores/as legais.
2. Informarase, antes da realización de calquera actividade, a todos os profesores/as do nivel para valorar a idoneidade da mesma e as posibles interferencias coas actividades docentes, e de ser o caso, aceptación ou rexeitamento da actividade.
3. Os mestres e mestras que propoñan a actividade, xunto ca coordinadora de actividades extraescolares, serán os encargados/as da programación da mesma.

4. Habará actividades complementarias de custo cero, outras asumidas polo centro e outras de pago.

Conmemoracións de obrigado cumprimento e recollidas no calendario escolar:

- 20 de novembro de 2022: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2022: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2022: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2022: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2022: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2023: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2023: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2023: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2023: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2023: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 6 ao 10 de marzo de 2023: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 1 de abril de 2023: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2023: Día Mundial da Saúde.
- Do 17 ao 21 de abril de 2023: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2023: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2023: Día de Europa.
- Do 15 ao 19 de maio de 2023: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2023: Día Mundial do Medio Ambiente.

PVAD: PROXECTA

O PVAD "CEIP Filomena Dato" 2022/2023, Proxectos de Vida Activa e Deportiva, consiste nun programa enmarcado dentro dos Plan Proxecta, da "Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades", relacionado cos hábitos de vida activa e saudable e o fomento da practica diaria de actividade física no centro escolar.

O obxectivo principal é crear e potenciar un centro educativo máis activo, dinámico, saudable e inclusivo, onde toda a comunidade educativa se vexa implicada.

O noso centro comezou a súa participación e creación do proxecto no pasado curso académico 2021-22, onde se conseguiron moitos dos obxectivos propostos. Neste vindeiro curso académico 2022-23, queremos continuar co proxecto, mellorando as nosas propostas e alcanzando novos obxectivos.

A saúde, a actividade física, o deporte e o movemento seguirán sendo os pilares básicos deste proxecto, sempre ligados a educación, a diversión, o dinamismo, a inclusión, a aprendizaxe cooperativa e as experiencias significativas. O BLOG e as TICS seguirán sendo unha das principais vías de comunicación e difusión do proxecto, onde se pode ver reflexado o traballo do curso anterior.

Persoa coordinadora: Laura Pazos Pascual. ***Mestres participantes:*** Hector Parga, Andrés Ramos Ayora, Jorge Regal Lamelo, Carmen Martinez, Patricia Piñeiro Losada, Aaron Bernardez Pérez, Rosa Mª Losada Rodriguez, Aurea Caride Crespo, Cristina Fernandez Feijo.

As actividades organizaranse en **4 ÁMBITOS TEMPORAIS:**

* FÓRA DO CENTRO E FÓRA DO HORARIO LECTIVO: actividades e recursos subidos ao BLOG para realizar actividades en familia; enquisas sobre saúde, hábitos, alimentación, difusión de eventos a través do BLOG e fomento da participación en eventos extraescolares.

* DENTRO DO CENTRO E DENTRO DO HORARIO LECTIVO:

- Recreos activos (horario con actividades e xogos para facer nos recreos por grupos/ cursos e espazos). Celebración de datas especiais e eventos comunitarios: semana deporte, día actividade física. SUBPROGRAMAS: MÓVETE + E XOGADE.

* FÓRA DO CENTRO E DENTRO DO HORARIO LECTIVO: participación en XOGADE (Deporte escolar- campo a través...), actividades do concello...

*DENTRO DO CENTRO E FÓRA DO HORARIO LECTIVO:

- Apertura de instalacións para uso deportivo, apertura da Biblioteca; horario extraescolar d actividades físicas e deportivas .

21. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS OU PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

Este curso solicitamos participar dentro do "Plan Proxecta" na modalidade "Proxecto de vida activa deportiva PVAD".

Tamén participaremos no programa de Voz Natura "**Horto escolar**", e en proxectos que xurdan e sexan de interese para o centro.

Solicitaremos dentro dos Contratos-Programa aqueles que nos resulten motivadores e supoñan unha mellora do nivel de coñecementos.

O profesorado asistirá tamén aos cursos organizados polo CFR de Ourense, entre eles, a nova aplicación Proens para a elaboración das programacións, según a nova lei Lomloe.

Este ano implantarase o Plan Dixital elaborado e aprobado o curso pasado.

22. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

DESCRICIÓN DAS INSTALACIÓNS

PLANTA BAIXA

Nesta planta baixa, ou soto, atópanse:

- 3 aulas de E. Infantil (4º ed.infantil A/B, 5º ed.infantil A)
- 1 aula de psicomotricidade
- comedor escolar xunto coa cociña e os almacéns

PRIMEIRA PLANTA

Nesta planta, atópanse:

- Salón de actos
- Aula de PT
- Conserxería
- Aula de informática
- Biblioteca

- Despachos (secretaría, xefatura de estudos e dirección)
- Sala de Mestres

SEGUNDA PLANTA

Nesta planta atópanse:

- 3 aulas de E. Infantil (5º ed.infantil B, 6º ed.infantil A/B)
- 2 aulas de 1º Nivel de E. Primaria
- 2 aulas de 2º Nivel de E. Primaria
- 2 aulas de 3º Nivel de E. Primaria
- 1 aula de AL

TERCEIRA PLANTA

Nesta planta atópanse:

- 2 aulas de 4º Nivel de E. Primaria
- 2 aulas de 5º Nivel de E. Primaria
- 2 aula de 6º Nivel de E. Primaria
- Aula de Inglés
- Aula de Música
- Despacho de Orientación
- 1 aula de AL
- Aula de Relixión.

UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS

As instalacións serán empregadas pola comunidade educativa segundo marque a lexislación vixente e as NOF, é dicir:

A totalidade das instalacións descritas veñen sendo utilizadas durante o normal desenvolvemento das actividades escolares, tanto na súa faceta pedagóxica como na administrativa.

Fora do horario lectivo, as instalacións poden ser utilizadas pola ANPA: para reunión de pais e nais; para as clases das diferentes actividades propostas...

As instalacións tamén poderán ser utilizadas para as actividades sen ánimo de lucro, solicitadas, coa aprobación do Consello Escolar.

23. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

O Centro conta cun plan de autoprotección que se elaborou e renovou no curso 2021/22. Faremos un simulacro coa colaboración de Protección Civil do Concello.

24. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

As actividades extraescolares propostas pola A.N.P.A. este ano 2022/23, para todos os cursos, desde 4º de infantil ata 6º de primaria, son as seguintes:

- Luns de 15:30 a 16:30 h: patinaxe con maesse bike.
- Mércores de 15:30 a 16:30 h: defensa persoal

25. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

Avaliamos para mellorar e esa vai ser a finalidade fundamental da avaliación. A **Comisión de Coordinación Pedagóxica** valorará:

- As Programacións Didácticas, o plan de orientación académica e profesional, e de acción tutorial e as adaptacións curriculares.
- Proporá e elaborará directrices e asegurará a coherencia dos proxectos, plans e programacións.

O **Consello Escolar** aproba a PXA, sen prexuízo das competencias do **Claustro do profesorado**, en relación coa planificación e organización docente.

26. AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA DE 3º CURSO DE ED. PRIMARIA

Durante o curso 2022/23 a realización das avaliacións dependerán do que propoña a Consellería de Educación. Na CCP, coma sempre, valoraranse os resultados acadados e faranse propostas de mellora.

27. PROPOSTAS DE ACCIÓNS DE MELLORA DO RESULTADO DA AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA DE 3º CURSO

O punto de partida serán os resultados da avaliación individualizada de 3º curso, se se leve a cabo. Reunidas as respectivas comisións de avaliación e, á vista dos resultados das competencias avaliadas, emitirase un primeiro informe para que nas reunións de nivel e da CCP se elaboren as propostas de mellora que posteriormente se aprobarán no Claustro e Consello escolar.

28. LIBROS DE TEXTO



Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso
2022/23

Código de centro: 32016789	Denominación do centro: CEIP FILOMENA DATO	
Enderezo: Rúa do Ensino, 4, A Valenzá	Concello: Barbadás	Provincia: Ourense
Correo electrónico: ceip.filomena.dato@edu.xunta.gal	Teléfono:988244869	

Curso	Area Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
4º Infant.		¡MMM..PALOMITAS! 1ºTRIMESTRE	978-84-9189-530-5	Castelán
5º Infant.		FLOCOS DE MILLO , 1º TRIMESTRE. ED Xerais	978-84-9121-346-8	Galego
		PENSAR,PENSAR 4 anos. Ed. Algaida	978-84-9067-385-0	Castelán
		CUADERNO DE LECTOESCRITURA LETRILANDIA Nº 1. PAUTA MONTESORI. Ed. Edelvives	978-84-2637-139-3	Castelán
6º Infant		Caderno de lectoescritura O PAÍS DAS LETRAS nº 2, Pauta Montessori Ed.Edelvives	978-84-1516-587-3	Galego
		Caderno de lectoescritura O PAÍS DAS LETRAS nº 3, Pauta Montessori Ed.Edelvives	978-84-1516-589-7	Galego
		Libro de lectura O PAÍS DAS LETRAS nº1, Ed.Edelvives	978-84-2635-775-5	Galego
		A AVENTURA DOS NÚMEROS Nº 5, Ed.Parainfo	978-84-4031-244-0	Galego
		A AVENTURA DOS NÚMEROS Nº6, Ed.Parainfo	978-84-4031-245-7	Galego
		A AVENTURA DOS NÚMEROS Nº7 Ed.Parainfo	978-84-403-1252-5	Galego
		ARCHIE´ S.WORLD PLAY AND LEARN B 5 anos	978-0-19-490128-4	Inglés

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso
2022/2023

Código de centro:32016789	Denominación do centro:CEIP FILOMENA DATO	
Enderezo:Rúa do Ensino,4 A Valenzá	Concello: Barbadás	Provincia:Ourense
Correo electrónico: ceip.filomena.dato@edu.xunta.gal	Teléfono:988244869	

Curso	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
1º Prim.	Matemáticas	CONSTRUYENDO MUNDOS. Mochila Ligera. Ed Santillana	978-84-680-7131-2	Castelán
	L.Castelá	CONSTRUYENDO MUNDOS.Primeros pasos PAUTA. Ed. Santillana	978-84-680-7160-2	Castelán
	L.Galega	CONSTRUINDO MUNDOS(1-2)Ed Santillana	978-84-918-5532-3	Galego
	L. Galega	CONSTRUINDO MUNDOS.Lectoescritura.Pauta.Ed. Santillana	978-84-9185-399-2	Galego
	C. Sociais	CIENCIAS SOCIAIS 1 Ed SM (Revoa) 2022	978-84-9854-876-1	Galego
	C.Naturais	CIENCIAS DA NATUREZA 1 Ed. SM (Revoa)2022	978-84-9854-881-5	Galego
	Inglés	ALL ABOUT US NOW. Ed Oxford.2021	978-0-19-407422-3	Inglés
	Música	MÚSICA 1 .Operación Mundo. Ed Anaya.2022	978-84-698-9710-2	Galego
	Relixión	RELIGIÓN CATÓLICA 1 .COMUNIDAD LANIKAI. Ed. Vicens Vives.2022	978-84-682-8315-9	Castelán
2º Prim.	Matemáticas	MATEMÁTICAS 2 .Saber Hacer Contigo .ML.,Ed. Santillana, 2018	978-84-680-4747-8	Castelán
	L.Castelá	LENGUA 2 Saber Hacer Contigo ML Ed. Santillana 2018	978-84-680-4746-1	Castelán
	L.Galega	LINGUA 2. Saber facer contigo. Ed Obradoiro Santillana.2019	978-84-9185-062-5	Galego
	C.Sociais	CIENCIAS SOCIAIS 2.ZOOM Ed. Vicens Vives, 2018	978-84-682-5600-9	Galego
	C. Naturais	CIENCIAS DA NATUREZA 2 .ZOOM. Ed.Vicens Vives 2018	978-84-682-5599-6	Galego
	Inglés	ALL ABOUT US 2 Class Book Pack Ed. Oxford.2017	978-0-19-456236-2	Inglés
	Música	Galicia. Peza a peza. Ed.Anaya 2018	978-84-698-4003-0	Galego
Relixión	RELIGIÓN CATÓLICA."NUESTRA CASA"2 Ed. SM.2018	978-84-910-7647-6	Castelán	

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso
2022/2023

Código de centro:32016789	Denominación do centro: CEIP FILOMENA DATO	
Enderezo: Rúa do Ensino, 4 A Valenzá	Concello: Barbadás	Provincia: Ourense
Correo electrónico: ceip.filomena.dato@edu.xunta.gal	Teléfono:988244869	

Curso	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
3º Prim.	Matemáticas	MATEMÁTICAS 3. Operación Mundo. Ed Anaya .2022	978-84-698-9961-8	Castelán
	L. Castelá	LENGUA CASTELLANA, Proyecto Construyendo mundos. Ed Santillana 2022	978-84-680-7201-2	Castelán
	L. Galega	LINGUA +. Tarefas e destrezas comunicativas. Ed Santillana.Obradoiro. 2022	978-84-9185-545-3	Galego
	C. Sociais	CIENCIAS SOCIAIS 3. Revoa. Comunidade Zoom. Ed SM Xerme 2022	978-84-985-4878-5	Galego
	C. Naturais	CIENCIAS NATURAIS 3. Revoa. Comunidade Zoom. Ed SM Xerme 2022	978-84-985-4879-2	Galego
	Inglés	POPTROPICA ENGLISH ISLANDS : PUPIL'S BOOK .Ed Pearson.2021	978-84-205-7404-2	Inglés
	Inglés	POPTROPICA ENGLISH ISLANDS : ACTIVITY BOOK. Ed Pearson..2021	978-84-205-7405-9	Inglés
	Música	MÚSICA 3.Operación Mundo. Ed Anaya.2022	978-84-143-0170-8	Galego
	Relixión	RELIGIÓN CATÓLICA 3 .COMUNIDAD LANIKAI. Ed. Vicens Vives.2022	978-84-682-8316-6	Castelán
4º Prim	Matemáticas	APRENDER ES CRECER 4º.Ed. Anaya	978-84-678-7781-6	Castelán
	L. Castelá	SABER HACER 4º . Ed SANTILLANA 2015	978-84-680-2956-6	Castelán
	L. Galega	SABER FACER 4º. Ed. SANTILLANA 2015	978-84-9972-616-8	Galego
	C. Sociais	AULA ACTIVA, C. SOCIAIS 4º. Ed. Vicens Vives 2015	978-84-682-2898-3	Galego
	C. Naturais	AULA ACTIVA, C. NATURAIS 4º. Ed. Vicens Vives 2015	978-84-682-2843-3	Galego
	Inglés	QUEST 4 Activity pack.Ed. Macmillan.2014	978-02-304-7870-1	Inglés
	Inglés	QUEST 4 Pupil's book.Ed. Macmillan.2014	978-02-304-7774-2	Inglés
	Música	CADERNO DE TRABALLO. MELODÍA 4. Galinova 2015	978-84-9737-241-1	Galego
	Relixión	RELIGIÓN CATÓLICA 4º. Ed Anaya. 2015	978-84-678-8395-4	Castelán



Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso
2022/2023

Código de centro:32016789	Denominación do centro: CEIP FILOMENA DATO	
Enderezo: Rúa do Ensino, 4 A Valenzá	Concello: Barbadás	Provincia: Ourense
Correo electrónico: ceip.filomena.dato@edu.xunta.gal	Teléfono:988244869	

Curso	Area Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
5º Prim.	Matemáticas	MATEMÁTICAS 5. Operación Mundo. Ed Anaya.2022	978-84-143-0238-5	Castelán
	L. Castelá	LENGUA 5.Construyendo mundos.Ed Santillana.2022	978-84-680-7200-5	Castelán
	L. Galega	LINGUA 5. Construindo mundos. Ed Santillana Obradoiro.2022	978-84-9185-412-8	Galego
	C. Sociais	CIENCIAS SOCIAIS 5. Revoa. Ed SM Xerne.2022	978-84-9854-880-8	Galego
	C. Naturais	CIENCIAS NATURAIS 5. Revoa. Ed SM Xerne.2022	978-84-985-4877-8	Galego
	Inglés	POPTROPICA ENGLISH ISLANDS : ACTIVITY BOOK.Ed Pearson.2021	978-84-205-7413-4	Inglés
	Relixión	RELIGIÓN CATÓLICA 5 .COMUNIDAD LANIKAI. Ed. Vicens Vives.2022	978-84-682-8317-3	Castelán
	Caderno Mates	Matemáticas 5. Cuaderno 1.Ed Anaya.2022	978-84-143-0240-8	Castelán
	Caderno Mates	Matemáticas 5. Cuaderno 2.Ed Anaya.2022	978-84-143-0241-5	Castelán
	Caderno Mates	Matemáticas 5. Cuaderno 3.Ed Anaya.2022	978-84-143-0242-2	Castelán
	Caderno Lengua	Lengua Castellana 5. Cuaderno 1º trim.Construyendo Mundos.Ed Santillana.2022	978-84-680-7754-3	Castelán
	Caderno Lengua	Lengua Castellana 5. Cuaderno 2º trim. .Construyendo Mundos Ed Santillana.2022	978-84-680-7751-2	Castelán
	Caderno Lengua	Lengua Castellana 5. Cuaderno 3º trim. .Construyendo Mundos Ed Santillana.2022	978-84-680-7740-6	Castelán

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso
2022/23

Código de centro: 32016789	Denominación do centro: CEIP FILOMENA DATO	
Enderezo: Rúa do Ensino, 4, A Valenzá	Concello: Barbadás	Provincia: Ourense
Correo electrónico: ceip.filomena.dato@edu.xunta.gal	Teléfono:988244869	

6º Prim	Matemáticas	MATEMÁTICAS 6. Aprender es crecer. Ed Anaya.2015	978-84-678-8303-9	Castelán
	L. Castelá	LENGUA CASTELLANA 6. SABER HACER. Ed. Santillana.2015	978-84-680-1511-8	Castelán
	L. Galega	LINGUA 6. Aprender a crecer. Ed. Anaya 2015	978-84-678-3511-3	Galego
	C. Sociais	CIENCIAS SOCIAIS 6. Aula activa.Ed. Vicens Vives.2015	978-84-682-2852-5	Galego
	C. Naturais	CIENCIAS DA NATUREZA 6.Ed SI 2015	978-84-9854-531-9	Galego
	Inglés	GREAT EXPLORERS 6 CB REV SARAH PHILIPS. Ed. Oxford.2015	978-0-19-482050-9	Inglés
	Inglés	GREAT EXPLORERS 6 AB REV SARAH PHILIPS. Ed. Oxford.2014	978-0-19-450798-1	Inglés
	Relixión	RELIGIÓN CATÓLICA 6º Ed. Anaya 2015	978-84-678-8404-3	Castelán

29 CONCRECIÓN ANUAL PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. INTRODUCCIÓN

O Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro recolle as liñas xerais que enmarcan a atención á diversidade e as actuacións a desenvolver para a adecuación da resposta educativa á totalidade do alumnado do centro.

Ao comezo de cada curso o departamento de orientación elaborará a proposta da concreción anual deste Plan coas actuacións e medidas específicas que se desenvolverán ao longo do curso e que formará parte da programación xeral anual. (Art.11.4 do D 229/2011, do 7 de decembro).

No presente documento recóllense as principais medidas de atención á diversidade a desenvolver clasificadas en ordinarias e extraordinarias, os profesores/as responsables de cada actuación, os alumnos/as aos que van dirixidas e a duración previsible. Estas actuacións constitúen o punto de partida polo que poden modificarse ao longo do curso para adaptarse aos cambios que se produzan.

A descrición das mesmas e a normativa que as desenvolve e/ou recolle figura no PXAD.

2. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE CURSO 2022/2023

TIPO	MEDIDAS	RESPONSABLE	DESTINATARIOS	DURACIÓN PREVISIBLE
ORD	Reforzo educativo e apoio de profesorado de dispoñibilidade horaria	Profesorado das distintas áreas	Alumnos/as con dificultades	Conforme á evolución do alumno/a. A criterio do profesor.
ORD	Diversificación e adecuación de instrumentos, tempos e procedementos de avaliación	Todo o profesorado deste alumnado	ANEAE	Todo o curso

ORD	Plan específico de reforzo ou recuperación e apoio para repetidores. Plan específico de recuperación para alumnado que promove de curso con algunha área con cualificación negativa	Profesorado das áreas correspondentes	Alumnos/as repetidores/con áreas non superadas	Conforme á evolución do alumno/a. A criterio do profesor/a.
ORD	Aula de atención educativa e convivencia	Profesorado nas horas de convivencia	Alumnado disruptivo	Todo o curso
ORD	Outras actuacións: metodoloxía, organización de espazos, diversificación de recursos, etc	Profesorado das distintas áreas	Todo o alumnado	Todo o curso
ORD	Programas de enriquecemento curricular	Profesor titor/a	Alumnos/as con altas capacidades	Todo o curso
EXT	Apoio PT	Mestras/es de PT	ANEAE	Todo o curso

EXT	Apoio AL	Mestre/as de AL	ANEAE	Todo o curso
EXT	ACS	Xefe de estudos, orientadora, profesorado das distintas áreas e de apoio especializado	ANEE	Elaboración setembro 2020 Posta en práctica e seguimento todo o curso
EXT	Adquisición da lingua	Mestra/e de AL	Alumna/o ITSE	Conforme á evolución da alumna/o

3 ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

Durante este curso están funcionando, dúas aulas de Pedagogía Terapéutica (unha con afín AL) e unha aula de Audición e Linguaxe. Xunto con estes especialistas o profesorado con dispoñibilidade horaria realiza reforzos nas diferentes aulas de EP.

As estratexias metodolóxicas de atención a este alumnado figuran na programación de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe.

Cóntase cun coidador da Administración que presta axuda a tres alumnos que necesitan especial atención polas súas características.

No mes de outubro realizarase a avaliación do alumnado que accede a 1º de EP, ademáis de colaborar cos titores/as na avaliación inicial do alumnado de 4º de EI.

4 SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Ao remate do curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o DO elaborará a memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporarase á memoria do DO e, en consecuencia, á memoria anual do centro (Art. 13.2 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro).

